

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

6789 *Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

ÍNDICE

- Capítulo I. Disposicións xerais.
 - Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.
 - Artigo 2. Definicións.
 - Artigo 3. Obxectivos da resolución.
 - Artigo 4. Principios de resolución.
 - Artigo 5. Valoración.
- Capítulo II. Actuación temperá.
 - Sección 1.^a Planificación da actuación temperá.
 - Artigo 6. Plan de recuperación.
 - Sección 2.^a Axuda financeira intragrupo.
 - Artigo 7. Acordos de axuda financeira dentro dun grupo.
 - Sección 3.^a Actuación temperá.
 - Artigo 8. Condicións para a actuación temperá.
 - Artigo 9. Medidas de actuación temperá.
 - Artigo 10. Intervención ou substitución provisional de administradores como medida de actuación temperá.
 - Artigo 11. Seguimento das medidas de actuación temperá e información ás autoridades de resolución.
 - Artigo 12. Coordinación das medidas de actuación temperá en grupos de entidades da Unión Europea.
- Capítulo III. Fase preventiva da resolución.
 - Sección 1.^a Planificación da resolución.
 - Artigo 13. Plans de resolución.
 - Artigo 14. Plans de resolución de grupo.
 - Sección 2.^a Avaliación de resolubidade.
 - Artigo 15. Avaliación da resolubidade de entidades.
 - Artigo 16. Avaliación da resolubidade de grupos.
 - Artigo 17. Obstáculos á resolubidade de entidades.
 - Artigo 18. Obstáculos á resolubidade de grupos.

Capítulo IV. Resolución.

- Artigo 19. Condicións para a resolución.
- Artigo 20. Concepto de entidade inviable.
- Artigo 21. Apertura do proceso de resolución.
- Artigo 22. Substitución do órgano de administración e dos directores xerais ou asimilados como medida de resolución.
- Artigo 23. Contido da decisión relativa á iniciación dos procesos de resolución.
- Artigo 24. Obrigacións de notificación e publicación.

Capítulo V. Instrumentos de resolución.

Sección 1.^a Instrumentos de resolución.

- Artigo 25. Definición dos instrumentos de resolución e regras xerais.
- Artigo 26. Venda do negocio da entidade.
- Artigo 27. Entidade ponte.
- Artigo 28. Sociedade de xestión de activos.
- Artigo 29. Réxime da transmisión de activos.
- Artigo 30. Réxime de supervisión das sociedades de xestión de activos.

Sección 2.^a Operacións de recapitalización.

- Artigo 31. Operacións de recapitalización con utilización dos recursos do Fondo de Resolución Nacional.
- Artigo 32. Accións ordinarias ou achegas ao capital social.
- Artigo 33. Instrumentos convertibles en accións ordinarias ou achegas ao capital social.
- Artigo 34. Réxime especial da subscripción ou adquisición por parte do FROB dos instrumentos de recapitalización.

Capítulo VI. Amortización e conversión de instrumentos de capital e recapitalización interna.

Sección 1.^a Disposicións xerais.

- Artigo 35. Amortización e conversión de instrumentos de capital e recapitalización interna.
- Artigo 36. Importe da recapitalización.
- Artigo 37. Efectos da amortización e conversión dos instrumentos de capital e a recapitalización interna.

Sección 2.^a Amortización e conversión de instrumentos de capital.

- Artigo 38. Amortización e conversión de instrumentos de capital.
- Artigo 39. Regras para a amortización ou conversión dos instrumentos de capital.

Sección 3.^a Recapitalización interna.

- Artigo 40. Recapitalización interna.

Sección 4.^a Pasivos admisibles para a recapitalización interna.

- Artigo 41. Pasivos admisibles para a recapitalización interna.
- Artigo 42. Pasivos obrigatoriamente excluídos da recapitalización interna.
- Artigo 43. Pasivos susceptibles de exclusión da recapitalización interna por decisión do FROB.
- Artigo 44. Determinación do requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles.
- Artigo 45. Eliminación dos obstáculos que impidan a recapitalización interna.

- Artigo 46. Recoñecemento contractual da recapitalización interna.
- Sección 5.^a Aplicación do instrumento de recapitalización interna.
- Artigo 47. Tratamento dos accionistas.
- Artigo 48. Secuencia e regras especiais da recapitalización interna.
- Artigo 49. Plan de reorganización de actividades.
- Sección 6.^a Outras contribucións á recapitalización interna.
- Artigo 50. Condicións para a contribución do Fondo de Resolución Nacional.
- Artigo 51. Fontes alternativas de financiamento.
- Capítulo VII. FROB.
- Sección 1.^a Natureza, composición e réxime xurídico.
- Artigo 52. FROB.
- Artigo 53. Mecanismos de financiamento e dotación orzamentaria.
- Artigo 54. Comisión Reitora.
- Artigo 55. Presidente.
- Artigo 56. Control parlamentario.
- Artigo 57. Cooperación e coordinación con outras autoridades competentes nacionais.
- Artigo 58. Cooperación e coordinación con outras autoridades internacionais.
- Artigo 59. Deber de segredo.
- Artigo 60. Aplicación da normativa de competencia.
- Artigo 61. Adopción de recomendacións internacionais.
- Sección 2.^a Facultades do FROB.
- Artigo 62. Facultades do FROB.
- Artigo 63. Facultades mercantís.
- Artigo 64. Facultades administrativas xerais.
- Artigo 65. Carácter executivo das medidas.
- Artigo 66. Exclusión de determinadas condicións contractuais na actuación temperá e na resolución.
- Artigo 67. Transmisión parcial de activos e pasivos.
- Artigo 68. Medidas de urxencia.
- Artigo 69. Publicidade.
- Artigo 70. Facultades de suspensión de contratos e garantías.
- Capítulo VIII. Réxime procesual.
- Artigo 71. Accións contra as decisións e acordos do FROB adoptadas no exercicio das súas facultades mercantís previstas no artigo 63.
- Artigo 72. Especialidades do recurso contra as decisións e actos administrativos ditados no marco de procesos de actuación temperá e resolución.
- Artigo 73. Especialidades do recurso contra as decisións e actos administrativos ditados en materia de amortización ou conversión de instrumentos de capital e recapitalización interna.
- Artigo 74. Imposibilidade de execución de sentenza ditada nos recursos contencioso-administrativos a que se refiren os artigos 72 e 73.
- Capítulo IX. Réxime sancionador.
- Sección 1.^a Disposicións xerais.
- Artigo 75. Disposicións xerais.
- Artigo 76. Competencia para a instrución de expedientes.
- Artigo 77. Prescrición de infraccións e sancións.

Sección 2.^a Infraccións.

- Artigo 78. Clases de infraccións.
- Artigo 79. Infraccións moi graves.
- Artigo 80. Infraccións graves.
- Artigo 81. Infraccións leves.

Sección 3.^a Sancións.

- Artigo 82. Sancións.
- Artigo 83. Sancións pola comisión de infraccións moi graves.
- Artigo 84. Sancións pola comisión de infraccións graves.
- Artigo 85. Sancións pola comisión de infraccións leves.
- Artigo 86. Sancións aos que exerzan cargos de administración ou de dirección pola comisión de infraccións moi graves.
- Artigo 87. Sancións aos que exerzan cargos de administración ou de dirección pola comisión de infraccións graves.
- Artigo 88. Sancións aos que exerzan cargos de administración ou de dirección pola comisión de infraccións leves.
- Artigo 89. Criterios para a determinación de sancións.
- Artigo 90. Responsabilidade dos cargos de administración ou dirección.
- Artigo 91. Nomeamento temporal de membros do órgano de administración.

Sección 4.^a Normas xerais de procedemento.

- Artigo 92. Procedemento para a imposición de sancións.
- Artigo 93. Executividade das sancións e impugnación en vía administrativa.

Disposición adicional primeira. Estrutura e funcionamento das autoridades de resolución preventiva.

Disposición adicional segunda. Prazo para dotación do Fondo de Resolución Nacional.

Disposición adicional terceira. Réxime xurídico aplicable ás garantías constituídas a favor do FROB e do Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.

Disposición adicional cuarta. Mecanismo Único de Resolución e Fondo Único de Resolución.

Disposición adicional quinta. Conservación de rexistros de contratos financeiros polas entidades.

Disposición adicional sexta. Integración dos fondos de garantía de depósitos en caixas de aforros, establecementos bancarios e cooperativas de crédito.

Disposición adicional sétima. Referencias á Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito.

Disposición adicional oitava. Autoridade de resolución española no ámbito do Mecanismo Único de Resolución.

Disposición adicional novena. Entidades financeiras e outro tipo de sociedades.

Disposición adicional décima. Plans xerais de viabilidade.

Disposición adicional décimo primeira. Constitución da Comisión Reitora do FROB.

Disposición adicional décimo segunda. Capital autorizado para a conversión de instrumentos de capital en caso de se producir unha circunstancia desencadeante.

Disposición adicional décimo terceira. Persoal do Banco de España no FROB.

Disposición adicional décimo cuarta. Réxime aplicable en caso de concurso dunha entidade.

Disposición adicional décimo quinta. Efectos dos procesos de actuación temperá e de resolución sobre a continuidade das actividades dunha entidade.

Disposición adicional décimo sexta. Taxa polas actividades realizadas polo FROB como autoridade de resolución.

Disposición adicional décimo sétima. Réxime xurídico do Instituto de Crédito Oficial.

Disposición transitoria primeira. Réxime aplicable a determinados procedementos de reestruturación, recuperación e resolución.

Disposición transitoria segunda. Normas sobre recapitalización interna.

Disposición transitoria terceira. Procedementos administrativos e xudiciais iniciados con anterioridade á entrada en vigor.

Disposición transitoria cuarta. Achegas anuais ao compartimento de garantía de depósitos.

Disposición transitoria quinta. Devindicación da taxa polas actividades realizadas polo FROB como autoridade de resolución durante o ano 2015.

Disposición transitoria sexta. Adaptación ás novidades da Directiva 2013/50/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2013.

Disposición transitoria sétima. Aplicación da disposición derradeira primeira e do Regulamento (UE) n.º 909/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, sobre a mellora da liquidación de valores na Unión Europea e os depositarios centrais de valores e polo que se modifican as directivas 98/26/CE e 2014/65/UE e o Regulamento (UE) n.º 236/2012.

Disposición derogatoria.

Disposición derradeira primeira. Modificación da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

Disposición derradeira segunda. Modificación da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

Disposición derradeira terceira. Modificación da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición derradeira cuarta. Modificación da Lei 41/1999, do 12 de novembro, sobre sistemas de pagamentos e de liquidación de valores.

Disposición derradeira quinta. Modificación da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

Disposición derradeira sexta. Modificación da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.

Disposición derradeira sétima. Modificación do Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo, de reformas urxentes para o impulso á produtividade e para a mellora da contratación pública.

Disposición derradeira oitava. Modificación da Lei 6/2005, do 22 de abril, sobre saneamento e liquidación das entidades de crédito.

Disposición derradeira novena. Modificación do Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital.

Disposición derradeira décima. Modificación do Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, polo que se crea o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.

Disposición derradeira décimo primeira. Modificación da Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.

Disposición derradeira décimo segunda. Modificación da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito.

Disposición derradeira décimo terceira. Modificación da Lei 22/2014, do 12 de novembro, pola que se regulan as entidades de capital risco, outras entidades de investimento colectivo de tipo cerrado e as sociedades xestoras de entidades de investimento colectivo de tipo cerrado, e pola que se modifica a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.

Disposición derradeira décimo cuarta. Títulos competenciais.

Disposición derradeira décimo quinta. Incorporación de dereito da Unión Europea.

Disposición derradeira décimo sexta. Facultade de desenvolvemento.

Disposición derradeira décimo sétima. Entrada en vigor.

PREÁMBULO

I

A crecente complexidade do sistema financeiro, debido ao tamaño das entidades que o integran, á maior sofisticación dos produtos con que operan, así como á súa elevada interconexión, exige dos poderes públicos que contén con mecanismos e poderes reforzados para afrontar a potencial situación de dificultade en que se poden encontrar as entidades de crédito ou as empresas de servizos de investimento, respectando a idea esencial, que subxace a todo o articulado da lei, de evitar todo impacto aos recursos dos contribuíntes.

Durante a crise financeira dos últimos anos, a maioría dos países desenvolvidos experimentaron, en maior ou menor grao, o enorme reto que supón levar a cabo a resolución dunha entidade de crédito dunha maneira ordenada e sen pór en xogo diñeiro público. O anterior puxo de manifesto que é necesario incluír nos ordenamentos xurídicos potestades específicas que permitan ás autoridades públicas xestionar un proceso, o de resolución da entidade, dunha maneira enérxica e áxil ao mesmo tempo, con respecto aos dereitos dos accionistas e acredores, pero partindo do principio de que son estes, e non os cidadáns cos seus impostos, os que deben absorber as perdas da resolución.

A concreción desta nova rama da regulación financeira articulouse progresivamente a partir das experiencias dos últimos anos en procesos de resolución de entidades e da actividade coordinadora dos foros internacionais con competencia en política financeira, e cristalizou nunha serie de principios que, en última instancia, sustentan o articulado desta lei e que, pola súa importancia, convén explicitar preliminarmente.

Un principio básico do cal parte a lei é que os tradicionais procedementos concursais, levados a cabo en vía xudicial, non son, en moitos casos, útiles para levar a cabo a reestruturación ou peche dunha entidade financeira inviable. Dados o seu tamaño, a complexidade e singularidade das súas fontes de financiamento, que inclúe depósitos legalmente garantidos, e a súa interconexión con outras entidades, a liquidación ordinaria dunha entidade financeira dificilmente podería evitar danos irreparables ao sistema financeiro e á economía dun país. Polo tanto, resulta necesario articular un procedemento especial, rigoroso e flexible ao tempo, que permita ás autoridades públicas dotarse de poderes extraordinarios en relación coa entidade falida e cos seus accionistas e acredores. Un procedemento, en suma, que permita un seguimento estreito e continuado sobre a entidade sobre a que se vai resolver por parte da autoridade de resolución, e que estea exclusivamente enfocado cara á función de resolvela eficientemente.

Do anterior deriva a distinción entre a liquidación e a resolución dunha entidade financeira. Neste sentido, a liquidación dunha entidade financeira alude á finalización das súas actividades no marco dun proceso xudicial ordinario, proceso que se dará principalmente no caso de entidades que, polo seu reducido tamaño e complexidade, sexan susceptibles de ser tratadas baixo este réxime sen menoscabo do interese público; mentres que a resolución dunha entidade financeira é un proceso singular, de carácter administrativo, polo que se xestionaría a inviabilidade daquelas entidades de crédito e empresas de servizos de investimento que non se poida acometer mediante a súa liquidación concursal por razóns de interese público e estabilidade financeira.

O réxime establecido nesta lei constitúe, en consecuencia, un procedemento administrativo, especial e completo, que procura a máxima celeridade na intervención da entidade, co fin de facilitar a continuidade das súas funcións esenciais, ao tempo que se minimiza o impacto da súa inviabilidade no sistema económico e nos recursos públicos.

O segundo principio xeral, integrado nesta lei, é o da necesaria separación entre funcións supervisoras e resolutorias co declarado fin de eliminar o conflito de intereses en que podería incurrir a autoridade supervisora en caso de desempeñar, ao mesmo tempo, as facultades de resolución. O mandato clásico das autoridades supervisoras consiste en asegurar o cumprimento da normativa que disciplina a actividade das entidades e, especialmente, da normativa de solvencia, coa finalidade última de protexer a estabilidade financeira. Sobre este mandato, engádesse agora un novo chamado a garantir que se unha

entidade se torna en incapaz de manterse activa polos seus propios medios, a pesar da regulación e supervisión tradicionais, o seu peche producírase coas mínimas distorsións sobre o conxunto do sistema financeiro e, en particular, sen impacto ningún nas finanzas públicas. É o momento de articular unha nova función público-financeira dirixida a garantir que as entidades sexan, de facto, liquidables sen que arrastre un impacto económico de tal magnitude que poida prexudicar o conxunto da economía. Non se trata, por tanto, dun simple enfoque supervisor innovador, senón dunha nova área de intervención pública que, de maneira autónoma, exixirá ás entidades o exercicio da súa actividade de tal forma que a súa resolución resulte factible e respectuosa co interese xeral, no suposto en que a supervisión tradicional resulte insuficiente.

Neste punto convén destacar que o interese da supervisión é, ante todo, o da continuidade da entidade, mentres que o da resolución está máis centrado na liquidación daquelas partes dela que resulten inviables. Esta diferenza de enfoques nas tarefas que se realizarán aconsella que ambas as funcións se realicen á vez con independencia e con leal colaboración entre os responsables da supervisión e da resolución. Para atender estes principios e ao mesmo tempo non afectar os procesos de reestruturación e resolución aínda pendentes de culminación, esta lei establece un modelo que distingue entre as funcións de resolución en fase preventiva, que se encomendan ao Banco de España e á Comisión Nacional do Mercado de Valores, e que se exercerán a través de órganos internos que funcionen con independencia operativa, e as funcións de resolución en fase executiva, que se asignan ao FROB. Sen prexuízo do anterior, unha vez culminados os procesos actualmente en marcha e tendo en conta a experiencia do Mecanismo Único de Resolución e das autoridades de resolución dos Estados membros da Zona do Euro, e a evolución da situación financeira, avaliarase este modelo institucional en prol dunha maior eficiencia.

Un terceiro principio que toma en consideración esta lei, e que é igualmente froito dunha experiencia compartida cos países da nosa contorna, é a conveniencia de que se articulen de maneira exhaustiva tanto unha fase preventiva como unha fase de actuación temperá dentro do proceso resolutorio. Trátase, dun lado, de integrar na vida ordinaria das entidades a reflexión continuada sobre a súa resolubilidade, é dicir, que, á marxe de calquera dificultade operativa, os seus xestores dediquen esforzos e atención a garantir que se a entidade ten que ser resolta nun momento determinado, a súa estrutura ou forma de funcionamento permitirían realizar tal resolución sen pór en risco a estabilidade financeira, a economía e, moi especialmente, os depósitos e o diñeiro público. E, doutro lado, trata de facer especial fincapé na necesidade de permitir que as autoridades de supervisión e resolución actúen sobre unha entidade desde un primeiro momento, cando a entidade aínda é solvente e viable. Nesta fase temperá tanto a intervención pública como os axustes da propia entidade resultarán, normalmente, moito máis eficaces, que se se producen xa nun contorno de deterioración máis grave. Un traballo rigoroso en ambas as liñas de actuación, tanto a planificación preventiva como a actuación temperá, debe facilitar necesariamente unha resolución previsible e ordenada das entidades, que é o que menos impacto terá nos mercados financeiros.

Partindo destes criterios inclúe a lei un conxunto verdadeiramente amplo e contundente de medidas preventivas tales como os plans de recuperación e resolución, as medidas de actuación temperá ou a análise da resolubilidade, que incluso alcanza a posibilidade de que a autoridade de resolución impoña a entidades perfectamente solventes a adopción de modificacións estruturais, organizativas, na súa liña de negocio, ou doutro tipo, se for necesario, para garantir que no caso de que a entidade debeña inviable, a súa resolución se poida facer de maneira ordenada e sen custos para o contribuínte.

Finalmente, e como cuarto principio que sustenta a lei, afróntase a necesidade de que todo o esquema de resolución de entidades descansa de maneira crible nunha asunción de custos que non supere os límites da propia industria financeira. É dicir, os recursos públicos e dos cidadáns non se poden ver afectados durante o proceso de resolución dunha entidade, senón que son os accionistas e acredores ou, de ser o caso, a industria, os que deben asumir as perdas. Para iso é imprescindible definir os recursos que se

utilizarán para financiar os custos dun procedemento de resolución, que en ocasións son enormemente elevados. Esta lei, en liña co establecido nos países da nosa contorna, deseña tanto os mecanismos internos de absorción de perdas polos accionistas e acredores da entidade en resolución como, alternativamente, a constitución dun fondo de resolución financiado pola propia industria financeira.

Merece unha mención especial o instrumento de recapitalización interna, tradución legal do termo inglés «bail in», que debuxa o esquema de absorción de perdas por parte dos accionistas e acredores da entidade. A súa finalidade última é internalizar o custo da resolución na propia entidade financeira, de modo que, coa máxima seguridade xurídica, os seus acredores coñezan o impacto que sobre eles tería a inviabilidade da entidade. Perséguese, en definitiva, resolver o vello problema das garantías públicas implícitas que protexerían os acredores daquelas entidades que, pola súa relevancia no sistema financeiro, non serían en ningún caso liquidadas. Para iso, utilízase un medio que é á vez un fin en si mesmo e un dos principios reitores desta lei: a especial protección dos depósitos bancarios. En caso de recapitalización interna da entidade, estes serán os últimos créditos que se poidan ver afectados e, ademais, quedarán cubertos nunha importante medida polo Fondo de Garantía de Depósitos, de tal forma que a inmensa maioría dos depositantes quede indemne en caso de resolución dunha entidade de crédito. Por outro lado, constituirase o Fondo de Resolución Nacional, chamado a integrarse nun futuro próximo nun fondo de escala europea e sufragado *ex ante* polas contribucións das propias entidades de crédito. Este fondo poderá complementar o efecto da recapitalización interna e o resto de instrumentos de resolución que prevé a norma e, de ser o caso, poderá ser utilizado para flexibilizar ou completar a asunción de perdas por parte dos accionistas e acredores.

A existencia destes instrumentos resolve a cuestión de como deberá ser sufragada a resolución dunha entidade de crédito e articula un procedemento para a adecuada distribución dos custos; aposta, ademais, por que ese financiamento se fará, en primeiro lugar, a cargo da entidade afectada e, secundariamente, do resto de entidades, baixo o entendemento de que estas tamén obteñen un beneficio se a resolución doutra entidade se realiza de maneira ordenada; e, en definitiva, dunha maneira que minimiza o risco moral en que incorren as entidades se presumen que serán rescatadas por medio de recursos do contribuínte, outorga credibilidade ao principio de que os custos da resolución dunha entidade non poden recaer sobre o orzamento público.

II

A comprensión da estrutura e contido desta lei só pode ser completa se sumamos aos principios descritos anteriormente outras dúas circunstancias importantes. Por un lado, a dimensión esencialmente europea da norma, en canto que esta lei supón a transposición do dereito da Unión Europea sobre a resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento. E, por outro lado, a continuidade que esta lei representa respecto á Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, a que parcialmente derroga.

En primeiro lugar, a lei acomete a transposición ao ordenamento xurídico español da Directiva 2014/59/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, pola que se establece un marco para a reestruturación e a resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, e pola que se modifican a Directiva 82/891/CEE do Consello, e as directivas 2001/24/CE, 2002/47/CE, 2004/25/CE, 2005/56/CE, 2007/36/CE, 2011/35/UE, 2012/30/UE e 2013/36/UE, e os regulamentos (UE) n.º 1093/2010 e (UE) n.º 648/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, que é, pola súa vez, unha das normas que contribúen á constitución do Mecanismo Único de Resolución, creado mediante o Regulamento (UE) n.º 806/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de xullo de 2014, polo que se establecen normas uniformes e un procedemento uniforme para a resolución de entidades de crédito e de determinadas empresas de servizos de investimento no marco dun Mecanismo Único de Resolución e un Fondo Único de

Resolución e se modifica o Regulamento (UE) n.º 1093/2010, onde este é un dos piares da chamada unión bancaria.

Na Unión Europea experimentáronse os efectos da crise financeira nunhas condicións moi particulares derivadas da maior integración dos seus mercados financeiros e da concorrencia da crise da débeda soberana dentro da unión monetaria. Esta situación complexa conduciu o conxunto dos Estados membros da Unión a impulsar decididamente unha maior integración da normativa financeira, e os Estados membros da Zona do Euro a afondar na idea de unión bancaria como garantía dun auténtico mercado bancario interior sometido a idénticas regras e supervisado polas mesmas autoridades.

Este impulso integrador, sen precedentes desde a creación da moeda única, non se restrinxiu á área da supervisión prudencial tradicional, senón que se estendeu coa mesma forza ao ámbito da resolución de entidades financeiras. Neste sentido, do mesmo modo que no ámbito supervisor se avanzou decididamente na harmonización da normativa de adecuación de capitais (tomando como referencia os acordos de Basilea III) e se constituíu o Mecanismo Único de Supervisión, baixo o auspicio do Banco Central Europeo, no campo da resolución de entidades, a directiva mencionada harmoniza plenamente as regras nesta materia e abre a vía á constitución dun Mecanismo Único de Resolución europeo que, para os Estados membros da Zona do Euro, conformará a autoridade única sobre a materia.

Con esta lei, polo tanto, lévase a cabo a transposición da Directiva 2014/59/UE, do 15 de maio de 2014, así como da Directiva 2014/49/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, relativa aos sistemas de garantías de depósitos, e introdúcese aquelas previsións que permiten a correcta articulación e coordinación do sistema español de resolución e o europeo, que deberá estar plenamente operativo a partir do ano 2016. Así, a lei regula a colaboración entre as autoridades de resolución europeas, no caso de que se resolva unha entidade que opere en diferentes Estados membros da Unión, e a representación das autoridades españolas de resolución no Mecanismo Único de Resolución.

En segundo lugar, é importante destacar que esta norma entronca claramente cunha regulación previamente vixente e operativa en España. En efecto, esta lei é herdeira da Lei 9/2012, do 14 de novembro, en cuxa elaboración xa se consideraron os traballos preparatorios que daquela existían da hoxe Directiva 2014/59/UE, do 15 de maio de 2014. Asíntase sobre idénticos principios, replica boa parte da súa estrutura e articulado e non se debe entender, en consecuencia, senón como un instrumento que, ao tempo que refunde toda a regulación, completa o dereito previo naquelas áreas do dereito da Unión Europea que aínda non estaban incorporadas ao noso ordenamento. Así, dáse cumprimento a unha das prescricións contidas naquela lei de resolución, en cuxa exposición de motivos xa se prevía que «no momento en que se avancen os traballos desenvolvidos nos foros internacionais e, especialmente, cando no ámbito da Unión Europea se acorde un texto final de directiva sobre rescate e resolución de entidades de crédito, a presente norma será adaptada á nova normativa».

A Lei 9/2012, do 14 de novembro, mostrouse robusta desde a súa aprobación no marco do programa de asistencia a España para a recapitalización do sector financeiro, ao ser o marco legal empregado para levar a cabo o maior proceso de reestruturación financeira da historia do noso país, durante o cal os seus preceptos foron aplicados con eficacia por parte da autoridade de resolución e consolidados progresivamente pola doutrina xurisdiccional, no contorno de inevitable litixiosidade que envolve este tipo de procesos.

Por iso, o lexislador opta con esta lei por dar a maior continuidade posible tanto ao contido como á estrutura da Lei 9/2012, do 14 de novembro, completando só aquilo que a correcta transposición da Directiva 2014/59/UE, do 15 de maio de 2014, fai imprescindible. Os aspectos que neste texto resultan máis innovadores pódense agrupar en tres áreas. En primeiro lugar, refórzase a fase preventiva da resolución, pois todas as entidades, e non só as inviables, deberán contar cos plans de recuperación e resolución. En segundo lugar, a absorción de perdas que na antiga lei alcanzaba unicamente até a denominada débeda

subordinada, a través dos instrumentos de xestión de híbridos, afectará coa nova lei todo tipo de acredores, articulando para o efecto un novo réxime de máxima protección aos depositantes. E, por último, constitúese un fondo específico de resolución que estará financiado por medio de contribucións do sector privado.

Pódese sinalar, en suma, que naqueles aspectos en que esta lei diverxe da Lei 9/2012, do 14 de novembro, o fai para garantir unha maior absorción de perdas por parte dos accionistas e acredores da entidade, e outorgar unha maior protección aos depositantes e aos recursos públicos.

O feito de que esta lei opte pola derogación da lei previa en vez de modificala non obedece senón ao esforzo que o lexislador vén realizando nos últimos tempos por mellorar a sistematicidade e a claridade das normas financeiras.

III

A estruturación por capítulos desta norma replica na súa maior parte, polas razóns mencionadas anteriormente, a da Lei 9/2012, do 14 novembro, que foi aplicada con éxito durante os últimos anos e coa cal se deu resposta ás necesidades do sector bancario durante a crise financeira.

O capítulo I contén as disposicións de carácter xeral e especifica o obxecto, o ámbito de aplicación e as definicións dos grandes conceptos da lei. Como gran novidade substantiva, a diferenza da normativa anterior e en liña coa directiva que se traspón, esta lei é de aplicación non só ás entidades de crédito senón tamén ás empresas de servizos de investimento.

Isto implica que as referencias ao supervisor competente deben ser entendidas feitas ao Banco de España, no caso de resolución de entidades de crédito, e á Comisión Nacional do Mercado de Valores, no suposto de resolución de empresas de servizos de investimento. Todo iso sen prexuízo de que, en ocasións, o supervisor competente ou a autoridade de resolución serán as institucións, organismos e órganos europeos constituídos como autoridades únicas de supervisión e resolución.

Por outro lado, distínguese neste capítulo entre as funcións de resolución en fase preventiva e executiva. As primeiras corresponden ao Banco de España e á Comisión Nacional do Mercado de Valores, a través dos órganos operativamente independentes que determinen, e as segundas ao FROB.

O capítulo II regula o procedemento de actuación temperá, entendido como aquel que se aplicará a unha entidade cando esta non poida cumprir coa normativa de solvencia pero estea en disposición de retornar ao cumprimento polos seus propios medios. Un dos principais instrumentos da actuación temperá son os plans de recuperación que deberán ser elaborados por todas as entidades. Se baixo a anterior norma os plans soamente debían ser elaborados por aquelas entidades que estaban atravesando dificultades, agora esa obriga esténdese a todas as entidades, pois ten un carácter eminentemente preventivo.

O capítulo III recolle a definición e o proceso de elaboración dos plans de resolución, que conterán as medidas que o FROB, en principio, aplicará en caso de que a entidade resulte finalmente inviable e non proceda a súa liquidación concursal. Nestes plans exclúese por completo a existencia de apoio financeiro público.

Neste capítulo recóllese tamén a capacidade que terá a autoridade de resolución preventiva para sinalar a concorrencia de obstáculos para a resolución e, de ser o caso, a facultade de impor ás entidades medidas para a súa eliminación.

No capítulo IV regúlase o procedemento de resolución entendido como aquel que se aplica a unha entidade cando sexa inviable ou sexa previsible que o vaia ser nun futuro e por razóns de interese público e estabilidade financeira sexa necesario evitar a súa liquidación concursal. No articulado deste capítulo determínase como se produce a apertura do proceso de resolución. Para iso, será necesario que o FROB ou a autoridade supervisora competente determinen que unha entidade se encontra en situación de inviabilidade. Posteriormente, será o FROB quen analizará se se dá o resto de circunstancias que deben concorrer para iniciar o procedemento de resolución.

A partir dese momento, o FROB activará, como mellor considere, pero tendo en conta os plans de resolución, os distintos instrumentos de resolución que se recollen no capítulo V. Coa excepción da recapitalización interna á cal, polas súas particularidades, se lle dedica o seguinte capítulo ao completo, o resto de instrumentos xa estaban recollidos na Lei 9/2012, do 14 de novembro. Esta lei, non obstante, complementa e perfecciona a regulación de acordo coa normativa europea.

Os instrumentos de resolución son, en primeiro lugar, a transmisión da entidade ou parte dela a un suxeito privado para protexer os servizos esenciais. En segundo lugar, a creación dunha entidade ponte a que se transfira a parte salvable da entidade en resolución. E, en terceiro lugar, a creación dunha sociedade de xestión de activos a que se transfiren os activos danados da entidade en resolución.

Inclúense tamén neste capítulo algunhas disposicións sobre a utilización do Fondo de Resolución Nacional no contexto da aplicación dos instrumentos de resolución, sen prexuízo da regulación xeral que a este fondo dedica o capítulo VII.

O capítulo VI destínase á chamada recapitalización interna. Trátase dunha novidade moi substantiva entre os instrumentos de resolución. O seu obxectivo último é, como xa se avanzou, minimizar o impacto da resolución sobre os contribuíntes e asegurar unha adecuada distribución dos custos entre accionistas e acredores.

A gran novidade deste instrumento, tal e como se regula na lei, é que permite impor perdas a todos os niveis de acredor da entidade, e non só até o nivel de acredores subordinados, como recollía a Lei 9/2012, do 14 de novembro. Nos termos previstos na lei, poderase acudir ao Fondo de Resolución para completar ou substituír a absorción de perdas por parte dos acredores.

Esta necesidade de impor perdas a accionistas e acredores é compatible coa especial protección aos depósitos á cal xa se fixo referencia. Con esta lei, os depósitos garantidos de menos de 100.000 euros manteñen a garantía directa do Fondo de Garantía de Depósitos e, ademais, contarán cun tratamento preferente máximo na xerarquía de acredores. Así mesmo, os depósitos de persoas físicas ou pequenas e medianas empresas terán recoñecida preferencia como acredores, só inferior á outorgada aos depósitos de menos de 100.000 euros.

O capítulo VII introduce lixeiras novidades na composición do FROB, dado que amplía o número de membros da súa Comisión Reitora e crea a figura do presidente como o seu máximo representante, encargado da súa dirección e xestión ordinaria, cun mandato de cinco anos non prorrogables e cunhas causas de cesamento taxadas. Tamén se incorpora un membro da Comisión Nacional do Mercado de Valores, debido á extensión do ámbito subxectivo de aplicación da lei.

Outra das grandes novidades, consecuencia da transposición da directiva, é a creación dun Fondo de Resolución Nacional. Este fondo terá como finalidade financiar as medidas de resolución que execute o FROB, quen exercerá a súa xestión e administración. O Fondo estará financiado polas achegas das entidades de crédito e das empresas de servizos de investimento, e os seus recursos financeiros deberán alcanzar, ao menos, o 1 por cento dos depósitos garantidos de todas as entidades.

A partir do 1 de xaneiro de 2016, cando a Autoridade Única de Resolución Europea estea plenamente operativa e o Fondo de Resolución Nacional se fusione co resto de fondos nacionais dos Estados membros da Zona do Euro nun Fondo Único de Resolución Europeo, as entidades de crédito españolas realizarán as súas achegas a este Fondo Europeo, e o Fondo de Resolución Nacional quedará unicamente para as empresas de servizos de investimento.

Por último, os capítulos VIII e IX recollen dous réximes específicos, un procesual e outro sancionador, respectivamente. No primeiro régulanse as particularidades dos recursos contra os actos ditados polo FROB e das decisións adoptadas nos procesos de actuación temperá e resolución. O capítulo IX pecha a lei regulando un réxime sancionador propio para as entidades e as persoas que desempeñen cargos de administración ou dirección nelas, no caso de que infrinxan as obrigacións previstas nesta lei.

Na parte final da norma, entre as disposicións adicionais, recóllese o réxime aplicable aos depósitos en caso de que unha entidade de crédito entre en concurso. Este réxime outorga un tratamento preferente máximo na xerarquía de acredores aos depósitos garantidos polo Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito, e un privilexio xeral a todos os depósitos de pemes e persoas físicas. Esta é unha novidade moi relevante na regulación concursal española, que afianza o nivel de máxima protección dos depósitos bancarios. Tamén, en relación co réxime concursal das entidades, se fai unha referencia aos diferentes niveis de subordinación que poden existir dentro do grupo de créditos que por pacto contractual son designados como subordinados pola normativa concursal, o cal se limita a recoller a práctica que é habitual no noso ordenamento xurídico e acorde coa normativa de solvencia de distinguir diferentes graos de subordinación dentro dun mesmo tipo de créditos, sempre que non se faga en prexuízo doutros acredores.

Entre as disposicións derradeiras inclúese unha modificación do réxime xurídico do Fondo de Garantía de Depósitos, consecuencia da transposición da Directiva 2014/49/UE, do 16 de abril de 2014, que harmoniza o funcionamento destes fondos a escala europea. Dado que a directiva establece que as funcións que poden desempeñar os sistemas de garantía de depósitos deben limitarse á cobertura dos depósitos ou ao financiamento das medidas de actuación temperá ou de resolución, o Fondo de Garantía de Depósitos dividiuse en dous compartimentos estancos: o compartimento de garantía de depósitos, cuxos fondos se destinarán ás tarefas encomendadas pola directiva, e o compartimento de garantía de valores, que asume o resto de funcións atribuídas anteriormente ao Fondo de Garantía de Depósitos. Ademais, establécese un nivel obxectivo mínimo que deberán alcanzar os recursos do compartimento de garantía de depósitos, que será do 0,8 por cento dos depósitos garantidos. Este nivel poderase reducir ao 0,5 por cento logo de autorización da Comisión Europea.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Esta lei ten por obxecto regular os procesos de actuación temperá e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento establecidas en España, así como establecer o réxime xurídico do FROB como autoridade de resolución executiva e o seu marco xeral de actuación, coa finalidade de protexer a estabilidade do sistema financeiro minimizando o uso de recursos públicos.

2. Esta lei será de aplicación ás seguintes entidades:

a) Ás entidades de crédito e empresas de servizos de investimento establecidas en España.

b) Ás entidades financeiras establecidas en España, distintas de entidades aseguradoras e reaseguradoras, que sexan filiais dunha entidade de crédito ou dunha empresa de servizos de investimento, ou dunha entidade recollida nas letras c) ou d), e estean reguladas pola supervisión consolidada da empresa matriz, de conformidade cos artigos 6 a 17 do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, sobre os requisitos prudenciais das entidades de crédito e das empresas de investimento, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012.

Igualmente, será de aplicación ás entidades financeiras establecidas en España, distintas de entidades aseguradoras e reaseguradoras, que sexan filiais das empresas incluídas na letra c) que estean establecidas en calquera país da Unión Europea ou na letra d).

c) Ás sociedades financeiras de carteira, ás sociedades financeiras mixtas de carteira e ás sociedades mixtas de carteira, establecidas en España.

d) Ás sociedades financeiras de carteira e ás sociedades financeiras mixtas de carteira matrices doutros Estados membros da Unión Europea cuxa supervisión en base consolidada corresponda a algún dos supervisores competentes previstos no artigo 2.1.b).

e) Ás sucursais de entidades incluídas na letra a) que estean establecidas fóra da Unión Europea, de conformidade coas condicións específicas establecidas nesta lei.

3. Non será de aplicación o previsto nesta lei ás empresas de servizos de investimento:

- a) cuxo capital social mínimo legalmente exixido sexa inferior a 730.000 euros, ou
- b) cuxa actividade reúna as seguintes características:

1.º Prestar unicamente un ou varios dos servizos ou actividades de investimento enumerados no artigo 63.1.a), b), d) e g) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

2.º Non estar autorizadas a prestar o servizo auxiliar a que se refire o artigo 63.2.a) da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

3.º Non poder ter en depósito diñeiro ou valores dos seus clientes e, por esta razón, non poder estar nunca en situación debedora respecto dos ditos clientes.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos desta lei enténdese por:

a) Entidade: as entidades previstas no artigo 1.2.a), salvo que expresamente se dispoña o contrario.

b) Supervisor competente: o Banco de España e o Banco Central Europeo, dentro do Mecanismo Único de Supervisión, como autoridades responsables da supervisión das entidades de crédito; e a Comisión Nacional do Mercado de Valores, como autoridade responsable da supervisión das empresas de servizos de investimento.

c) Autoridade de resolución preventiva: o Banco de España, en relación coas entidades de crédito, e a Comisión Nacional do Mercado de Valores, en relación coas empresas de servizos de investimento, en ambos os casos a través dos seus respectivos órganos operativamente independentes, como autoridades responsables da fase preventiva da resolución.

d) Autoridade de resolución executiva: o FROB, como autoridade responsable da fase executiva da resolución.

e) Autoridades de resolución competentes: a autoridade de resolución preventiva e a autoridade de resolución executiva competentes.

f) Actuación temperá: o procedemento aplicable a unha entidade, de conformidade co previsto no capítulo II, cando incumpra ou existan elementos obxectivos conforme os cales resulte razoablemente previsible que non poida cumprir coa normativa de solvencia, ordenación e disciplina, pero se encontre en disposición de retornar ao cumprimento polos seus propios medios.

g) Fase preventiva da resolución: o conxunto de procedementos e medidas que, coa finalidade de garantir a resolubilidade e facilitar a eventual resolución dunha entidade, se recollen no capítulo III.

h) Resolución: reestruturación ou liquidación ordenadas dunha entidade levadas a cabo con suxeición a esta lei cando, de conformidade co previsto no capítulo IV, a entidade sexa inviable ou sexa previsible que o vaia ser nun futuro próximo, non existan perspectivas razoables de que medidas procedentes do sector privado poidan corrixir esta situación e, por razóns de interese público e estabilidade financeira, resulte necesario evitar a súa liquidación concursal.

i) Fase executiva da resolución: o conxunto de procedementos e medidas que, coa finalidade de xestionar a resolución dunha entidade, se recollen nos capítulos IV a VI.

j) Apoio financeiro público extraordinario: as axudas previstas no artigo 107.1 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, así como calquera outra axuda pública a

escala supranacional co fin de preservar ou restablecer a viabilidade, a liquidez ou a solvencia dunha entidade que, proporcionada a nivel nacional, teña a consideración de axuda de Estado.

k) Sociedade financeira de carteira: unha sociedade financeira de carteira tal como se define no artigo 4.1.20 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013.

l) Sociedade financeira mixta de carteira: unha sociedade financeira mixta de carteira tal como se define no artigo 2.7 da Lei 5/2005, do 22 de abril, de supervisión dos conglomerados financeiros e pola que se modifican outras leis do sector financeiro.

m) Sociedade mixta de carteira: unha sociedade mixta de carteira tal como se define no artigo 4.1.22 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013.

n) Grupo: unha entidade matriz, unha sociedade financeira de carteira matriz ou unha sociedade financeira mixta de carteira matriz, e as súas filiais.

ñ) Conglomerado financeiro: un conglomerado financeiro tal como se define no artigo 2.1 da Lei 5/2005, do 22 de abril.

o) Sistema institucional de protección: mecanismo que cumpra os requisitos establecidos no artigo 113.7 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013.

2. Así mesmo, serán de aplicación, para os efectos do previsto nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento, as definicións contidas no artigo 3 do Regulamento (UE) n.º 806/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de xullo de 2014, polo que se establecen normas uniformes e un procedemento uniforme para a resolución de entidades de crédito e de determinadas empresas de servizos de investimento no marco dun Mecanismo Único de Resolución e un Fondo Único de Resolución e se modifica o Regulamento (UE) n.º 1093/2010.

Artigo 3. *Obxectivos da resolución.*

Os procesos de resolución de entidades perseguirán os seguintes obxectivos, ponderados de forma equivalente e segundo as circunstancias presentes en cada caso:

a) Asegurar a continuidade daquelas actividades, servizos e operacións cuxa interrupción podería perturbar a prestación de servizos esenciais para a economía real ou a estabilidade financeira e, en particular, os servizos financeiros de importancia sistémica e os sistemas de pagamento, compensación e liquidación, tendo en conta o tamaño, a cota de mercado, as conexións internas ou externas, a complexidade ou carácter transfronteirizo da entidade ou do seu grupo.

b) Evitar efectos prexudiciais para a estabilidade do sistema financeiro, previndo o contaxio das dificultades dunha entidade ao conxunto do sistema e mantendo a disciplina de mercado.

c) Asegurar a utilización máis eficiente dos recursos públicos, minimizando os apoios financeiros públicos que, con carácter extraordinario, poida ser necesario conceder.

d) Protexer os depositantes cuxos fondos están garantidos polo Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito e os investidores cubertos polo Fondo de Garantía de Investimentos.

e) Protexer os fondos reembolsables e demais activos dos clientes das entidades.

A consecución dos citados obxectivos procurará, en todo caso, minimizar o custo da resolución e evitar toda destrución de valor, excepto cando sexa imprescindible para alcanzar os obxectivos da resolución.

Artigo 4. *Principios da resolución.*

1. Os procesos de resolución estarán baseados, na medida necesaria para asegurar o cumprimento dos obxectivos recollidos no artigo anterior, nos seguintes principios:

a) Os accionistas ou socios, segundo corresponda, das entidades serán os primeiros en soportar perdas.

b) Os acredores das entidades soportarán, de ser o caso, perdas derivadas da resolución despois dos accionistas ou socios e de acordo coa orde de prelación establecida na lexislación concursal, coas excepcións establecidas nesta lei.

c) Os acredores do mesmo rango serán tratados de maneira equivalente salvo cando nesta lei se dispoña o contrario.

d) Ningún accionista nin acredor soportará perdas superiores ás que debería ter soportado se a entidade fose liquidada no marco dun procedemento concursal.

e) Os administradores e os directores xerais ou asimilados da entidade serán substituídos salvo que, con carácter excepcional, se considere o seu mantemento estritamente necesario para alcanzar os obxectivos da resolución.

f) Os administradores e os directores xerais ou asimilados da entidade deberán prestar toda a asistencia necesaria para lograr os obxectivos da resolución. Para os efectos do previsto nesta lei entenderanse por asimilados aos directores xerais as persoas que reúnan as condicións previstas no artigo 6.6 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito.

g) En aplicación do disposto na lexislación concursal, mercantil e penal, os administradores das entidades e calquera outra persoa física ou xurídica responderán dos danos e perdas causados en proporción á súa participación e á gravidade daqueles.

h) Os depósitos garantidos estarán plenamente protexidos.

i) As medidas de resolución que se adopten estarán acompañadas polas correspondentes garantías e salvagardas que prevén esta lei e a súa normativa de desenvolvemento.

2. Co obxecto da aplicación dos principios mencionados no punto anterior, e para efectos de determinar a repartición adecuada dos custos de resolución a que se refire o capítulo VI, o FROB non se considerará en ningún caso incluído entre os accionistas, socios ou acredores a que se refire o dito punto.

3. O supervisor e as autoridades de resolución competentes, ao aplicar os instrumentos ou exixir o cumprimento das obrigacións e requisitos previstos nesta lei, terán en conta as circunstancias singulares de cada entidade derivadas, entre outros, da súa estrutura, natureza e perfil de actividade, nos termos que se determinen regulamentariamente.

En particular, poderanse establecer regulamentariamente requisitos simplificados ou exencións do cumprimento das medidas preparatorias previstas nos capítulos II e III, sempre que:

a) se atribúa ao supervisor e á autoridade de resolución preventiva competentes a capacidade de impor, en calquera momento, o cumprimento total desta lei, e

b) non se limite, en ningún caso, a capacidade do supervisor e das autoridades de resolución competentes para adoptaren unha medida de actuación temperá ou resolución.

Artigo 5. *Valoración.*

1. O obxectivo da valoración será determinar o valor dos activos e pasivos da entidade, de maneira que o supervisor ou a autoridade de resolución competentes poidan valorar se se cumpren as condicións para a resolución e a adopción de calquera medida de resolución e, en particular, para a aplicación dos instrumentos de resolución, e se recoñezan as perdas que poidan derivar da aplicación dos instrumentos que se vaian utilizar.

2. Con carácter previo á adopción de calquera medida de resolución e, en particular, para efectos de determinar se se cumpren as condicións para a resolución e a aplicación dos instrumentos previstos nesta lei, determinarase o valor dos activos e pasivos da entidade sobre a base dos informes de valoración encargados a un ou varios expertos designados polo FROB. Os expertos serán independentes tanto das autoridades públicas, incluídas as de resolución, como da entidade suxeita a valoración.

3. A valoración aterase ao procedemento e realizárase de conformidade cos fins, requisitos e condicións establecidos regulamentariamente.

Así mesmo, establecerase regulamentariamente un procedemento de valoración provisional para os supostos de urxencia que, en todo caso, deberá prever a realización dunha valoración posterior definitiva e completa, e un procedemento de valoración que determine as perdas que terían soportado os accionistas e acredores se a entidade fose liquidada no marco dun procedemento concursal. A valoración provisional fundarase no informe que, de ser o caso, emita o supervisor competente.

4. Para os efectos que corresponda conforme a normativa tributaria, entenderase por valor de mercado o que resulte da aplicación da valoración a que se refire este artigo.

CAPÍTULO II

Actuación temperá

Sección 1.^a Planificación da actuación temperá

Artigo 6. *Plan de recuperación.*

1. Con carácter preventivo, todas as entidades elaborarán e manterán actualizado un plan de recuperación que recolla as medidas e accións que deberá adoptar a entidade co obxecto de restablecer a súa posición financeira no caso de que se produza unha deterioración significativa dela. O plan e as súas actualizacións serán aprobados polo órgano de administración da entidade, para a súa posterior revisión polo supervisor competente.

2. O plan de recuperación deberá incluír un conxunto de indicadores, cuantitativos e cualitativos, que se terán en conta como referencia para emprender as accións previstas. En ningún caso poderá presupor o acceso a axudas financeiras públicas.

3. O supervisor competente revisará o plan e as súas actualizacións tendo en conta as posibilidades que este ofrece para manter ou restaurar a viabilidade da entidade de forma áxil e efectiva.

Se o supervisor competente considera que o plan presenta deficiencias ou que existen impedimentos que dificultan a súa aplicación, poderalle requirir á entidade a introdución de modificacións específicas. Se non for posible emendar tales deficiencias ou impedimentos, poderalle requirir á entidade a adopción de calquera medida adicional que sexa necesaria e proporcionada tendo en conta o seu efecto sobre a actividade da entidade.

En particular, o supervisor competente, sen prexuízo de calquera outra medida que poida aplicar no ámbito da súa función supervisora, poderá requirir á entidade que adopte medidas para:

- a) reducir o seu perfil de risco, incluído o risco de liquidez,
- b) permitir a adopción puntual de medidas de recapitalización,
- c) revisar a súa estratexia e estrutura,
- d) modificar a estratexia de financiamento para mellorar a solidez das áreas principais de actividade e das funcións esenciais, ou
- e) realizar cambios no seu sistema de goberno corporativo.

4. O supervisor competente remitirá o plan de recuperación ás autoridades de resolución competentes, que poderán formular propostas de modificación na medida na que o plan poida afectar negativamente a resolubidade da entidade.

5. Os plans de recuperación actualizaranse, polo menos, anualmente, e:

- a) sempre que un cambio na estrutura xurídica ou organizativa da entidade ou na súa situación financeira poida afectar significativamente o plan ou requirir cambios del ou
- b) sempre que o supervisor competente o considere conveniente.

6. As entidades que formen parte dun grupo consolidable ou dun sistema institucional de protección dos previstos na disposición adicional quinta da Lei 10/2014, do 26 de xuño, non estarán obrigadas a presentar os plans de recuperación individuais, salvo nas circunstancias que se poidan determinar regulamentariamente.

As matrices dos grupos de entidades elaborarán e manterán actualizado un plan de recuperación a nivel de grupo en que se recollan as medidas que aplicarán a matriz e cada unha das filiais.

7. Desenvolveranse regulamentariamente o contido e os procedementos aplicables aos plans de recuperación individuais ou de grupo.

8. O plan de recuperación considerárase un procedemento de goberno corporativo para os efectos do artigo 29 da Lei 10/2014, do 26 de xuño.

Sección 2.^a Axuda financeira intragrupo

Artigo 7. Acordos de axuda financeira dentro dun grupo.

1. As entidades e as súas filiais integradas na supervisión consolidada poderán subscribir acordos para prestarse axuda financeira, para o caso de que algunha incorra nos supostos de actuación temperá a que se refire o artigo seguinte. Estes acordos deberán ser autorizados polo supervisor competente.

Así mesmo, estes acordos deberán ser aprobados pola xunta de accionistas de cada unha das entidades que pretenda ser parte.

Estes acordos só poderán celebrarse se, no momento en que se solicita a autorización, ningunha das partes incorreu nun suposto de actuación temperá.

2. O supervisor competente deberá remitir os acordos intragrupo autorizados ás autoridades de resolución competentes.

3. Os acordos de apoio financeiro terán efectos exclusivamente entre as partes que os subscribisen, e non se poderá exixir o seu cumprimento a ningún terceiro alieo a elas. Nin estes acordos nin os dereitos ou medidas resultantes deles poderán ser cedidos ou transmitidos a terceiros, salvo en supostos de sucesión universal.

4. A competencia para conceder a axuda financeira corresponde ao órgano de administración da entidade. Esta decisión deberá ser motivada, indicarse o obxectivo da axuda proposta e xustificarse que se cumpren as condicións establecidas. Así mesmo, a decisión de aceptar axuda financeira de conformidade co citado acordo será adoptada polo órgano de administración da entidade que o recibe.

5. O supervisor competente poderá prohibir ou restrinxir os termos da axuda financeira concedida conforme o disposto no punto 4 se considera, xustificadamente, que non se cumpriron as condicións para a súa prestación.

6. O establecido neste artigo e na súa normativa de desenvolvemento non será de aplicación ás operacións financeiras intragrupo, incluídos os mecanismos de financiamento centralizados, no caso de que ningunha das partes de tales operacións cumpra as condicións para unha actuación temperá.

7. O órgano de administración de cada entidade que sexa parte do acordo informará anualmente os accionistas do seu desenvolvemento e de calquera decisión adoptada na súa virtude.

Así mesmo, as entidades farán público se subscribiron ou non un acordo de axuda financeira dentro dun grupo e, de ser o caso, farán pública e actualizarán anualmente unha descrición das condicións xerais do acordo e das entidades participantes.

8. Desenvolverase regulamentariamente o previsto neste artigo e, en particular, os seguintes elementos dos acordos de apoio financeiro intragrupo:

- a) as súas condicións de validez,
- b) o seu contido e, en particular, os principios que informarán as condicións establecidas nos acordos,
- c) o procedemento de autorización destes polo supervisor competente e, en particular, o seu dereito de oposición a eles,

- d) as condicións para a súa aplicación e o procedemento correspondente a tal fin, e
- e) as obrigacións de divulgación e de comunicación á xunta de accionistas.

Sección 3.^a Actuación temperá

Artigo 8. *Condicións para a actuación temperá.*

1. Cando unha entidade, ou unha matriz dun grupo consolidable de entidades, incumpra ou existan elementos obxectivos conforme os cales resulte razoablemente previsible que non poida cumprir nun futuro próximo coa normativa de solvencia, ordenación e disciplina, pero se encontre en disposición de retornar ao cumprimento polos seus propios medios, o supervisor competente declarará iniciada a situación de actuación temperá e poderá adoptar todas ou algunhas das medidas establecidas neste capítulo.

No caso de empresas de servizos de investimento, o incumprimento a que se refire o parágrafo anterior incluírá tamén a violación do disposto nos artigos 3 a 7, 14 a 17, 24, 25 e 26 do Regulamento (UE) n.º 600/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo aos mercados de instrumentos financeiros e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012, ou no título II da Directiva 2014/65/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativa aos mercados de instrumentos financeiros e pola que se modifican a Directiva 2002/92/CE e a Directiva 2011/61/UE.

2. Para valorar a posibilidade de incumprimento dos requirimentos sinalados no punto anterior poderase atender, entre outros aspectos, á existencia dunha rápida deterioración da situación financeira ou de liquidez da entidade ou a un incremento rápido do seu nivel de apancamento, mora ou concentración de exposicións.

Poderanse precisar regulamentariamente outros indicadores obxectivos que se deberán empregar para determinar a presenza das condicións previstas no dito punto.

3. As medidas contidas neste capítulo serán compatibles coas previstas na normativa vixente en materia de ordenación e disciplina das entidades de crédito e co título VIII da Lei 24/1988, do 28 de xullo, para as empresas de servizos de investimento. Non obstante, non procederá a revogación da autorización dunha entidade, desde o momento en que se iniciase un proceso de actuación temperá nos termos previstos no artigo 9, salvo que a entidade non adopte durante esa fase as medidas que requira o supervisor ou que esa revogación teña carácter sancionador.

4. Cando a entidade deixe de encontrarse nas circunstancias descritas no punto 1, o supervisor competente declarará finalizada a situación de actuación temperá.

Artigo 9. *Medidas de actuación temperá.*

1. Cando unha entidade ou un grupo ou subgrupo consolidable de entidades se encontre nalgunha das circunstancias descritas no artigo 8.1, informará diso con carácter inmediato ao supervisor competente.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, desde o momento en que o supervisor competente teña coñecemento de que unha entidade ou un grupo ou subgrupo consolidable de entidades se encontre nalgunha das situacións descritas no artigo 8.1, poderá adoptar as seguintes medidas:

a) Requirit o órgano de administración da entidade para que aplique unha ou varias das medidas establecidas no seu plan de recuperación nun prazo determinado ou que actualice ese plan e aplique unha ou varias medidas do plan actualizado, cando as circunstancias que desencadeasen a actuación temperá difiran dos supostos previstos nel.

b) Requirit o órgano de administración da entidade para que examine a súa situación, determine as medidas necesarias para superar os problemas detectados e elabore un plan de actuación para resolver tales problemas, cun calendario específico de execución.

c) Requirit o órgano de administración da entidade para que convoque ou, se o órgano de administración non cumpre con este requisito, convocar directamente a xunta

ou asemblea xeral da entidade e, en ambos os casos, fixar a orde do día e propor a adopción de determinados acordos.

d) Requirir o cesamento ou a substitución dun ou de varios membros do órgano de administración, directores xerais ou asimilados, se se determina que tales persoas non son aptas para cumprir as súas obrigacións de conformidade cos requisitos de idoneidade exixibles.

e) Designar un delegado do supervisor competente na entidade con dereito de asistencia, con voz pero sen voto, ás reunións do órgano de administración e das súas comisións delegadas e coas mesmas facultades de acceso á información que as legal e estatutariamente previstas para os seus membros.

f) Requirirle ao órgano de administración da entidade que elabore un plan para a negociación da reestruturación da débeda cunha parte ou coa totalidade dos seus acredores de acordo, cando proceda, co plan de recuperación.

g) Requirir cambios na estratexia empresarial da entidade ou do grupo ou subgrupo consolidable.

h) Requirir cambios nas estruturas xurídicas ou operativas da entidade ou do grupo ou subgrupo consolidable.

i) Requirir, mesmo mediante inspeccións *in situ*, e facilitar ás autoridades de resolución competentes toda a información necesaria para actualizar o plan de resolución e preparar a posible resolución da entidade ou do grupo ou subgrupo consolidable e a realización dunha avaliación dos seus activos e pasivos, de conformidade co artigo 5.

j) En caso de que as medidas anteriores non sexan suficientes, acordar o nomeamento dun ou de varios interventores ou a substitución provisional do órgano de administración da entidade ou dun ou de varios dos seus membros, de conformidade co previsto no artigo seguinte.

3. Ao adoptar calquera das medidas sinaladas nas letras a) a h) do punto anterior, o supervisor competente deberá fixar o prazo para a súa execución pola entidade, así como para a avaliación da eficacia da ou das medidas adoptadas.

Artigo 10. *Intervención ou substitución provisional de administradores como medida de actuación temperá.*

1. O supervisor competente poderá acordar a intervención da entidade ou a substitución provisional do seu órgano de administración ou dun ou de varios dos seus membros, de conformidade co procedemento establecido no capítulo V do título III da Lei 10/2014, do 26 de xuño, e coas especialidades previstas neste capítulo.

2. A intervención da entidade ou a substitución provisional acordada ao abeiro deste artigo manterase en vigor durante o prazo dun ano. De maneira excepcional, este prazo poderase renovar por períodos iguais mentres se manteñan as condicións que xustificaron a intervención ou substitución provisional. Esta circunstancia deberase xustificar adecuadamente no acordo de renovación da medida.

Artigo 11. *Seguimento das medidas de actuación temperá e información ás autoridades de resolución.*

1. Coa periodicidade que fixe o supervisor competente e, como mínimo, trimestralmente, a entidade remitiralle un informe sobre o grao de cumprimento das medidas adoptadas conforme o artigo 9. O supervisor competente dará traslado do informe ás autoridades de resolución.

2. Co obxecto de que as autoridades de resolución competentes exerzan as competencias previstas nesta lei, o supervisor informaraas:

a) De que unha entidade ou un grupo ou subgrupo consolidable de entidades se encontra nalgunha das circunstancias descritas no artigo 8.1.

b) De o haber, da aprobación do plan de actuación a que se refire o artigo 9.2 b).

c) Do resto de medidas requiridas polo supervisor competente de acordo co previsto no artigo 9.

d) Da finalización da situación de actuación temperá conforme o artigo 8.4.

3. Durante a fase de actuación temperá, as autoridades de resolución competentes poderán solicitar ao supervisor competente toda a información relacionada coa entidade ou co seu grupo ou subgrupo consolidable que sexa necesaria para preparar a súa eventual resolución.

O FROB poderá, así mesmo, realizar durante esta fase de actuación temperá as actuacións necesarias para preparar a avaliación dos activos e pasivos da entidade para efectos do disposto no artigo 5, así como exixir á entidade que contacte con posibles compradores co fin de preparar a súa resolución, sen prexuízo das condicións establecidas no artigo 19 e das disposicións de confidencialidade establecidas no artigo 59.

Artigo 12. Coordinación das medidas de actuación temperá en grupos de entidades da Unión Europea.

1. Fixarase regulamentariamente o procedemento para a imposición polo supervisor competente de calquera das medidas previstas no artigo 9, en relación coa matriz ou cunha filial española dun grupo consolidable de entidades establecido na Unión Europea.

2. Tamén se establecerá regulamentariamente a forma en que o supervisor competente participará nos procedementos para a adopción de calquera das medidas previstas no artigo 9 por outra autoridade da Unión Europea en relación coa matriz dunha entidade española ou cunha filial dun grupo español.

CAPÍTULO III

Fase preventiva da resolución

Sección 1.ª Planificación da resolución

Artigo 13. Plans de resolución.

1. Con carácter preventivo, a autoridade de resolución preventiva elaborará e aprobará, logo de informe do FROB e do supervisor competente e tras consulta ás autoridades de resolución das xurisdicións en que se encontren establecidas sucursais significativas, un plan de resolución para cada entidade que non forme parte dun grupo obxecto de supervisión en base consolidada. O plan conterá as accións de resolución que o FROB poderá aplicar no caso de que a entidade cumpra coas condicións previstas no artigo 19, sen prexuízo de que, á luz das circunstancias, o FROB poida tamén aplicar outras medidas.

Cando en virtude do artigo 17 se aprecien obstáculos á resolubidade, quedará en suspenso a obrigaçión de elaborar o plan de resolución até que se adopten as medidas oportunas para eliminar tales obstáculos.

2. Desenvolveranse regulamentariamente o procedemento de elaboración e o contido específico dos plans de resolución. Para estes efectos, as entidades estarán obrigadas a cooperar para a elaboración e actualización dos plans, e a autoridade de resolución preventiva poderá requirir á entidade a información necesaria para a elaboración, aprobación e actualización dos plans de resolución.

En todo caso, o plan de resolución nunca presuporá:

a) A existencia de apoio financeiro público extraordinario á marxe dos mecanismos de financiamento establecidos consonte o artigo 53.

b) A existencia de apoio público en forma de provisión urxente de liquidez do banco central.

c) A existencia de apoio público en forma de provisión de liquidez do banco central atendendo a criterios non convencionais en canto a garantías, vencemento e tipos de xuro.

3. Os plans de resolución actualizaranse, de conformidade co procedemento previsto no punto 2, polo menos anualmente e nos seguintes casos:

a) sempre que un cambio na estrutura xurídica ou organizativa da entidade ou na súa situación financeira poida afectar significativamente a eficacia do plan ou requirir cambios del, ou

b) sempre que a autoridade de resolución preventiva, por iniciativa propia ou do FROB, o coide conveniente.

Artigo 14. *Plans de resolución de grupo.*

1. A autoridade de resolución preventiva competente a nivel de grupo, actuando conxuntamente coas autoridades de resolución das filiais en colexios de autoridades de resolución e tras consultar os supervisores competentes que corresponda, o FROB e as autoridades de resolución das xurisdicións en que se encontren establecidas sucursais significativas, aprobará e manterá actualizados os plans de resolución dos grupos cuxa supervisión en base consolidada corresponda a un supervisor competente dos previstos no artigo 2.1.b). A adopción do plan de resolución plasmarase nunha decisión conxunta da autoridade de resolución preventiva coas autoridades de resolución das filiais do grupo.

Cando, en virtude do artigo 17, se aprecien obstáculos á resolubilidade dunha entidade, quedará en suspenso a obrigaçión de elaborar o plan de resolución de grupo até que se adopten as medidas oportunas para eliminar tales obstáculos.

2. Para os efectos do punto anterior, a autoridade de resolución preventiva, xunto co FROB, asistirá o colexio de autoridades de resolución e contribuirá á elaboración e aprobación do plan, de conformidade co procedemento previsto no artigo anterior.

3. Os plans de resolución de grupo poderán prever a resolución a nivel da empresa matriz ou mediante a segregación e resolución das filiais.

4. Determinaranse regulamentariamente o procedemento de elaboración e o contido específico dos plans de resolución de grupo, así como a información que poderá ser requirida ás entidades e que deberá ser facilitada pola autoridade de resolución a outras autoridades de resolución, aos supervisores competentes e á Autoridade Bancaria Europea, para a súa elaboración e actualización. En todo caso, os plans de resolución de grupo deberán identificar as medidas para a resolución:

- a) Da empresa matriz.
- b) Das filiais do grupo con domicilio social na Unión Europea.
- c) Das sociedades financeiras de carteira, das sociedades financeiras mixtas de carteira e das sociedades mixtas de carteira con domicilio social na Unión Europea.
- d) Das filiais do grupo con domicilio social fóra da Unión Europea, no marco do establecido no capítulo VII sobre resolución transfronteiriza.

5. Non obstante o previsto no punto anterior, as entidades que estean suxeitas á supervisión directa do Banco Central Europeo en virtude do artigo 6.4 do Regulamento (UE) n.º 1024/2013 do Consello, do 15 de outubro de 2013, que encomenda ao Banco Central Europeo tarefas específicas respecto de políticas relacionadas coa supervisión prudencial das entidades de crédito, ou que constitúan unha parte considerable do sistema financeiro español, serán tamén obxecto de plans de resolución individuais conforme o previsto no artigo anterior.

6. A autoridade de resolución preventiva competente, ao actuar como autoridade de resolución dunha entidade filial autorizada en España cuxa matriz estea situada noutro Estado membro da Unión Europea e cuxa supervisión en base consolidada non corresponda a algún dos supervisores competentes previstos no artigo 2.1.b), cooperará coa autoridade de resolución a nivel de grupo na elaboración, actualización e aprobación do plan de resolución de grupo nos termos que regulamentariamente se determinen.

*Sección 2.ª Avaliación da resolubilidade**Artigo 15. Avaliación da resolubilidade de entidades.*

1. Ao elaborar o plan de resolución, a autoridade de resolución preventiva, logo de informe do supervisor competente e do FROB e tras consulta ás autoridades de resolución das xurisdicións en que se encontren establecidas sucursais significativas, determinará que a entidade é resoluble se, no caso de que cumpra as condicións para a resolución, se pode proceder á súa liquidación no marco dun procedemento concursal ou á súa resolución, facendo uso dos diferentes instrumentos e competencias de resolución previstos nesta lei, de tal forma que:

a) Non se produzan consecuencias adversas significativas para o sistema financeiro español, doutros Estados membros da Unión Europea ou da Unión Europea no seu conxunto.

b) Se garanta a continuidade das funcións esenciais desenvolvidas pola entidade.

2. Para os efectos do previsto no punto anterior, a autoridade de resolución preventiva realizará a avaliación correspondente e valorará se, no caso de que a entidade cumpra as condicións para a resolución, esta podería levarse a cabo sen a intervención de apoio público, tal e como prevé o artigo 13.2. O resultado desta avaliación será presentado ao FROB.

3. Adicionalmente, o supervisor competente e o FROB poderán solicitar á autoridade de resolución preventiva competente que leve a cabo a avaliación prevista no punto anterior sempre que considere que poden existir obstáculos importantes para a resolución dunha entidade.

4. Se a autoridade de resolución preventiva competente conclúe que unha entidade non reúne as condicións para resolverse, notificarallo inmediatamente á Autoridade Bancaria Europea.

5. Desenvolverase regulamentariamente o réxime da avaliación da resolubilidade previsto nesta sección.

Artigo 16. Avaliación da resolubilidade de grupos.

1. A autoridade de resolución preventiva competente, cando sexa a autoridade de resolución a nivel de grupo, determinará, en función da avaliación a que se refire o punto seguinte, que o grupo é resoluble se, no caso de que cumpra as condicións para a resolución, se pode proceder á súa liquidación ou á súa resolución conforme o establecido no punto 1 do artigo anterior.

2. Ao elaborar o plan de resolución de grupo, a autoridade de resolución preventiva, logo de informe do supervisor competente e do FROB, xunto coas autoridades de resolución das filiais e tras consulta aos supervisores competentes destas e ás autoridades de resolución das xurisdicións en que estean establecidas as sucursais significativas, avaliará en que medida un grupo pode ser obxecto de resolución sen a intervención de apoio público, tal e como prevé o artigo 13.2.

3. Se a autoridade de resolución preventiva competente conclúe que o grupo non reúne as condicións para resolverse, notificarallo inmediatamente á Autoridade Bancaria Europea.

Artigo 17. Obstáculos á resolubilidade de entidades.

1. A autoridade de resolución preventiva competente, tras examinar a avaliación levada a cabo en virtude do artigo 15, notificará ao supervisor competente, á entidade e ás autoridades de resolución en cuxa xurisdición estean situadas as sucursais significativas, a concorrencia de obstáculos importantes para a resolución da entidade. O resultado deste exame será presentado ao FROB.

2. No prazo de catro meses desde a recepción da notificación, as entidades proporán á autoridade de resolución preventiva competente medidas adecuadas para reducir ou eliminar os obstáculos identificados.

A autoridade de resolución preventiva competente comunicará sen demora tales medidas ao supervisor competente e ao FROB, para o seu informe.

En caso de que a autoridade de resolución preventiva competente, logo de informe do supervisor competente e do FROB, non considere tales medidas suficientes para eliminar os obstáculos identificados, poderá solicitar de forma motivada á entidade que adopte medidas alternativas para eliminar os obstáculos. Entre tales medidas poderán figurar:

- a) Exixir á entidade a revisión dos mecanismos de financiamento ou a elaboración de acordos para garantir o desenvolvemento das súas funcións esenciais.
- b) Establecer límites aos riscos individuais e globais da entidade.
- c) Impor requisitos adicionais de información relevante para levar a cabo a resolución.
- d) Exixir á entidade que se desfaga de activos específicos.
- e) Exixir á entidade que limite ou cese determinadas actividades.
- f) Restringir ou impedir o desenvolvemento de certas ramas de actividade ou a venda de certos produtos.
- g) Impor cambios na estrutura xurídica ou operativa da entidade ou de calquera entidade do grupo que se encontre directa ou indirectamente baixo o seu control, co fin de reducir a súa complexidade e garantir que as funcións esenciais se poidan separar xurídica e operativamente doutras funcións mediante a aplicación de instrumentos de resolución.
- h) Exixir a unha entidade ou a unha empresa matriz a constitución dunha sociedade financeira de carteira matriz en España ou matriz na Unión Europea.
- i) Exixir a unha entidade a emisión de pasivos admisibles para dar cumprimento aos requisitos establecidos no artigo 44.
- j) Exixir a unha entidade que adopte outras medidas para cumprir o requisito mínimo de fondos propios e pasivos admisibles establecido no artigo 44. En particular, a autoridade de resolución preventiva poderá exixir á entidade que renegocie calquera pasivo admisible ou instrumento de capital adicional de nivel 1 ou nivel 2 emitido, para garantir que as decisións de amortización ou conversión que adopte o FROB se apliquen consonte a lexislación que rexa o instrumento.
- k) Cando unha entidade sexa filial dunha sociedade mixta de carteira, exixir á sociedade mixta de carteira que constituía unha sociedade financeira de carteira separada para controlar a entidade, se isto for necesario para evitar que a aplicación dos instrumentos de resolución teñan efectos adversos na parte non financeira do grupo.

3. No prazo dun mes desde a recepción da notificación das medidas alternativas impostas pola autoridade de resolución preventiva competente en virtude do punto anterior, a entidade deberá presentar un plan de implementación das ditas medidas.

4. Para os efectos do previsto neste artigo, as autoridades de resolución competentes deberán considerar, entre outros factores, o risco para a estabilidade financeira que supoñen os obstáculos identificados, así como o efecto potencial das medidas alternativas propostas sobre a actividade e estabilidade da entidade, a súa capacidade de contribución á economía, o mercado interior de servizos financeiros e sobre a estabilidade financeira noutros Estados membros da Unión Europea e na Unión Europea no seu conxunto.

Así mesmo, as autoridades de resolución competentes, ao determinaren medidas alternativas ás propostas pola entidade para eliminar os obstáculos á resolubilidade, deberán demostrar por que as medidas propostas pola entidade non conseguirían eliminar tales obstáculos e como as medidas alternativas poden resultar proporcionais para eliminalos.

Artigo 18. *Obstáculos á resolubilidade de grupos.*

1. A autoridade de resolución preventiva, cando sexa a autoridade de resolución a nivel de grupo, de conformidade coa avaliación prevista no artigo 16, procurará alcanzar

unha decisión conxunta co resto de autoridades de resolución competentes sobre as medidas oportunas para emendar os obstáculos á resolubidade.

Para tales efectos, a autoridade de resolución preventiva, en cooperación co supervisor competente en base consolidada, co FROB e coa Autoridade Bancaria Europea, remitirá un informe á empresa matriz e ás autoridades de resolución das filiais e das xurisdicións en que estean establecidas sucursais significativas. O informe analizará os impedimentos á aplicación dos instrumentos de resolución e ao exercicio das facultades de resolución en relación co grupo, e conterá as medidas que se xulguen apropiadas para eliminar tales impedimentos.

2. No prazo de catro meses desde a recepción do informe, a empresa matriz do grupo poderá propor á autoridade de resolución preventiva medidas alternativas para eliminar os obstáculos identificados para a súa resolución. A autoridade de resolución preventiva comunicará tales medidas, sen demora, ao supervisor competente en base consolidada e ao FROB.

A autoridade de resolución preventiva e as autoridades de resolución das filiais, tras consulta ao FROB, aos supervisores competentes e ás autoridades de resolución das xurisdicións en que estean situadas sucursais significativas, procurarán alcanzar no colexio de autoridades de resolución unha decisión conxunta sobre os obstáculos á resolución, a avaliación das medidas propostas pola empresa matriz e as medidas que se exixirán para eliminar tales obstáculos, atendendo ás posibles repercusións destas nos Estados membros da Unión Europea en que opere o grupo.

3. A autoridade de resolución preventiva, cando actúe como autoridade de resolución dunha entidade filial autorizada en España cuxa matriz estea situada noutro Estado membro da Unión Europea e cuxa supervisión en base consolidada non corresponda a algún dos supervisores competentes previstos no artigo 2.1.b), procurará, en cooperación co FROB, alcanzar unha decisión conxunta co resto de autoridades de resolución competentes sobre as medidas oportunas para corrixir os obstáculos á resolubidade nos termos que regulamentariamente se establezan.

CAPÍTULO IV

Resolución

Artigo 19. *Condicións para a resolución.*

1. Procederá a resolución dunha entidade cando concorran, simultaneamente, as circunstancias seguintes:

a) A entidade é inviable ou é razoablemente previsible que o vaia ser nun futuro próximo.

b) Non existen perspectivas razoables de que medidas procedentes do sector privado como, entre outras, as medidas aplicadas polos sistemas institucionais de protección; de supervisión como, entre outras, as medidas de actuación temperá; ou a amortización ou conversión de instrumentos de capital de conformidade coa sección 2.^a do capítulo VI poidan impedir a inviabilidade da entidade nun prazo de tempo razoable.

c) Por razóns de interese público, resulta necesario ou conveniente acometer a resolución da entidade para alcanzar algún dos obxectivos mencionados no artigo 3, por canto a disolución e liquidación da entidade no marco dun procedemento concursal non permitiría razoablemente alcanzar tales obxectivos na mesma medida.

2. Procederá a resolución dunha entidade financeira prevista no artigo 1.2.b) cando as condicións de resolución se dean tanto na entidade financeira como na entidade matriz suxeita a supervisión consolidada.

3. Procederá a resolución dunha sociedade prevista no artigo 1.2.c) ou d) cando as condicións de resolución se dean tanto na sociedade como nunha das súas filiais que sexa unha entidade ou, no caso de que a filial non estea establecida na Unión Europea, cando

a autoridade competente do terceiro Estado determinase que se dan as condicións de resolución de acordo coa lexislación dese Estado.

4. Cando as entidades que sexan filiais dunha sociedade mixta de carteira estean directa ou indirectamente en poder dunha sociedade financeira de carteira intermedia, as accións de resolución a nivel de grupo aplicaranse á sociedade financeira de carteira intermedia e non sobre a sociedade mixta de carteira.

5. Aínda que unha sociedade das previstas no artigo 1.2.c) ou d) non cumpra as condicións de resolución, o FROB poderalles aplicar unha medida de resolución, cando unha das súas filiais que sexa unha entidade cumpra as condicións de resolución e sempre que:

a) Debido á natureza do seu activo e pasivo, a súa inviabilidade supoña unha ameaza para a entidade ou para o grupo no seu conxunto, e que a medida de resolución sexa necesaria para a resolución das filiais que sexan entidades ou para o grupo no seu conxunto.

b) A lexislación concursal requira que o grupo sexa tratado de maneira conxunta e a medida de resolución en relación coa sociedade sexa necesaria para a resolución das filiais que sexan entidades ou para o grupo no seu conxunto.

6. Para os efectos do disposto nos puntos 2 e 5, o FROB, de maneira conxunta coa autoridade de resolución competente, ao determinar se se cumpren as condicións de resolución en relación cunha filial que sexa unha entidade, poderá non ter en conta o capital intragrupo ou as transferencias de perdas entre entidades, así como o exercicio da amortización ou conversión.

Artigo 20. *Concepto de entidade inviable.*

1. Entenderase que unha entidade é inviable para os efectos do previsto no artigo 19.1.a), se se encontra nalgunha das seguintes circunstancias:

a) A entidade incumpre de maneira significativa ou é razoablemente previsible que incumpra de maneira significativa nun futuro próximo os requirimentos de solvencia ou outros requisitos necesarios para manter a súa autorización.

b) Os pasivos exixibles da entidade son superiores aos seus activos ou é razoablemente previsible que o sexan nun futuro próximo.

c) A entidade non pode ou é razoablemente previsible que nun futuro próximo non poida cumprir puntualmente as súas obrigacións exixibles.

d) A entidade necesita axuda financeira pública extraordinaria.

2. Non obstante o disposto na letra d) do punto anterior, non se considerará que a entidade é inviable se a axuda financeira pública extraordinaria se outorga para evitar ou resolver perturbacións graves da economía e preservar a estabilidade financeira, e adopta algunha das seguintes formas:

a) Garantía estatal para apoiar operacións de liquidez concedidas por bancos centrais de acordo coas condicións destes.

b) Garantía estatal de pasivos de nova emisión.

c) Inxección de recursos propios ou adquisición de instrumentos de capital a un prezo e nunhas condicións tales que non outorguen vantaxe á entidade, sempre e cando non se dean no momento da concesión da axuda pública as circunstancias previstas nas letras a), b) e c) do punto anterior, nin as circunstancias previstas no artigo 38.2.

As axudas previstas neste punto só se concederán a entidades solventes e estarán suxeitas a autorización de conformidade coa normativa sobre axudas de Estado. Terán carácter cautelar, temporal, serán proporcionadas para evitar ou resolver as perturbacións graves e non se utilizarán para compensar as perdas en que incorrese ou poida incurrir a entidade.

As axudas previstas na letra c) limitaranse ás necesarias para facer fronte ao déficit de capital determinado nas probas de resistencia, nos exames de calidade dos activos ou en

exercicios equivalentes realizados polo Banco Central Europeo, pola Autoridade Bancaria Europea ou polas autoridades nacionais con autorización, de ser o caso, do supervisor competente.

3. Os criterios previstos neste artigo e as condicións en que se levará a cabo a resolución dun grupo serán desenvolvidos regulamentariamente.

Artigo 21. *Apertura do proceso de resolución.*

1. O supervisor competente, logo de consulta á autoridade de resolución preventiva competente e ao FROB, determinará se a entidade é inviable ou é razoablemente previsible que o vaia ser nun futuro próximo, de acordo co disposto no artigo 19.1.a). Realizada a avaliación, comunicarllela sen demora ao FROB e á autoridade de resolución preventiva competente.

Non obstante o anterior, o FROB poderá instar o supervisor competente para que realice esa determinación se, a partir da información e das análises facilitadas polo supervisor competente, considera que existen razóns para iso. O supervisor competente deberá contestar nun prazo máximo de tres días e xustificar a súa resposta.

2. O FROB, en estreita cooperación co supervisor competente, levará a cabo unha avaliación da condición prevista no artigo 19.1.b). Igualmente, o supervisor competente informará o FROB ao respecto, cando considere que se cumpre a condición prevista na dita letra.

3. Realizadas as actuacións anteriores, o FROB comprobará se concorre o resto de circunstancias previstas no artigo 19 e, en tal caso, acordará a apertura inmediata do procedemento de resolución, dando conta motivada da súa decisión ao ministro de Economía e Competitividade e ao supervisor e á autoridade de resolución preventiva competentes.

4. Cando o órgano de administración dunha entidade considere que esta é inviable deberallo comunicar de maneira inmediata ao supervisor competente quen, pola súa vez, llelo comunicará sen demora ao FROB e á autoridade de resolución preventiva.

Artigo 22. *Substitución do órgano de administración e dos directores xerais ou asimilados como medida de resolución.*

1. Tras a apertura do proceso de resolución conforme o previsto no artigo anterior, o FROB acordará e fará pública a substitución do órgano de administración da entidade e dos directores xerais ou asimilados e a designación como administrador da entidade da persoa ou persoas físicas ou xurídicas que, no seu nome e baixo o seu control, exercerán as funcións e facultades propias desa condición, co alcance, limitacións e requisitos que, de ser o caso, se determinen regulamentariamente, entendéndose que se lle atribúen todas aquelas facultades que legal ou estatutariamente poidan corresponder á xunta ou asemblea xeral da entidade e que resulten necesarias para o exercicio das competencias previstas nesta lei en relación cos instrumentos de resolución previstos nela. En caso de conflito, o exercicio destas facultades de resolución primará sobre calquera outro deber ou obrigación derivados dos estatutos da entidade ou da lexislación aplicable.

O FROB poderá non substituír o órgano de administración, ou os directores xerais ou asimilados, naqueles supostos extraordinarios en que, á vista da composición do accionariado ou do órgano de administración da entidade no momento da apertura do proceso de resolución, resulte estritamente necesario o seu mantemento para garantir o adecuado desenvolvemento do proceso de resolución e, en particular, cando o FROB estea en disposición de controlar o órgano de administración da entidade en virtude dos dereitos políticos de que dispoña.

2. O FROB aprobará o marco de actuación do administrador especial, incluíndo a información periódica que debe elaborar sobre a súa actuación no desempeño das súas funcións.

3. O acordo de designación do administrador especial terá carácter executivo desde o momento en que se dite e será obxecto de inmediata publicación no «Boletín Oficial del

Estado» e de inscrición nos rexistros públicos correspondentes. A publicación no «Boletín Oficial del Estado» determinará a eficacia do acordo fronte a terceiros.

4. A medida de substitución manterase en vigor por un período non superior a un ano, ben que o FROB poderá, excepcionalmente, prorrogar este prazo cando o considere necesario para completar o proceso de resolución.

Artigo 23. *Contido da decisión relativa á iniciación dos procesos de resolución.*

A decisión de iniciar ou non un proceso de resolución deberá ter, ao menos, o seguinte contido:

- a) As razóns que xustifican a decisión, cunha mención a se a entidade cumpre as condicións de resolución previstas no artigo 19.
- b) As medidas que o FROB teña, de ser o caso, a intención de adoptar, xa sexan as de resolución previstas nesta lei ou outro tipo de medidas que sexan aplicables de acordo coa lexislación concursal.
- c) As razóns que, de ser o caso, xustifican solicitar o inicio dun procedemento concursal ordinario.

Artigo 24. *Obrigacións de notificación e publicación.*

1. O FROB notificará sen demora o texto íntegro da decisión pola cal se decide sobre a apertura dun proceso de resolución, así como o da decisión pola cal se adoptan medidas de resolución, con indicación da data a partir da cal producirán efecto as medidas adoptadas, á entidade obxecto de resolución, ás autoridades previstas no artigo 69 e ás autoridades que se determinen regulamentariamente.

2. O FROB publicará, igualmente, o acto polo cal se acordan as medidas de resolución ou unha comunicación resumida dos efectos destas medidas, en particular, sobre os clientes retallistas e, se procede, as modalidades e a duración da suspensión ou restrición a que se refire o artigo 70.

3. Desenvolveranse regulamentariamente as obrigacións de notificación e publicación previstas neste artigo.

CAPÍTULO V

Instrumentos de resolución

Sección 1.^a Instrumentos de resolución

Artigo 25. *Definición dos instrumentos de resolución e regras xerais.*

1. Os instrumentos de resolución son:

- a) A venda do negocio da entidade.
- b) A transmisión de activos ou pasivos a unha entidade ponte.
- c) A transmisión de activos ou pasivos a unha sociedade de xestión de activos.
- d) A recapitalización interna.

2. O FROB poderá adoptar os instrumentos anteriores individual ou conxuntamente, excepto a transmisión de activos ou pasivos a unha sociedade de xestión de activos, que deberá aplicarse en conxunción con outro dos instrumentos.

3. O comprador, a entidade ponte, a sociedade de xestión de activos e a entidade obxecto da resolución poderán continuar exercendo os seus dereitos de participación e acceso aos sistemas de pagamento, compensación e liquidación, admisión a cotización, fondo de garantía de investimentos e fondo de garantía de depósitos da entidade obxecto de resolución, sempre que cumplan os criterios de participación e regulación para participar en tales sistemas.

Non obstante o anterior, non se denegará o acceso por razón de que o comprador ou a entidade ponte carezan de cualificación dunha axencia de cualificación crediticia, ou de que a dita cualificación non alcance os niveis requiridos para ter acceso aos sistemas referidos no parágrafo anterior.

Cando o comprador ou a entidade ponte non satisfagan os criterios de participación ou acceso a un sistema pertinente de pagamento, compensación ou liquidación, bolsa de valores, sistema de indemnización dos investidores ou sistemas de garantías de depósitos, os dereitos a que fai referencia o parágrafo primeiro exerceranse durante un período de tempo determinado polo FROB, non superior a 24 meses e renovable por solicitude do comprador ou da entidade ponte.

4. O FROB, así como calquera mecanismo de financiamento establecido conforme o artigo 53, poderá recuperar todo gasto razoable en que se incorrese relacionado coa utilización dos instrumentos ou co exercicio das facultades de resolución previstas nesta lei, das seguintes maneiras:

a) Deducíndoo de todo contravalor aboado por un adquirente á entidade obxecto de resolución ou, segundo os casos, aos propietarios de accións ou doutros instrumentos de capital.

b) Con cargo á entidade obxecto de resolución, en calidade de acredor preferente.

c) Con cargo aos eventuais ingresos xerados como consecuencia do cesamento das actividades da entidade ponte ou da sociedade de xestión de activos, en calidade de acredor preferente.

5. Toda cantidade aboada polo comprador redundará en beneficio:

a) Dos propietarios das accións ou doutros instrumentos de capital, no caso de que a venda do negocio ou a transmisión á entidade ponte se efectuase transmitindo accións ou instrumentos de capital emitidos pola entidade obxecto de resolución.

b) Da entidade obxecto de resolución, no caso de que a venda do negocio ou a transmisión á entidade ponte se efectuase transmitindo ao adquirente parte ou a totalidade do activo ou pasivo da entidade obxecto de resolución.

c) Da entidade obxecto de resolución, no caso da sociedade de xestión de activos. O contravalor poderase aboar en forma de débeda emitida pola sociedade.

6. Cando se utilicen os instrumentos de resolución previstos no punto 1, letras a) e b), e se apliquen para realizar unha transmisión parcial dos activos e pasivos da entidade, a entidade residual someterase a un procedemento concursal dentro dun tempo razoable, tendo en conta a necesidade de que a entidade residual colabore para garantir a continuidade dos servizos por parte do adquirente e o mellor cumprimento dos obxectivos e principios de resolución.

7. A transmisión de accións ou outros instrumentos de capital, activos e pasivos que se deba realizar en aplicación dos instrumentos de resolución previstos no punto 1 realizarase sen necesidade de obter o consentimento dos accionistas da entidade obxecto de resolución ou de terceiros diferentes do comprador e sen ter que cumprir outros requisitos de procedemento exixidos pola lexislación societaria ou de valores máis alá dos previstos expresamente por esta lei.

8. Sen prexuízo das regras sobre salvagardas previstas na lei, ao aplicarse un dos instrumentos de resolución previstos neste artigo, os accionistas e acredores da entidade en resolución, así como terceiras persoas cuxos activos ou pasivos non fosen transferidos, non terán ningún dereito sobre os activos e pasivos que fosen transferidos.

9. As operacións mediante as cales se instrumenten as medidas de resolución e, en particular, as medidas derivadas da aplicación dos instrumentos enumerados neste artigo non serán rescindibles ao abeiro do previsto no artigo 71 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

Artigo 26. *Venda do negocio da entidade.*

1. O FROB poderá acordar e executar a transmisión a un adquirente que non sexa unha entidade ponte:

a) Das accións ou achegas ao capital social ou, con carácter xeral, instrumentos representativos do capital ou equivalente da entidade ou convertibles neles, calquera que sexa o seu titular.

b) De todos ou parte dos activos e pasivos da entidade.

2. As limitacións ou obrigacións legais mencionadas no artigo 34.1 non resultarán de aplicación ás persoas ou entidades que, en execución do establecido no correspondente plan de resolución, adquirisen as accións, achegas ou instrumentos.

3. O FROB poderá aplicar este instrumento de resolución nunha ou varias ocasións e a prol dun ou de varios adquirentes. Unha vez utilizado este instrumento, o FROB poderá, co consentimento do comprador, restituír as accións ou instrumentos de capital, activos e pasivos transferidos á entidade en resolución ou, no caso das accións ou instrumentos de capital, aos antigos propietarios, que estarán obrigados a aceptalos.

4. Para seleccionar o adquirente ou adquirentes, o FROB desenvolverá un procedemento competitivo coas seguintes características:

a) Será transparente, tendo en conta as circunstancias do caso concreto e a necesidade de salvagardar a estabilidade do sistema financeiro.

b) Non favorecerá ou discriminará ningún dos potenciais adquirentes.

c) Adoptaranse as medidas necesarias para evitar situacións de conflito de intereses.

d) Tomará en consideración a necesidade de aplicar o instrumento de resolución o máis rápido posible.

e) Terá entre os seus obxectivos maximizar o prezo de venda.

A transferencia efectuarase en condicións de mercado, tendo en conta as circunstancias específicas e de conformidade coa normativa en materia de axudas de Estado.

Calquera requisito de publicidade da posta en venda da entidade en resolución que se exixa de acordo co disposto no punto 1 do artigo 17 do Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, sobre abuso de mercado, e polo que se derrogan a Directiva 2003/6/CE do Parlamento Europeo e do Consello, e as directivas 2003/124/CE, 2003/125/CE e 2004/72/CE da Comisión, poderá ser atrasado nos termos previstos nos puntos 4 e 5 do dito artigo.

5. Cando, nos termos previstos no artigo 68, o desenvolvemento do procedemento a que se refire o punto anterior poida dificultar a consecución dalgún dos obxectivos enumerados no artigo 3 e, en particular, cando se xustifique adecuadamente que existe unha seria ameaza para a estabilidade do sistema financeiro como consecuencia ou agravada pola situación da entidade ou se constate que o desenvolvemento dese procedemento pode dificultar a efectividade do instrumento de resolución, a selección do adquirente ou adquirentes poderá realizarse sen necesidade de cumprir cos requisitos de procedemento indicados no punto anterior.

6. Cando a transmisión de accións ou outro instrumento de capital, debido á aplicación do instrumento de venda de negocio da entidade, dea lugar á adquisición ou ao incremento dunha participación nunha entidade de tal maneira que sexa aplicable a normativa sobre participacións significativas, o supervisor competente levará a cabo a avaliación da adquisición ou o incremento nun prazo non superior a 5 días hábiles.

7. No suposto de que se aplicase o instrumento de venda de negocio da entidade sen que se levase a cabo a avaliación prevista no punto anterior, serán de aplicación as seguintes regras:

a) A transmisión de accións ou doutros instrumentos xurídicos de capital terá eficacia xurídica inmediata.

b) Durante o período de avaliación e durante todo o período de desinvestimento previsto na letra f), o dereito de voto do adquirente sobre tales accións ou outros instrumentos de capital suspenderase e conferirase unicamente ao FROB, que non terá a obrigaón de exercer ningún deses dereitos de voto nin responsabilidade ningunha por exercer ou absterse de exercer eses dereitos.

c) Durante o período de avaliación e durante todo o período de desinvestimento previsto na letra f), non serán de aplicación as sancións e outras medidas por infracción dos requisitos para as adquisicións ou alleamentos das participacións significativas, recollidas na Lei 10/2014, do 26 de xuño, ou na Lei 24/1988, do 28 de xullo.

d) O supervisor competente, inmediatamente despois de levar a cabo a avaliación, notificará por escrito ao FROB e ao comprador se aproba ou se opón á transmisión.

e) Se o supervisor competente aproba a transmisión, considerarase que o dereito de voto sobre as accións ou outros instrumentos de capital queda plenamente conferido ao comprador a partir do momento en que o FROB e o comprador reciban a notificación.

f) Se a autoridade competente se opón á transmisión:

1.º O FROB manterá o dereito de voto sobre tales accións ou outros instrumentos.

2.º O FROB poderá exixir ao comprador que devolva as accións ou outros instrumentos de capital no período de desinvestimento que o FROB determine tendo en conta as condicións existentes no mercado.

3.º Se o adquirente non leva a cabo tal desinvestimento dentro do período establecido polo FROB, o supervisor competente, co consentimento do FROB, poderá impor ao comprador sancións e outras medidas por infracción dos requisitos para as adquisicións ou alleamentos das participacións cualificadas previstos na Lei 10/2014, do 26 de xuño, ou na Lei 24/1988, do 28 de xullo.

8. Para os efectos de exercer os dereitos de prestación de servizos financeiros ou establecerse noutro Estado membro de conformidade coa Lei 10/2014, do 26 de xuño, e coa Lei 24/1988, do 28 de xullo, considerarase que o comprador é unha continuación da entidade obxecto de resolución e poderá seguir exercendo os dereitos anteriormente exercidos por esta última en relación cos activos e pasivos transmitidos.

Artigo 27. *Entidade ponte.*

1. O FROB poderá acordar e executar a transmisión a unha entidade ponte:

a) Da totalidade ou parte das accións ou achegas ao capital social ou, con carácter xeral, dos instrumentos representativos do capital ou equivalente da entidade ou convertibles neles, calquera que sexan os seus titulares.

b) De todos ou parte dos activos e pasivos dunha entidade obxecto de resolución.

2. Considérase entidade ponte unha sociedade anónima que poderá estar participada polo FROB ou por outra autoridade ou mecanismo de financiamento públicos, cuxo obxecto é o desenvolvemento total ou parcial das actividades da entidade en resolución, e a xestión das accións ou outros instrumentos de capital ou de todos ou parte dos seus activos e pasivos.

O FROB exercerá o control sobre este instrumento de resolución ou a súa aplicación nos termos previstos regulamentariamente.

3. A transmisión a unha entidade ponte realizarase en representación e por conta dos accionistas da entidade, pero sen necesidade de obter o seu consentimento nin o de terceiros diferentes da entidade ponte e sen ter que cumprir os requisitos de procedemento exixidos en materia de modificacións estruturais das sociedades mercantís ou pola normativa en materia do mercado de valores.

4. O valor total dos pasivos transmitidos á entidade ponte non poderá exceder o valor dos dereitos e activos transmitidos desde a entidade obxecto de resolución ou de calquera outra procedencia.

5. O FROB poderá aplicar este instrumento nunha ou varias ocasións e a favor dunha ou varias entidades ponte, así como transmitir activos e pasivos dunha entidade ponte á entidade obxecto de resolución ou a un terceiro.

6. O FROB poderá acordar a devolución das accións ou outros instrumentos de capital, ou dos activos ou pasivos dunha entidade ponte á entidade obxecto de resolución, cando se produzan as seguintes circunstancias:

a) Se esta posibilidade consta expresamente no acto mediante o cal se ordenou a transmisión.

b) Se as accións ou outros instrumentos de capital, ou os activos ou pasivos non forman parte ou non se axustan ás condicións para a transmisión que se especifican no acto mediante o cal se ordenou a transmisión.

7. Para os efectos de exercer os dereitos de prestación de servizos ou establecerse noutro Estado membro de conformidade coa Lei 10/2014, do 26 de xuño, e coa Lei 24/1988, do 28 de xullo, considerarase que a entidade ponte é unha continuación da entidade obxecto de resolución e poderá seguir exercendo os dereitos anteriormente exercidos por esta última en relación cos activos e pasivos transmitidos. Para outros fins distintos será necesario que o FROB solicite ao supervisor competente o recoñecemento de tal continuidade.

8. A entidade ponte obterá a autorización oportuna para exercer as actividades ou servizos adquiridos de conformidade co disposto na Lei 10/2014, do 26 de xuño, e coa Lei 24/1988, do 28 de xullo, segundo proceda, e estará sometida á supervisión do Banco Central Europeo, do Banco de España ou da Comisión Nacional do Mercado de Valores. Así mesmo, a entidade ponte deberá axustar o seu funcionamento á normativa en materia de axudas de Estado e, para tal efecto, a autoridade de resolución poderá establecer restricións nas súas actividades.

Non obstante o anterior, ao inicio do seu funcionamento e durante o tempo estritamente necesario, poderase establecer e autorizar a entidade ponte sen necesidade de cumprir os requisitos previstos para o acceso á actividade correspondente, cando iso sexa necesario para alcanzar os obxectivos da resolución. Para tal fin, o FROB deberá presentar unha solicitude ao supervisor competente quen, no caso de que o autorice, indicará o período de tempo durante o cal a entidade está eximida de cumprir aqueles requisitos.

9. As funcións da entidade ponte non implicarán ningunha obrigaición ou responsabilidade respecto aos accionistas e acredores da entidade en resolución, e o órgano de administración ou dirección non terá ningunha responsabilidade fronte aos ditos accionistas e acredores por actos ou omisións en cumprimento das súas obrigaicións a menos que tal acto ou omisión implique unha falta ou infracción graves que afecte directamente os dereitos de accionistas e acredores.

10. A entidade ponte será administrada e xestionada co obxecto de manter o acceso ás funcións esenciais e vendela, ou vender os seus activos e pasivos, cando as condicións sexan apropiadas e, en todo caso, no prazo máximo e de conformidade cos supostos que se establezan regulamentariamente.

11. A venda da entidade ponte ou dos seus activos ou pasivos desenvolverase no marco de procedementos competitivos, transparentes e non discriminatorios e efectuarase en condicións de mercado, tendo en conta as circunstancias específicas e de conformidade coa normativa en materia de axudas de Estado.

12. Cando se poña fin ás actividades da entidade ponte, esta será sometida a un procedemento concursal. Calquera ingreso xerado polo cesamento das actividades da entidade ponte beneficiará os accionistas da propia entidade.

13. Cando a entidade ponte sexa utilizada co propósito de transferir os activos e pasivos de máis dunha entidade en resolución, a liquidación realizarase de maneira individualizada para os activos e pasivos de cada unha das entidades, para cuxo efecto serán previamente segregados da entidade ponte.

Artigo 28. *Sociedade de xestión de activos.*

1. Nos termos previstos nesta lei, o FROB poderá, con carácter de acto administrativo, obrigar unha entidade obxecto de resolución ou unha entidade ponte a transmitir a unha ou varias sociedades de xestión de activos determinadas categorías de activos que figuren no balance da entidade. Tamén poderá adoptar as medidas necesarias para a transmisión de activos que figuren no balance de calquera entidade sobre a cal a entidade exerza control no sentido do artigo 42 do Código de comercio, cando se trate de activos especialmente danados ou cuxa permanencia en tales balances se considere prexudicial para a súa viabilidade ou para os obxectivos da resolución co fin de dar de baixa dos balances os ditos activos e permitir a xestión independente da súa realización.

O FROB só exercerá esas facultades nos seguintes casos:

- a) Se o mercado dos activos da entidade obxecto de resolución ou da entidade ponte é de tal natureza que a súa liquidación consonte os procedementos de insolvencia ordinarios podería influír negativamente nos mercados financeiros,
- b) se a transmisión é necesaria para garantir o bo funcionamento da entidade obxecto de resolución ou da entidade ponte, ou
- c) se é necesaria unha transmisión para maximizar os ingresos procedentes da liquidación.

2. Determinaranse os criterios para definir as categorías de activos que poderán ser transmitidos en función, entre outros, da actividade a que estean ligados, da súa antigüidade en balance e da súa clasificación contable. En función destes criterios, o FROB precisará para cada entidade os activos susceptibles de seren transmitidos.

3. Cada sociedade de xestión de activos será unha sociedade anónima que poderá estar participada polo FROB ou por outra autoridade ou mecanismo de financiamento públicos, constituída co propósito de recibir a totalidade ou parte dos activos e pasivos dunha ou varias entidades obxecto de resolución ou dunha entidade ponte.

O FROB exercerá o control sobre este instrumento de resolución ou a súa aplicación nos termos previstos regulamentariamente.

4. A realización de actuacións en cumprimento dos obxectivos da sociedade de xestión de activos non implicará ningún tipo de obrigaición ou responsabilidade fronte aos accionistas e acredores da entidade en resolución, e o órgano de administración ou dirección non terá ningunha responsabilidade fronte a tales accionistas e acredores por actos ou omisións en cumprimento das súas obrigaicións a menos que deriven dunha falta ou infracción graves que afecten directamente os dereitos de accionistas e acredores.

5. A sociedade de xestión de activos estará suxeita a obrigaicións de goberno corporativo que garantan o exercicio das súas funcións de acordo cos obxectivos e principios previstos nos artigos 3 e 4, nos termos que se prevexan regulamentariamente.

6. A sociedade poderá emitir obrigaicións e valores que recoñezan ou creen débeda sen que lle resulte de aplicación o límite previsto no artigo 405 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo.

7. Para os efectos do previsto respecto á sociedade de xestión de activos, a referencia a activos comprenderá tamén os pasivos que sexa necesario transmitir.

8. Desenvolverase regulamentariamente o disposto neste artigo.

Artigo 29. *Réxime da transmisión de activos.*

1. Non serán opoñibles á transmisión dos activos a unha ou varias sociedades de xestión de activos as cláusulas estatutarias ou contractuais existentes que restrinxan a transmisibilidade das participacións, e non se poderá exixir ningunha responsabilidade nin reclamar ningún tipo de compensación baseada no incumprimento de tales cláusulas.

2. Con carácter previo á transmisión, as entidades realizarán os axustes de valoración dos activos que se vaian transmitir segundo os criterios que se determinen regulamentariamente. Así mesmo, con igual carácter previo á transmisión, o FROB determinará o valor dos activos transmitidos á sociedade de xestión de activos de

conformidade cos principios establecidos no artigo 5 e, de ser o caso, no marco da normativa de axudas de Estado.

Para os efectos do disposto no texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, a valoración anterior substituirá a realizada por un experto independente.

3. O FROB poderá exixir que, con carácter previo á súa transmisión á sociedade, os activos se agrupen nunha sociedade ou se realice sobre eles calquera clase de operación que facilite a transmisión.

4. A transmisión de activos estará sometida ás seguintes condicións especiais:

a) A transmisión non poderá ser, en ningún caso, obxecto de rescisión por aplicación das accións de reintegración previstas na lexislación concursal.

b) Para a transmisión de créditos que teñan a consideración de litixiosos, non resultará aplicable o disposto no artigo 1535 do Código civil.

c) A sociedade adquirente non quedará obrigada a formular unha oferta pública de adquisición consonte a normativa sobre mercados de valores.

d) A transmisión de activos non constituirá un suposto de sucesión ou extensión de responsabilidade tributaria nin de seguridade social, salvo o disposto no artigo 44 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo.

e) A sociedade de xestión de activos non será responsable, no caso de que se produza a transmisión, das obrigacións tributarias devindicadas con anterioridade a esa transmisión derivadas da titularidade, explotación ou xestión daqueles pola entidade transmitente.

f) En caso de que se acheguen dereitos de crédito á sociedade de xestión de activos, a entidade non responderá da solvencia do correspondente debedor e, en caso de que a transmisión se leve a cabo mediante operacións de escisión ou segregación, non resultará aplicable o disposto no artigo 80 da Lei 3/2009, do 3 de abril, sobre modificacións estruturais das sociedades mercantís.

5. O FROB poderá transmitir os activos da entidade obxecto de resolución a unha ou varias entidades de xestión de activos en máis dunha ocasión e acordar a devolución dos activos desde unha ou varias sociedades de xestión de activos á entidade obxecto de resolución, e esta última deberá aceptar a devolución, cando se produza unha das seguintes circunstancias:

a) Cando a posibilidade de devolver os dereitos, activos ou pasivos conste expresamente no acto mediante o cal se ordenase a transmisión.

b) Cando os dereitos, activos ou pasivos non formen parte ou non se axusten ás condicións para a transmisión dos dereitos, activos ou pasivos, que se especifican no acto mediante o cal se ordenase a transmisión.

A devolución poderase realizar nos prazos establecidos no acto mediante o cal se ordenase a transmisión, axustándose ás condicións establecidas nel, e de acordo coa valoración que se realizase conforme o artigo 5 para a transmisión orixinal.

Artigo 30. *Réxime de supervisión das sociedades de xestión de activos.*

1. Corresponderá ao FROB a supervisión do cumprimento:

a) Do obxecto exclusivo da sociedade de xestión de activos co fin de identificar desviacións deste que poñan en perigo a consecución dos obxectivos xerais legalmente establecidos para ela.

b) Dos requisitos específicos que se establezan para os activos e, de ser o caso, pasivos que se teñan que transferir á sociedade de xestión de activos.

c) Das normas referidas á transparencia e á constitución e composición dos órganos de goberno e control da sociedade de xestión de activos previstas na súa normativa

reguladora, así como as relativas aos requisitos de honorabilidade comercial e profesional dos membros do seu consello de administración.

2. Para os efectos das funcións de supervisión asignadas no punto anterior, o FROB poderá:

- a) realizar as inspeccións e as comprobacións que considere oportunas no marco das funcións previstas no punto anterior, e
- b) requirir á sociedade de xestión de activos tanta información resulte necesaria para desenvolver as súas funcións, mesmo requirir dela os informes de expertos independentes que considere precisos.

O acceso ás informacións e datos requiridos polo supervisor competente entenderase amparado polo artigo 11.2.a) da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Sección 2.^a Operacións de recapitalización

Artigo 31. Operacións de recapitalización con utilización dos recursos do Fondo de Resolución Nacional.

1. No caso de que, de acordo co artigo 50.1.b), a aplicación dos instrumentos de resolución implique a utilización polo FROB dos recursos procedentes do Fondo de Resolución Nacional para recapitalizar unha entidade, levarase a cabo de acordo co disposto nesta sección, sen prexuízo do resto de regras aplicables previstas nesta lei.

2. O FROB realizará as actuacións de adquisición e alleamento dos activos ou pasivos en función do valor da entidade segundo o previsto no artigo 5, e de acordo coa normativa da Unión Europea en materia de competencia e axudas de Estado.

3. Os instrumentos que adquira o FROB serán computables, logo de cumprimento dos requisitos aplicables, como capital ordinario de nivel 1, capital de nivel 1 adicional ou capital de nivel 2, conforme o disposto no Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013.

4. Cando o FROB leve a cabo accións de recapitalización en virtude do disposto nos artigos 20.2.c) e 51, será de aplicación o disposto nesta sección.

5. Para efectos da aplicación da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, os créditos do FROB serán considerados créditos con privilexio xeral.

Artigo 32. Accións ordinarias ou achegas ao capital social.

1. Con anterioridade á adquisición polo FROB de accións ordinarias ou á realización de achegas ao capital social, a entidade que se encontre sometida a un procedemento de resolución adoptará as medidas necesarias para que tal adquisición ou achega supoña unha participación no seu capital social que se axuste ao valor da entidade resultante do proceso de valoración.

2. O réxime xurídico do FROB non se estenderá ás entidades por el participadas de conformidade co previsto neste artigo, que se deberán rexer polo ordenamento xurídico privado que resulte de aplicación.

3. A subscrición ou adquisición destes instrumentos determinará, en todo caso, por si mesma e sen necesidade de ningún outro acto ou acordo, salvo a notificación correspondente ao Rexistro Mercantil dos votos que lle corresponden, a atribución ao FROB dos dereitos políticos correspondentes e a súa incorporación ao órgano de administración da entidade emisora. O FROB nomeará a persoa ou persoas físicas que desempeñen a súa representación para tal efecto e disporá no órgano de administración de tantos votos como os que resulten de aplicar ao número total de votos a súa porcentaxe de participación na entidade, arredondado ao enteiro máis próximo.

4. Co fin de asegurar unha maior eficiencia no uso dos recursos públicos e cumprindo para o efecto coa normativa española e da Unión Europea en materia de competencia e

axudas de Estado, o desinvestimento polo FROB dos instrumentos a que se refire esta sección realizarase mediante o seu alleamento a través de procedementos que aseguren a competencia.

O FROB poderá adoptar calquera dos instrumentos a que se refire o artigo 53.2 para apoiar o procedemento competitivo de desinvestimento.

O FROB poderá concorrer xunto con algún ou algúns dos demais socios ou accionistas da entidade aos eventuais procesos de venda de títulos nos mesmos termos que estes poidan concertar.

5. O alleamento realizarase logo de informe da Intervención Xeral da Administración do Estado, relativo ao cumprimento das regras de procedemento aplicables para a súa execución. Así mesmo, os procesos de desinvestimento de participacións significativas levados a cabo por entidades de crédito controladas polo FROB, de conformidade cos correspondentes plans de resolución, a través de participacións directas ou indirectas, e con independencia de que tales entidades estean suxeitas ao dereito privado, serán obxecto de informe do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas no relativo á súa adecuación aos principios de publicidade e concorrencia. Corresponderá á Comisión Reitora do FROB a delimitación do concepto de participación significativa.

Artigo 33. Instrumentos convertibles en accións ordinarias ou achegas ao capital social.

1. No momento da adopción do acordo de emisión destes instrumentos, a entidade emisora deberá aprobar os acordos necesarios para a ampliación de capital ou a subscripción de achegas ao capital na contía necesaria.

2. Salvo que o FROB determine unhas condicións de desinvestimento diferentes, a entidade deberá comprar ou amortizar os instrumentos subscritos ou adquiridos polo FROB, a través do Fondo de Resolución Nacional, tan pronto como estea en condicións de facelo nos termos previstos e, en todo caso, en prazos compatibles coa normativa sobre axudas de Estado.

Artigo 34. Réxime especial da subscripción ou adquisición por parte do FROB dos instrumentos de recapitalización.

1. Cando o FROB subscriba ou adquira calquera dos instrumentos de recapitalización sinalados nesta sección, non lle resultarán de aplicación:

- a) As limitacións estatutarias do dereito de asistencia ás xuntas ou asembleas xerais ou do dereito a voto.
- b) As limitacións á adquisición de achegas ao capital social de cooperativas de crédito.
- c) A obrigaón de presentar oferta pública de adquisición consonte a normativa sobre mercados de valores.

2. Cando o FROB subscriba ou adquira achegas ao capital social dunha cooperativa de crédito, o quórum de asistencia á asemblea e as maiorías necesarias para a adopción de acordos calcularanse, e os dereitos de voto atribuiranse, en proporción ao importe das achegas respecto ao capital social da cooperativa.

3. En caso de que se acorde a supresión do dereito de subscripción preferente dos accionistas, non será necesaria a obtención do informe do auditor de contas exixido polo texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo.

Así mesmo, en caso de que se emitan os instrumentos a que se refire o artigo 33 tampouco será necesario o informe do auditor de contas exixido polo texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, sobre as bases e modalidades da conversión.

CAPÍTULO VI

Amortización e conversión de instrumentos de capital e recapitalización interna

Sección 1.ª Disposicións xerais

Artigo 35. Amortización e conversión de instrumentos de capital e recapitalización interna.

1. O FROB procederá á amortización e conversión de instrumentos de capital dunha entidade ou á aplicación do instrumento de recapitalización interna, acordando a amortización de calquera dos seus pasivos ou a súa conversión en accións ou outros instrumentos de capital da entidade ou doutra entidade por ela participada, nos termos previstos nesta lei. Os actos que o FROB adopte en aplicación das previsións deste capítulo terán carácter de actos administrativos.

2. Sempre que o FROB adopte medidas de resolución das cales derive a asunción de perdas por parte dos acredores, de maneira previa ou con carácter simultáneo, deberá proceder á amortización ou conversión dos instrumentos de capital, nos termos previstos nesta lei.

Artigo 36. Importe da recapitalización.

1. Antes de acordar a amortización e conversión de instrumentos de capital ou a recapitalización interna, o FROB levará a cabo unha valoración dos activos e pasivos da entidade consonte o artigo 5, que constituirá a base do cálculo do importe en que será necesario recapitalizar a entidade afectada.

2. Para os efectos do previsto no punto anterior, o FROB calculará, tendo en conta a avaliación realizada de acordo co punto 1, a suma agregada:

- a) Do importe polo cal deben amortizarse os pasivos admisibles para garantir que o valor activo neto da entidade en resolución é igual a cero, e
- b) Do importe polo cal deben converterse os pasivos admisibles en accións ou outros instrumentos de capital para restablecer o coeficiente de capital ordinario de nivel 1 da entidade obxecto de resolución ou da entidade ponte.

3. O cálculo previsto no punto anterior determinará o importe polo cal os pasivos elixibles deben ser amortizados ou convertidos para restablecer o coeficiente de capital ordinario de nivel 1 da entidade obxecto de resolución ou, de ser o caso, da entidade ponte, e para manter a confianza suficiente do mercado nelas, así como para permitir que estas poidan cumprir, durante ao menos un ano, as condicións para a súa autorización e proseguir as actividades para as cales están autorizadas.

4. O cálculo efectuado terá en conta, de ser o caso, a achega de capital realizada polo Fondo de Resolución Nacional e, en caso de que o FROB propoña utilizar o instrumento de transmisión de activos ou pasivos previsto no artigo 29, unha estimación prudente das necesidades de capital da sociedade de xestión de activos, segundo corresponda.

5. Unha vez realizada a recapitalización interna, se se constata que o nivel de amortización baseado na valoración preliminar prevista no artigo 38 supera os requirimentos en comparación coa valoración definitiva, establecerase un mecanismo para compensar os acredores e, a continuación, os accionistas na medida en que sexa necesario.

Artigo 37. Efectos da amortización e conversión dos instrumentos de capital e a recapitalización interna.

1. Cando o FROB exerza as competencias reguladas neste capítulo, a redución do importe principal ou pendente debido, a conversión ou a cancelación dos pasivos serán inmediatamente executivas.

2. En caso de que se amortice o importe principal dun instrumento de capital pertinente, produciranse os efectos seguintes:

- a) A redución do importe principal será permanente, sen prexuízo do mecanismo de compensación que, de ser o caso, poida aplicarse de acordo co previsto no artigo 36.5.
- b) En relación co titular do pasivo afectado, non subsistirá ningunha obrigación respecto ao importe do instrumento que fose amortizado, excepto cando se trate dunha obrigación xa devindicada ou dunha obrigación resultante dos danos e perdas xurdidos como consecuencia da sentenza que resolva o recurso contra o exercicio da competencia de amortización e conversión dos instrumentos de capital ou da recapitalización interna, todo iso sen prexuízo da aplicación ao dito titular do disposto no artigo 39.3.
- c) Non se lle pagará ningunha indemnización ao titular dos pasivos afectados, excepto se se axusta ao disposto no artigo 39.3.

3. O FROB estará facultado para levar a cabo ou exixir que se leven a cabo os trámites para facer efectivo o exercicio das ditas competencias.

4. Cando o FROB reduza a cero o importe principal ou o importe pendente dun pasivo, este ou calquera obrigación ou dereito derivado del que non vencesen no momento da redución consideraranse extinguidos para todos os efectos e non se poderán computar nunha eventual liquidación posterior da entidade ou doutra sociedade que a suceda.

5. Cando o FROB reduza só en parte o importe principal ou o importe pendente dun pasivo admisible, a extinción deste e do instrumento ou acordo que o crease producirase só na mesma medida en que se reduza o importe e sen prexuízo de calquera modificación das condicións destes que poida adoptar o FROB en virtude das competencias que ten atribuídas.

6. Cando a amortización ou conversión de instrumentos de capital ou a aplicación do instrumento de recapitalización dean lugar á adquisición ou ao incremento dunha participación cualificada nunha entidade, a avaliación requirida na Lei 10/2014, do 26 de xuño, e na Lei 24/1988, do 28 de xullo, levarase a cabo nun prazo non superior a 5 días hábiles.

Sección 2.^a Amortización e conversión de instrumentos de capital

Artigo 38. Amortización e conversión de instrumentos de capital.

1. O FROB, logo de consulta ao supervisor competente, poderá realizar a amortización ou conversión dos instrumentos de capital pertinentes dunha entidade:

- a) Independentemente de calquera medida de resolución, incluída a recapitalización interna.
- b) Conxuntamente con calquera medida de resolución, cando se dean as circunstancias previstas no artigo 19.

2. O FROB, logo de consulta ao supervisor competente, procederá sen demora á amortización e conversión de instrumentos de capital, cando se dea algunha das circunstancias seguintes:

- a) Que a entidade cumpra as condicións de resolución previstas no artigo 19.
- b) Que, a non ser que se exerza esta competencia, a entidade se volverá inviable. Cando se trate de filiais españolas pertencentes a grupos consolidables, a apreciación desta circunstancia deberá realizarse de forma conxunta coa autoridade apropiada do Estado membro do supervisor en base consolidada de acordo co procedemento que se fixe regulamentariamente.
- c) Que a entidade necesite axuda financeira pública extraordinaria, excepto cando esta adopte a forma prevista no artigo 20.2.c).
- d) No caso dos instrumentos de capital emitidos por unha filial española e se eses instrumentos de capital se recoñecen para os efectos de cumprimento dos requisitos de

fondos propios en base individual e consolidada, que a autoridade apropiada do Estado membro do supervisor en base consolidada e o FROB, por iniciativa propia ou do supervisor ou da autoridade de resolución preventiva competentes, efectúen, logo de cumprimento dos requisitos de información e consulta establecidos nesta lei, a apreciación conxunta de que, a non ser que se exerza a competencia de amortización ou conversión en relación cos ditos instrumentos, o grupo se volvería inviable.

e) No caso dos instrumentos de capital emitidos por unha matriz española e se tales instrumentos se recoñecen para os efectos de cumprimento dos requisitos de fondos propios con carácter individual ao nivel da empresa matriz ou en base consolidada, que o FROB, por iniciativa propia ou do supervisor ou da autoridade de resolución preventiva competentes, aprecie que, a non ser que se exerza a competencia de amortización ou conversión en relación cos ditos instrumentos, o grupo se volvería inviable.

3. Para os efectos do disposto neste artigo entenderase que unha entidade é inviable se se encontra nalguna das circunstancias previstas no artigo 20 e, ademais, se cumpre a condición prevista no artigo 19.1.b).

No caso de grupos de entidades, entenderase que se cumpre o previsto no artigo 20 se o grupo infrinxe, ou existen elementos obxectivos que fagan probable que infrinxa no futuro próximo, os seus requirimentos de solvencia a nivel consolidado de tal maneira que xustifique a adopción de accións polo supervisor competente, incluso no caso de que o grupo incorrese en perdas que esgoten a totalidade ou unha parte significativa dos seus recursos propios.

4. Os instrumentos de capital emitidos por unha filial non serán amortizados ou convertidos en maior grao ou en termos máis desfavorables, no suposto previsto no punto 2.d), que outros instrumentos de capital de igual rango emitidos pola matriz.

5. As autoridades supervisoras e de resolución competentes, a nivel individual ou consolidado, cooperarán e levarán a cabo as notificacións oportunas para proceder á determinación de que se cumpren as circunstancias e condicións previstas neste artigo.

6. A amortización e conversión de instrumentos de capital deberá estar precedida da oportuna valoración, nos termos previstos no artigo 5, que servirá tamén de base para aplicar os coeficientes de amortización e conversión.

Artigo 39. *Regras para a amortización ou conversión dos instrumentos de capital.*

1. O FROB exercerá a competencia de amortización ou de conversión dos instrumentos de capital nos termos establecidos nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento, de acordo coa prelación dos créditos aplicable ao procedemento concursal, de forma que se produzan os resultados seguintes:

a) En primeiro lugar amortizaranse os elementos do capital ordinario de nivel 1 de forma proporcional ás perdas e até onde sexa posible, adoptándose a ou as medidas previstas no artigo 47.1.

b) Se o importe anterior non for suficiente para a recapitalización, amortizarase o importe principal dos instrumentos de capital adicional de nivel 1 ou converterase en instrumentos de capital ordinario de nivel 1, ou ambas as cousas, na medida en que sexa necesario para alcanzar os obxectivos de resolución, ou se o importe é inferior, até onde sexa posible.

c) Se os importes anteriores non resultan suficientes para a recapitalización, amortizarase o importe principal dos instrumentos de capital de nivel 2 ou converterase en instrumentos de capital ordinario de nivel 1, ou ambas as cousas, na medida en que sexa necesario para alcanzar os obxectivos de resolución ou, se o importe é inferior, até onde sexa posible.

O FROB non converterá en capital ou amortizará unha clase de instrumentos de capital mentres outra clase subordinada non fose convertida en capital ou amortizada na súa totalidade.

2. Cando se leve a cabo a amortización ou conversión do principal dos instrumentos de capital:

a) A redución do principal será permanente, sen prexuízo do mecanismo para compensar os acredores previsto no artigo 36.5.

b) Non subsistirá ningunha obrigación fronte ao titular dos instrumentos de capital respecto ao importe amortizado, excepto as obrigacións xa devindicadas ou a responsabilidade que derive como resultado dun recurso presentado contra a legalidade do exercicio da competencia de amortización.

O disposto nesta letra non impedirá a provisión de instrumentos de capital ordinario de nivel 1 para un titular de instrumentos de capital, de conformidade co punto 3.

c) Non se pagará ningunha indemnización ao titular dos instrumentos de capital, sen prexuízo do previsto no punto 3.

3. Co fin de efectuar a conversión dos instrumentos de capital pertinentes consonte o punto 1.b), o FROB, nas condicións que se fixen regulamentariamente, poderá exixir ás entidades afectadas que emitan instrumentos de capital ordinario de nivel 1 para os titulares dos instrumentos de capital adicional de nivel 1 e capital de nivel 2. Para estes efectos, o FROB poderá exixir ás ditas entidades que manteñan en todo momento a autorización previa que se requira para a emisión.

Sección 3.^a Recapitalización interna

Artigo 40. Recapitalización interna.

1. Nos termos previstos nesta lei, o FROB poderá exercer as competencias que sexan necesarias e, en particular, as previstas no artigo 35 e na sección 2.^a do capítulo VII, co obxecto de recapitalizar internamente a entidade obxecto de resolución, en cumprimento dos obxectivos da resolución e de acordo cos principios previstos nos artigos 3 e 4.

2. As medidas de recapitalización interna poderán adoptarse para:

a) Recapitalizar a entidade de tal forma que poida volver cumprir as condicións para continuar as súas actividades, mantendo a confianza do mercado.

b) Converter en capital ou reducir o principal dos créditos ou instrumentos de débeda transmitidos ao aplicar os instrumentos de resolución consistentes na constitución dunha entidade ponte, a venda de negocio ou a segregación de activos.

3. A recapitalización interna da entidade realizarase segundo o previsto na letra a) do punto anterior, no caso de que existan perspectivas razoables de que a aplicación do dito instrumento, en conxunción con outras medidas apropiadas, incluídas as medidas executadas de acordo co plan de reorganización de actividades previsto no artigo 49, ademais de lograr os obxectivos de resolución pertinentes, restableza a solidez financeira e a viabilidade a longo prazo da entidade.

En caso contrario, a recapitalización interna da entidade levarase a cabo segundo o previsto na letra b) do punto anterior, en conxunción cos instrumentos de resolución previstos no artigo 25.

4. A recapitalización interna realizarase respectando a forma xurídica da entidade afectada salvo cando o FROB considere necesario alterala.

Sección 4.^a Pasivos admisibles para a recapitalización interna

Artigo 41. Pasivos admisibles para a recapitalización interna.

1. Todos os pasivos que non estean expresamente excluídos ou que non se exclúsen por decisión do FROB, de acordo co previsto nesta lei, serán susceptibles de amortización ou conversión en capital para a recapitalización interna da entidade afectada. Determinaranse regulamentariamente os criterios de admisibilidade dos pasivos e

tomarase en consideración, en particular, o prazo de vencemento do instrumento, a súa natureza, o seu nivel de prelación, as garantías con que puidese contar, e sempre que se trate dun instrumento emitido que estea plenamente desembolsado.

2. A autoridade de resolución preventiva, logo de informe do FROB, poderá limitar a posesión, por parte doutras entidades, de pasivos admisibles para a recapitalización interna dunha entidade, excepto se ambas as entidades forman parte do mesmo grupo e sen prexuízo das normas sobre grandes exposicións que resulten aplicables.

Artigo 42. Pasivos obrigatoriamente excluídos da recapitalización interna.

1. Quedan excluídos da recapitalización interna os seguintes pasivos:

a) Depósitos garantidos, até o nivel garantido pola normativa do Fondo de Garantía de Depósitos.

b) Pasivos garantidos, incluídos os bonos garantidos, en particular, cédulas e bonos hipotecarios, territoriais e de internacionalización, e os pasivos en forma de instrumentos financeiros utilizados para fins de cobertura, que formen parte integrante da carteira de cobertura e que, consonte a normativa nacional, estean garantidos polos activos da carteira de cobertura do bono garantido.

c) Pasivos resultantes da tenza pola entidade afectada de activos ou diñeiro de clientes, incluídos os depositados en nome de institucións de investimento colectivo, entidades de capital risco ou entidades de investimento colectivo de tipo cerrado cando o dito cliente estea protexido consonte a normativa concursal.

d) Pasivos resultantes dunha relación fiduciaria entre a entidade ou sociedade afectada, como fideicomisario, e outra persoa, como beneficiaria, cando o dito cliente estea protexido consonte a normativa concursal.

e) Pasivos de entidades, excluídas as sociedades que formen parte do mesmo grupo, cuxo prazo de vencemento inicial sexa inferior a sete días.

f) Pasivos que teñan un prazo de vencemento restante inferior a sete días, respecto de sistemas ou operadores de sistemas designados de conformidade coa Lei 41/1999, do 12 de novembro, sobre sistemas de pagamentos e de liquidación de valores, ou dos seus participantes, e resultantes da participación nun destes sistemas.

g) Pasivos contraídos con:

1.º Empregados, en concepto de salarios, pensións ou outras remuneracións fixas devindicadas. Esta exclusión non se aplicará cando se trate do compoñente variable da remuneración que non estea regulado por convenios colectivos ou por acordos ou pactos colectivos.

2.º Acredores comerciais, pola subministración á entidade afectada de bens e servizos que son esenciais para o desenvolvemento cotián das súas actividades, incluídos os servizos de tecnoloxías da información, as subministracións públicas de carácter básico e o alugamento, mantemento e limpeza de locais.

3.º A Administración tributaria ou da Seguridade Social.

4.º Sistemas de garantía de depósitos xurdidos de contribucións debidas de conformidade co Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, polo que se crea o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito, e coa súa normativa de desenvolvemento.

2. Os activos de garantía relacionados cunha carteira de cobertura de bonos garantidos deberán permanecer inalterados e segregados e dispor de financiamento suficiente. Esta regra e a exclusión prevista na letra b) do punto anterior non afectarán a parte do bono garantido que exceda o valor dos activos que o garanten.

Artigo 43. Pasivos susceptibles de exclusión da recapitalización interna por decisión do FROB.

1. En circunstancias excepcionais, e logo de comunicación á Comisión Europea, o FROB, nos termos e coas condicións previstas nesta lei e de acordo co procedemento que

regulamentariamente se determine, poderá excluír da recapitalización interna, total ou parcialmente, certos pasivos ou categorías de pasivos admisibles cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

- a) Non sexa posible amortizar ou converter eses pasivos dentro dun prazo razoable.
- b) A exclusión sexa estritamente necesaria e proporcionada para:

1.º Garantir a continuidade das funcións esenciais e as ramas de actividade principais de maneira tal que se manteña a capacidade da entidade obxecto de resolución de continuar as operacións, os servizos e as transaccións principais, ou

2.º Evitar que se orixine un contaxio estendido, en particular respecto dos depósitos admisibles en poder de persoas físicas, microempresas e pequenas e medianas empresas, que perturbe gravemente o funcionamento dos mercados financeiros, incluídas as súas infraestruturas, de modo tal que se poida causar un trastorno grave á economía dun Estado membro ou á da Unión Europea.

c) Cando a aplicación do instrumento de recapitalización interna a tales pasivos orixinaría unha destrución do valor tal que as perdas sufridas por outros acredores serían máis elevadas que se eses pasivos se exclúsen da recapitalización interna.

2. Ao exercer a facultade discrecional prevista no punto 1, o FROB terá debidamente en conta os seguintes elementos:

a) O principio de que as perdas deben ser asumidas en primeiro lugar polos accionistas e despois, en xeral, polos acredores da entidade obxecto de resolución, por orde de preferencia.

b) O nivel da capacidade de absorción de perdas que seguiría tendo a entidade obxecto de resolución se se exclúe o pasivo ou a categoría de pasivos.

c) A necesidade de manter uns recursos suficientes para o financiamento da resolución.

3. Cando o FROB decida excluír total ou parcialmente un pasivo admisible ou unha categoría de pasivos admisibles de conformidade con este artigo, o nivel da amortización ou conversión aplicada a outros pasivos admisibles poderá aumentarse para ter en conta tales exclusións, sempre que o nivel de amortización e conversión aplicada a outros pasivos admisibles respecte o principio establecido no artigo 4.1.d).

4. Cando as perdas que poderían ter sufrido os pasivos excluídos por decisión do FROB consonte este artigo non se repercutisen plenamente noutros acredores, o Fondo de Resolución Nacional poderá facer unha contribución á entidade obxecto de resolución nos termos e condicións que se establecen na sección 6.^a

Artigo 44. *Determinación do requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles.*

1. A autoridade de resolución preventiva, logo de informe do FROB e do supervisor competente, fixará o requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles exixibles a cada entidade e comprobará que as entidades cumpran en todo momento tal requirimento. A dita determinación e comprobación realizarase con ocasión da elaboración, avaliación e mantemento dos plans de resolución e comunicaráselle á Autoridade Bancaria Europea. Cando a autoridade de resolución a nivel de grupo ou responsable da filial con carácter individual pertenza a outro Estado membro, adoptarase unha decisión conxunta nos termos previstos regulamentariamente.

O requirimento mínimo calcularase como o importe dos fondos propios e dos pasivos admisibles expresado porcentualmente, respecto ao total de pasivos e fondos propios da entidade. Determinarase regulamentariamente a forma de cálculo do citado requirimento.

Os derivados serán incluídos no total de pasivos sobre a base do pleno recoñecemento aos dereitos de compensación contractual.

2. O requirimento mínimo será fixado consonte os seguintes criterios:

a) A necesidade de garantir a resolución da entidade mediante a aplicación de calquera dos instrumentos de resolución.

b) A necesidade de garantir que, cando proceda, a entidade conte cos pasivos admisibles suficientes para unha eficaz aplicación do instrumento de recapitalización interna.

c) A necesidade de garantir que, se o plan de resolución anticipa que determinadas categorías de pasivos admisibles poderían quedar excluídas da recapitalización interna en virtude do disposto no artigo 43, ou poderían ser transmitidas totalmente a un adquirente en virtude dunha transmisión parcial, a entidade conte con outros pasivos admisibles suficientes para que o instrumento de recapitalización interna se poida aplicar eficazmente.

d) O tamaño, tipo de empresa, modelo de financiamento e perfil de risco da entidade.

e) A medida en que o sistema de garantía de depósitos pode contribuír ao financiamento da resolución.

f) A medida en que a inviabilidade da entidade tería un efecto adverso na estabilidade financeira debido, entre outros, ao fenómeno de contaxio como consecuencia da súa interconexión con outras entidades ou co resto do sistema financeiro.

3. Os pasivos admisibles poderán ser computados para os efectos de cumprir co requirimento mínimo, cando cumpran as condicións que se determinen regulamentariamente.

4. Cando un pasivo estea regulado pola normativa dun terceiro país, a autoridade de resolución preventiva competente poderá exixir á entidade que demostre que toda decisión consistente en amortizar ou converter ese pasivo sería efectiva consonte a normativa dese terceiro país. Se a autoridade de resolución preventiva, logo de consulta ao FROB, alberga dúbidas sobre a súa admisibilidade, o dito pasivo non será computado para o requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles.

5. As entidades cumprirán o requirimento mínimo establecido no presente artigo con carácter individual. Ademais, as matrices da Unión Europea cumprirán o requirimento mínimo establecido neste artigo tamén con carácter consolidado nos termos que regulamentariamente se determinen.

A autoridade de resolución preventiva, logo de consulta ao FROB e ao supervisor competente, poderá decidir aplicar o requirimento mínimo ás entidades previstas no artigo 1.2.b), c) e d).

O requirimento mínimo a nivel consolidado será determinado ao menos sobre a base dos criterios establecidos no punto 2, e tendo en conta se as filiais do grupo en terceiros países son obxecto de resolución separada ou non de acordo co plan de resolución.

6. A autoridade de resolución preventiva, logo de consulta ao FROB, poderá eximir totalmente do cumprimento do requirimento mínimo regulado neste artigo matrices e filiais da Unión Europea nos casos e condicións que se determinen regulamentariamente.

7. A autoridade de resolución preventiva poderá autorizar, logo de consulta ao FROB, nas condicións que se determinen regulamentariamente, que o requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles se cumpra parcialmente, con carácter consolidado ou individual, mediante instrumentos contractuais de recapitalización interna. Os citados instrumentos determinaranse, comprobaranse e comunicaranse á Autoridade Bancaria Europea da mesma maneira que o resto do requirimento mínimo.

Artigo 45. *Eliminación dos obstáculos que impidan a recapitalización interna.*

1. A autoridade de resolución preventiva, logo de informe do FROB e do supervisor competente, e como consecuencia da análise do desenvolvemento e mantemento do plan de resolución, poderá exixir ás entidades que manteñan en todo momento un importe de capital social autorizado suficiente, ou outro instrumento de capital ordinario de nivel 1 para que, no caso de que deban exercerse as competencias de recapitalización interna respecto a esa entidade ou a calquera das súas filiais, esta poida emitir unha cantidade suficiente de novas accións ou outros instrumentos de capital co fin de garantir que a conversión de pasivo en accións ou outros instrumentos de capital se leve a cabo de forma efectiva.

2. En todo caso, se o plan de resolución prevé unha eventual aplicación do instrumento de recapitalización interna, o capital social autorizado ou outro instrumento de capital ordinario de nivel 1 deberán ser suficientes para cubrir a suma dos importes a que se refire o artigo 36.2.

En caso de que o importe máximo do capital autorizado previsto no artigo 297.b) do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, resulte insuficiente, o dito límite poderá ser excedido por requirimento da autoridade de resolución preventiva efectuado en exercicio das competencias previstas no punto anterior. En exercicio desas competencias, tamén poderá requirir que se supere o prazo máximo fixado no referido artigo. Tampouco resultará de aplicación o requisito de que as achegas deban ser en diñeiro.

Artigo 46. *Recoñecemento contractual da recapitalización interna.*

1. As entidades deberán incluír nos contratos que celebren unha cláusula de suxeición dos pasivos que con eles se creen ao exercicio da facultade de amortización e conversión do FROB así como de acatamento, polo acreedor ou pola parte do contrato que dea orixe aos pasivos, de calquera redución do importe principal ou debido e calquera conversión ou cancelación, derivadas do dito exercicio, sempre que os pasivos concernidos:

- a) Non estean excluídos de acordo co artigo 42.
- b) Non constitúan un depósito dos previstos na disposición adicional décimo cuarta, punto 1, letra b).
- c) Estean regulados pola normativa dun Estado non pertencente á Unión Europea.
- d) Se emitan ou contraten despois da entrada en vigor das normas sobre amortización de instrumentos de capital e recapitalización interna contidas neste capítulo.

O FROB poderá requirir á entidade que lle remita un informe dun experto independente sobre a validez das cláusulas previstas neste punto.

2. O incumprimento da obrigaón establecida no punto anterior pola entidade non será obstáculo para o exercicio da competencia de amortización e conversión sobre un pasivo determinado. Esta obrigaón poderá ser excluída pola autoridade de resolución preventiva, logo de informe do FROB, cando, ben en virtude da lexislación do Estado en cuestión ben en virtude dun convenio celebrado con este, se garantan as citadas submisión e acatamento.

Sección 5.^a Aplicación do instrumentos de recapitalización interna

Artigo 47. *Tratamento dos accionistas.*

1. O FROB, no exercicio das súas competencias para aplicar o instrumento de recapitalización interna, tendo en conta o resultado da valoración da entidade e unha vez fixado o importe desa recapitalización de conformidade co previsto nesta lei, adoptará algunha, ou ambas, das medidas seguintes:

- a) Amortizar as accións ou outros instrumentos de capital existentes ou transmitilos aos acredores obxecto de recapitalización interna.
- b) Sempre e cando, de acordo coa valoración realizada de conformidade co artigo 5, a entidade obxecto de resolución teña un valor positivo, diluír a participación dos accionistas e dos titulares doutros instrumentos de capital existentes mediante a conversión en accións ou noutros instrumentos de capital:

- 1.º Dos instrumentos de capital emitidos pola entidade, ou
- 2.º Dos pasivos admisibles emitidos pola entidade.

A conversión levarase a cabo de forma tal que se reduza substancialmente o valor nominal das accións ou outros instrumentos de capital existentes.

2. As medidas sinaladas no punto anterior tamén se aplicarán a accionistas e titulares doutros instrumentos de capital emitidos ou outorgados nas circunstancias seguintes:

a) Con motivo da conversión de instrumentos de débeda en accións ou outros instrumentos de capital, de acordo coas cláusulas contractuais dos instrumentos de débeda orixinais, ao producirse un feito anterior ou simultáneo ao momento en que o FROB determinou que se cumprían as condicións para a resolución.

b) Con motivo da conversión de instrumentos de capital en instrumentos de capital ordinario de nivel 1 consonte o disposto nesta lei.

3. O FROB decidirá as actuacións concretas que se deberán adoptar tendo en conta:

a) A valoración levada a cabo de acordo co artigo 5.

b) A contía pola cal se estime que o capital ordinario de nivel 1 debe ser amortizado ou que os instrumentos de capital deben ser amortizados ou convertidos.

c) A avaliación dos activos e pasivos prevista no artigo 36.

4. Cando a aplicación do instrumento de recapitalización interna ou a conversión de instrumentos de capital dea lugar á adquisición ou ao incremento dunha participación nunha entidade de tal maneira que sexa aplicable a normativa sobre participacións significativas, o supervisor competente levará a cabo a avaliación da adquisición ou o incremento nun prazo que non atrase, dificulte ou impida a aplicación das medidas adoptadas polo FROB.

No suposto de que se aplique o instrumento de recapitalización interna ou a conversión de instrumentos de capital sen que se levase a cabo a avaliación prevista no parágrafo anterior, serán de aplicación as regras previstas no artigo 26.7.

Artigo 48. *Secuencia e regras especiais da recapitalización interna.*

1. O FROB aplicará o instrumento de recapitalización interna para absorber perdas e cubrir o importe da recapitalización determinado consonte o disposto nesta lei, amortizando ou reducindo o importe das accións, instrumentos de capital, ou pasivos admisibles segundo a seguinte secuencia:

a) Os elementos do capital ordinario de nivel 1 de forma proporcional ás perdas e até onde sexa posible.

b) O importe principal dos instrumentos de capital adicional de nivel 1 na medida necesaria e até onde sexa posible.

c) O importe principal dos instrumentos de capital de nivel 2 na medida necesaria e até onde sexa posible.

d) O importe principal da débeda subordinada que non é capital adicional de nivel 1 ou 2, de acordo coa prelación dos dereitos de crédito prevista na Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, na medida necesaria e até onde sexa posible.

e) O importe principal ou o importe pendente dos pasivos admisibles, de acordo coa prelación dos dereitos de crédito prevista na Lei 22/2003, do 9 de xullo, incluíndo os depósitos previstos no punto 1 da disposición adicional décimo cuarta.

2. Ao exercer as competencias de amortización ou conversión, o FROB asignará as perdas de forma equitativa entre as accións, outros instrumentos de capital e os pasivos admisibles do mesmo rango, reducindo o importe principal ou o importe pendente de tales accións, outros instrumentos de capital e pasivos admisibles nun grao proporcional ao seu valor, excepto cando se faga uso da facultade prevista no artigo 43.3.

O anterior non é obstáculo para que os pasivos excluídos conforme o disposto nesta lei reciban un trato máis favorable que os pasivos admisibles do mesmo rango en procedementos concursais ordinarios.

3. O FROB non converterá en capital ou amortizará unha clase de pasivos mentres outra débeda subordinada non fose convertida en capital ou amortizada na súa totalidade, salvo que se trate de pasivos excluídos da recapitalización.

4. A amortización e conversión de pasivos xurdidos de derivados realizarase unicamente no momento en que se liquiden ou despois da dita liquidación. Para tal fin, acordada a resolución dunha entidade, o FROB poderá declarar o vencemento anticipado e a liquidación de calquera contrato de derivados.

Se as transaccións de derivados se efectúan no marco dun acordo de compensación contractual, o FROB ou un experto independente determinarán, no marco da avaliación prevista no artigo 5, o saldo neto do pasivo xurdido da liquidación das transaccións, de acordo cos termos previstos en tal acordo.

O FROB determinará o valor dos pasivos xurdidos dos derivados de acordo coas regras e principios que se establezan regulamentariamente.

5. O FROB, ao exercer as competencias previstas nos artigos 38 e 40, poderá aplicar coeficientes de conversión diferentes a distintos tipos de instrumentos de capital e pasivos, tendo en conta os seguintes principios:

- a) O coeficiente de conversión suporá unha compensación apropiada para as perdas en que incorrese o acredor por causa da amortización ou conversión.
- b) Os acredores de maior rango terán un coeficiente de conversión superior ao dos acredores de menor rango.

Artigo 49. *Plan de reorganización de actividades.*

1. Ao aplicar a medida de recapitalización interna, o FROB exixirá que o órgano de administración da entidade, ou a persoa ou persoas que designe para este efecto, presenten un plan de reorganización de actividades que conteña as medidas, atendendo á situación da economía e dos mercados en que opera a entidade, destinadas a restablecer a viabilidade a longo prazo da entidade, ou de parte das súas actividades, durante un prazo de tempo razoable.

2. Entre outras medidas, o plan de reorganización de actividades poderá incluír:

- a) A reorganización de actividades da entidade.
- b) Cambios nos sistemas operativos e infraestrutura da entidade.
- c) Cesamento de actividades deficitarias.
- d) Reestruturación de actividades que poidan ser competitivas.
- e) A venda de activos ou de liñas de negocios.

3. Corresponde ao FROB, logo de consulta á autoridade preventiva de resolución e ao supervisor competente, a aprobación do plan de reorganización, así como as súas modificacións.

Se o FROB, logo de consulta á autoridade preventiva de resolución e ao supervisor competentes, considera que o plan non alcanzará os obxectivos previstos no punto 1, notificarao ao órgano xestor da entidade ou ás persoas designadas nese punto, e requirirá que se modifique o plan de tal maneira que permita cumprir os ditos obxectivos.

4. O FROB, en colaboración coa autoridade preventiva de resolución e co supervisor competentes, avaliará e garantirá o cumprimento do plan de reorganización aprobado.

5. Determinaranse regulamentariamente o prazo e o procedemento para a presentación de tales plans así como o seu contido mínimo, a súa execución e eventual revisión e as regras aplicables en caso de grupos de entidades.

*Sección 6.ª Outras contribucións á recapitalización interna***Artigo 50. Condicións para a contribución do Fondo de Resolución Nacional.**

1. No suposto recollido no artigo 43.4, o Fondo de Resolución Nacional previsto no artigo 53.1.a) poderá facer unha contribución á entidade obxecto de resolución coa finalidade:

- a) De cubrir calquera perda que non fose absorbida por pasivos admisibles e restaurar o valor neto dos activos da entidade obxecto de resolución igualándoo a cero, ou
- b) De adquirir accións ou outros instrumentos de capital da entidade obxecto de resolución, co fin de recapitalizala.

2. O Fondo de Resolución Nacional só poderá realizar unha contribución prevista no punto anterior cando se cumpran as condicións seguintes:

- a) Que, mediante a redución de capital, conversión ou de calquera outro modo, os accionistas e os tedores doutros instrumentos de capital e doutros pasivos admisibles realizen unha contribución á absorción de perdas e recapitalización interna por un importe equivalente, ao menos, ao 8 por cento do total do pasivo, incluíndo os fondos propios da entidade determinados no momento da resolución segundo a valoración prevista no artigo 5, e
- b) que a contribución do mecanismo de financiamento da resolución non exceda o 5 por cento dos pasivos totais, incluídos os fondos propios, da entidade obxecto de resolución, calculados de conformidade coa valoración prevista no artigo 5, no momento que se adopte a acción de resolución.

3. O cumprimento da condición establecida na letra a) do punto anterior poderá ser substituído polo cumprimento das condicións seguintes:

- a) que a contribución á absorción de perdas e a recapitalización interna prevista na letra a) antes citada sexa dun importe non inferior ao 20 por cento dos activos ponderados por risco da entidade de que se trate,
- b) que o Fondo de Resolución Nacional teña á súa disposición un importe que sexa como mínimo igual ao 3 por cento do importe dos depósitos garantidos polo Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito de todas as entidades autorizadas en España, obtido mediante contribucións *ex ante* de acordo co artigo 53.1.a), entre as cales non estarán incluídas as contribucións feitas a un sistema de garantía de depósitos, e
- c) que a entidade de que se trate posúa activos inferiores a 900.000 millóns de euros en base consolidada.

4. De forma alternativa ou complementaria ao disposto no artigo 51, o Fondo de Resolución Nacional poderá facer unha contribución procedente de recursos que se obtivesen mediante as contribucións *ex ante* previstas no artigo 53.1.a) e que aínda non se utilizasen, sempre que se dean as seguintes circunstancias:

- a) Se alcanzase o límite do 5 por cento establecido no punto 2.b).
- b) Se amortizasen ou convertesen na súa totalidade todos os pasivos non garantidos, non preferentes, distintos dos depósitos admisibles.

Artigo 51. Fontes alternativas de financiamento.

1. En circunstancias extraordinarias, o FROB poderá obter financiamento procedente de fontes alternativas de financiamento, unha vez que se desen as circunstancias previstas no punto 4.a) e b) do artigo anterior.

2. En caso de que a acción do FROB teña impacto nos orzamentos xerais do Estado, o FROB elevará ao ministro de Facenda e Administracións Públicas e ao ministro de Economía e Competitividade unha memoria económica en que se detalle o impacto

financeiro dese apoio sobre os fondos achegados ao FROB con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

3. As actuacións que leve a cabo o FROB de acordo con este artigo poderán realizarse en efectivo, mediante a entrega de valores representativos de débeda pública, ou de valores emitidos polo propio FROB. Así mesmo, o FROB poderá satisfacer este prezo mediante compensación dos créditos que posúa fronte ás correspondentes entidades.

O outorgamento de garantías por parte do FROB quedará suxeito aos límites que, para o efecto se establezan nas correspondentes leis anuais de orzamentos xerais do Estado.

CAPÍTULO VII

FROB

Sección 1.ª Natureza, composición e réxime xurídico

Artigo 52. *FROB.*

1. O FROB terá por finalidade xestionar os procesos de resolución das entidades na súa fase executiva e, en todo caso, exercer as facultades que lle atribúe esta lei, o resto do ordenamento xurídico nacional e o dereito da Unión Europea.

2. O FROB é unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia e plena capacidade pública e privada para o desenvolvemento dos seus fins, que se rexerá polo establecido nesta lei.

3. O FROB quedará sometido ao ordenamento xurídico-privado, salvo que actúe no exercicio das potestades administrativas conferidas por esta lei, polo dereito da Unión Europea ou por outras normas con rango de lei. As medidas de resolución de entidades que adopte o FROB comunicaranse, de ser o caso, á Comisión Europea ou á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, para efectos do establecido na normativa en materia de axudas de Estado e defensa da competencia.

4. O FROB non estará sometido ás previsións contidas na Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, no exercicio das súas funcións como autoridade de resolución. Seralle de aplicación no demais o disposto na súa disposición adicional décima.

5. O FROB, para efectos do seu réxime orzamentario, aplicará no non previsto nesta lei o disposto nos artigos 64 a 68 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Non obstante o anterior, o FROB non estará suxeito ás normas xerais que regulan o réxime económico-financeiro, contable e de control dos organismos públicos dependentes ou vinculados á Administración xeral do Estado, salvo polo que respecta á fiscalización externa do Tribunal de Contas, de acordo co disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas, e ao sometemento do réxime interno da súa xestión no ámbito económico-financeiro ao control financeiro permanente da Intervención Xeral da Administración do Estado, conforme o previsto no capítulo III do título VI da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

6. O FROB non estará suxeito ás disposicións da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, no exercicio das súas funcións de resolución. En todo caso, o FROB non estará sometido ás previsións contidas no título VII da Lei de 33/2003, do 3 de novembro, referido ao patrimonio empresarial da Administración xeral do Estado.

Non formarán parte do patrimonio das administracións públicas as participacións, accións, títulos e demais instrumentos que o FROB poida adquirir no exercicio das súas facultades de resolución.

7. O persoal do FROB será seleccionado respectando os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, e estará vinculado a el por unha relación de dereito laboral. Sen prexuízo do anterior, o persoal funcionario que vaia prestar servizos no FROB poderá facelo na situación de servizos especiais. Os gastos do persoal do FROB e dos

seus directivos someteranse aos límites previstos para as entidades do sector público estatal.

8. O FROB terá, para efectos fiscais, o mesmo tratamento que o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.

9. Excepcionalmente, o FROB poderá contratar con terceiros a realización de calquera actividade de carácter material, técnico ou instrumental, cando sexa necesario para o adecuado desenvolvemento das súas competencias como autoridade de resolución previstas nesta lei, axustándose aos principios de publicidade e concorrència salvo en casos de emerxencia ou urxentes. Para o resto dos contratos, o réxime de contratación aplicable será o establecido no Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público para poderes adjudicadores que non teñan o carácter de administracións públicas.

Artigo 53. *Mecanismos de financiamento e dotación orzamentaria.*

1. Para o financiamento das medidas previstas nesta lei, o FROB contará cos seguintes mecanismos de financiamento:

a) Un «Fondo de Resolución Nacional», sen personalidade xurídica, administrado polo FROB e constituído como patrimonio separado, cuxos recursos financeiros deberán alcanzar, ao menos, o 1 por cento do importe dos depósitos garantidos de todas as entidades.

Co fin de alcanzar este nivel, o FROB recadará, ao menos anualmente, contribucións ordinarias das entidades, incluídas as súas sucursais na Unión Europea, de conformidade cos seguintes criterios:

1.º A contribución de cada entidade corresponderá á proporción que esta represente sobre o total agregado das entidades, do seguinte concepto: pasivos totais da entidade, excluídos os recursos propios e o importe garantido de depósitos de conformidade co previsto no Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro.

2.º As contribucións axustaranse ao perfil de risco de cada entidade, de acordo cos criterios que se determinen regulamentariamente.

Os recursos financeiros dispoñibles que se terán en conta para alcanzar o nivel fixado como obxectivo poderán incluír compromisos de pagamento irrevogables integramente apoiados por garantías de activos de baixo risco libres de cargas, de libre disposición e asignados para o uso exclusivo do FROB para os fins especificados no punto seguinte. A parte de compromisos de pagamento irrevogables non poderá superar o 30 por cento do importe total recadado consonte este artigo.

Cando as contribucións ordinarias das entidades resulten insuficientes para o financiamento das medidas previstas nesta lei, o FROB poderá recadar contribucións extraordinarias.

b) A posibilidade de solicitar préstamos aos mecanismos de financiamento dos demais Estados membros da Unión Europea, de acordo co procedemento que se prevexa regulamentariamente.

Só se poderá solicitar un préstamo a outros mecanismos de financiamento no caso de que as contribucións ordinarias non sexan suficientes para cubrir os custos da resolución, as contribucións extraordinarias non sexan inmediatamente accesibles e os mecanismos alternativos de financiamento previstos no punto 5 non se poidan empregar en condicións razoables.

O FROB poderá, así mesmo, conceder préstamos a mecanismos de financiamento doutros Estados membros da Unión Europea con cargo ao Fondo de Resolución Nacional.

2. O FROB só poderá usar os mecanismos de financiamento previstos neste artigo na medida necesaria para garantir a aplicación efectiva dos instrumentos de resolución, de cara a cumprir os obxectivos e as limitacións que se dispoñan regulamentariamente. En

particular, os mecanismos de financiamento poderanse concretar, entre outras, nunha ou en varias das seguintes medidas:

- a) O outorgamento de garantías.
- b) A concesión de préstamos ou créditos.
- c) A adquisición de activos ou pasivos, podendo manter a súa xestión ou encomendala a un terceiro.
- d) A realización de contribucións a unha entidade ponte ou á sociedade de xestión de activos.
- e) O pagamento de compensacións aos accionistas e aos acredores.
- f) A realización de contribucións á entidade cando se decida excluír certos pasivos da recapitalización interna.
- g) A concesión de préstamos a outros mecanismos de financiamento.
- h) A recapitalización dunha entidade, nos termos e coas limitacións previstas nesta lei.

A utilización por parte do FROB de instrumentos de apoio financeiro non reducirá as perdas derivadas da resolución que corresponde soportar aos accionistas e acredores subordinados de conformidade co previsto nesta lei e, en especial, tomando en consideración os principios enumerados nas letras a) e b) do artigo 4.1.

A utilización por parte do FROB de instrumentos de apoio financeiro estará sometida ao procedemento previsto no parágrafo segundo do artigo 54.6 no caso de que teña impacto nos orzamentos xerais do Estado.

3. En caso de resolución dun grupo en que se integren entidades españolas xunto con outras da Unión Europea, o FROB contribuirá ao financiamento da súa resolución de acordo cos criterios e procedementos que se prevexan regulamentariamente.

4. Para a cobertura dos seus gastos de funcionamento o FROB exixirá ás entidades unha taxa, nos termos previstos na disposición adicional décimo sexta.

Así mesmo, poderanse incrementar os fondos propios do FROB a través da capitalización de préstamos, créditos ou calquera outra operación de endebedamento do FROB en que a Administración xeral do Estado figure como acreedora.

5. O FROB poderá igualmente, para o cumprimento dos seus fins, acudir a medios de financiamento alternativos tales como emitir valores de renda fixa, recibir préstamos, solicitar a apertura de créditos e realizar calquera outra operación de endebedamento, sempre que as contribucións ordinarias non sexan suficientes para cubrir os custos da resolución e as contribucións extraordinarias non sexan inmediatamente accesibles ou suficientes.

Os recursos alleos do FROB, calquera que sexa a modalidade da súa instrumentación, non superarán o límite que para o efecto se estableza nas leis anuais de orzamentos xerais do Estado.

6. O patrimonio non comprometido do Fondo de Resolución Nacional deberá estar materializado en débeda pública ou noutros activos de elevada liquidez e baixo risco. Suxeito ao disposto nesta lei e, en particular, ao previsto no capítulo V en relación coa aplicación dos instrumentos de resolución, calquera beneficio devindicado e contabilizado nas súas contas anuais pasará a formar parte do patrimonio do Fondo.

7. Cando o FROB emprenda unha medida de resolución, o sistema de garantía de depósitos a que estea afiliada a entidade asumirá, ademais das responsabilidades establecidas regulamentariamente, de acordo cos límites previstos no artigo 11 do Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, os seguintes custos:

- a) Cando se aplique o instrumento de recapitalización interna, o importe en que se deberían ter amortizado os depósitos garantidos para absorber as perdas da entidade consonte o artigo 48, en caso de que os depósitos garantidos se inclúsen no ámbito de aplicación do instrumento de recapitalización interna e se amortizasen no mesmo grao que os créditos dos acredores co mesmo rango na xerarquía de acredores de acordo coa lexislación concursal.

b) Cando se apliquen un ou varios instrumentos de resolución distintos dos de recapitalización interna, o importe das perdas que sufrisen os depositantes garantidos, en caso de que sufrisen perdas en proporción ás sufridas polos acredores co mesmo rango na xerarquía de acredores de acordo coa lexislación concursal.

Artigo 54. *Comisión Reitora.*

1. O FROB estará rexido e administrado por unha Comisión Reitora integrada por 11 membros:

- a) O presidente.
- b) Catro membros designados polo Banco de España, un dos cales será o subgobernador, que desempeñará a vicepresidencia primeira da Comisión Reitora e substituirá o presidente nas súas funcións en caso de vacante, ausencia ou enfermidade.
- c) Tres representantes do Ministerio de Economía e Competitividade, designados polo ministro con, ao menos, rango de director xeral.
- d) O vicepresidente da Comisión Nacional do Mercado de Valores.
- e) Dous representantes do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, designados polo ministro con, ao menos, rango de director xeral.

Asistirán, así mesmo, ás sesións da Comisión Reitora, con voz pero sen voto, un representante designado polo interventor xeral da Administración do Estado e outro polo avogado xeral do Estado-director do Servizo Xurídico do Estado.

A Comisión Executiva do Banco de España designará os membros da Comisión Reitora distintos do subgobernador.

Así mesmo, a Comisión Reitora poderá autorizar a participación nas súas sesións de observadores, sempre que tal participación non xere conflitos de interese que poidan interferir no desenvolvemento polo FROB das funcións previstas nesta lei. A propia Comisión Reitora establecerá os termos en que se debe desenvolver a participación destes observadores que, en todo caso, carecerán de voto e quedarán sometidos ao deber de segredo.

2. As funcións de secretario da Comisión Reitora serán exercidas pola persoa que esta designe conforme o previsto no regulamento de réxime interno do FROB.

3. Sen prexuízo do previsto para o presidente no artigo seguinte, os membros da Comisión Reitora cesarán na súa condición de tales polas causas seguintes:

- a) Cesamento nos respectivos cargos.
- b) Cesamento acordado pola Comisión Executiva do Banco de España, no caso do membro designado pola dita Comisión diferente do subgobernador.

4. A Comisión Reitora reunirse cada vez que sexa convocada polo seu presidente, por propia iniciativa ou por instancia de calquera dos seus membros. Estará, así mesmo, facultada para establecer o seu propio réxime de convocatorias.

5. Á Comisión Reitora correspóndelle adoptar as decisións relativas ás potestades e funcións atribuídas ao FROB, sen prexuízo das delegacións ou apoderamentos que considere conveniente aprobar para o seu debido exercicio. En todo caso, non serán delegables as seguintes funcións:

- a) As funcións decisorias atribuídas ao FROB en relación cos plans de resolución de entidades e as accións de amortización de instrumentos de capital e recapitalización interna.
- b) A aprobación da decisión de realizar as operacións de financiamento previstas no artigo 53.1.
- c) A aprobación das contas anuais do FROB que se remitirán anualmente ao ministro de Economía e Competitividade e á Intervención Xeral da Administración do Estado para a súa integración na Conta Xeral do Estado e o seu traslado ao Tribunal de Contas, así como

do informe que debe elevarse ao ministro de Economía e Competitividade para a súa remisión á Comisión de Economía e Competitividade do Congreso dos Deputados.

d) A adopción das decisións necesarias para a utilización do Fondo de Resolución Nacional de conformidade co previsto nesta lei.

e) As decisións polas que o FROB acorde o alleamento ou desinvestimento nunha entidade dos instrumentos previstos no artigo 32.4.

6. Para a válida constitución da Comisión Reitora para efectos da celebración de sesións, deliberacións e adopción de acordos, será necesaria a asistencia ao menos da metade dos seus membros con dereito de voto. Os seus acordos adoptaranse por maioría dos membros asistentes. Terá voto de calidade o presidente en caso de empate no número de votos.

Non obstante o anterior, para a toma das decisións que afecten os orzamentos xerais do Estado, a Comisión Reitora adoptará as súas decisións coa seguinte composición:

- a) O presidente.
- b) Os tres representantes do Ministerio de Economía e Competitividade.
- c) Os dous representantes do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

7. A Comisión Reitora aprobará un regulamento de réxime interno do FROB onde se recollerán as regras esenciais da súa actuación no ámbito económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedemental. As normas recollerán as liñas básicas da súa política de propiedade sobre as entidades ás cales proporcionase apoio financeiro público e incluírán mecanismos internos de control do goberno do FROB. Estas normas asentaranse sobre os principios de boa xestión, obxectividade, transparencia, concorrencia e publicidade.

Artigo 55. *Presidente.*

1. O presidente do FROB desenvolverá as funcións de representación, dirección e xestión ordinaria do Fondo de Resolución Nacional, e cantas outras lle delegue a Comisión Reitora. Será designado entre persoas con capacidade, preparación técnica e experiencia suficientes para desenvolver as funcións propias deste cargo.

Será nomeado e separado mediante real decreto do Consello de Ministros, por proposta do ministro de Economía e Competitividade, oídas as autoridades de supervisión e logo de comparecencia da persoa proposta para o cargo ante a Comisión de Economía e Competitividade do Congreso dos Deputados, co fin de dar conta das condicións de experiencia, formación e capacidade que a fan adecuada para o cargo.

2. O presidente terá dedicación exclusiva, estará suxeito ao réxime de incompatibilidades dos altos cargos da Administración xeral do Estado e será incompatible co exercicio de calquera actividade profesional pública ou privada, retribuída ou non, salvo que sexan inherentes á súa condición de presidente do FROB.

3. O mandato do presidente terá unha duración de 5 anos e non será renovable. O presidente só cesará polas seguintes causas:

- a) Por finalizar o período para o que foi nomeado.
- b) Por renuncia aceptada polo Goberno.
- c) Por estar incurso nalgunha causa de incompatibilidade.
- d) Por incapacidade sobrevida para o exercicio das súas funcións.
- e) Por condena por delito doloso.

f) Por incumprimento grave das súas obrigacións. Neste caso a súa separación será acordada polo Goberno, logo de instrución do expediente polo Ministerio de Economía e Competitividade, quen o porá en coñecemento da Comisión de Economía e Competitividade do Congreso dos Deputados, e en que serán oídos os restantes membros da Comisión Reitora.

4. Corresponderá ao presidente o exercicio das seguintes funcións:

- a) Presidir a Comisión Reitora e impulsar e supervisar todas as operacións que conforme esta lei deba executar o FROB.
- b) Dirixir a xestión ordinaria, económica e administrativa do FROB, incluída a administración do Fondo de Resolución Nacional, e desempeñar a súa representación legal.
- c) Formular, someter a verificación por auditor de contas e elevar para a súa aprobación pola Comisión Reitora as contas anuais do FROB.
- d) Propor á Comisión Reitora a adopción das decisións que a esta lle corresponden conforme o previsto nesta lei, sen prexuízo de que a Comisión Reitora poida tamén adoptalas de oficio.
- e) Executar os acordos da Comisión Reitora e cantas funcións lle delegue esta, de acordo co previsto no artigo 54.5.
- f) Render contas á Comisión Reitora do exercicio das súas funcións.
- g) Representar o FROB nas institucións e organismos internacionais en que estea prevista a súa participación e, en particular, na Xunta Única de Resolución do Mecanismo Único de Resolución.

Artigo 56. *Control parlamentario.*

1. Con periodicidade ao menos semestral, o presidente do FROB comparecerá ante a Comisión de Economía e Competitividade do Congreso dos Deputados co fin de informar sobre a evolución das actividades do FROB e sobre os elementos fundamentais da súa actuación económico-financeira e sobre a xestión dos mecanismos financeiros previstos nesta lei.

2. Adicionalmente, o presidente da Comisión Reitora do FROB comparecerá, nas condicións que determine a Comisión de Economía e Competitividade do Congreso dos Deputados, para informar especificamente sobre as medidas de resolución implementadas por parte do dito Fondo.

3. A Comisión Reitora elevará aos ministros de Facenda e Administracións Públicas e de Economía e Competitividade un informe trimestral sobre a xestión e actuación do FROB, onde se dará debida conta, entre outros aspectos, das actuacións de carácter económico e orzamentario de maior impacto acometidas polo FROB durante o citado período. O ministro de Economía e Competitividade dará traslado dese informe á Comisión de Economía e Competitividade do Congreso dos Deputados.

Artigo 57. *Cooperación e coordinación con outras autoridades competentes nacionais.*

1. O FROB colaborará coas autoridades que teñan encomendadas funcións relacionadas coa supervisión ou coa resolución de entidades e, en particular, cos organismos ou autoridades supervisoras e de resolución preventiva das entidades comprendidas no ámbito de aplicación desta lei. Tamén colaborará coa Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, coas autoridades designadas polas comunidades autónomas para realizar algunha das funcións anteriores, co Consorcio de Compensación de Seguros, co Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito e co Fondo de Garantía de Investimentos. Para tal efecto poderá concluír con todos eles os oportunos convenios de colaboración, así como solicitar canta información sexa necesaria para o exercicio das competencias que ten atribuídas.

En particular, o supervisor e a autoridade de resolución preventiva competentes cooperarán co FROB na preparación, planificación e aplicación das medidas de resolución previstas nesta lei.

Así mesmo, o FROB facilitará ás autoridades a que se refire o parágrafo anterior a información que resulte necesaria para o exercicio das súas competencias conforme a normativa vixente.

2. En caso de resolución de entidades que pertencen a un grupo ou conglomerado financeiro:

a) O FROB, ao adoptar as medidas e exercer as facultades que para o efecto lle confire esta lei, minimizará o impacto que as ditas medidas e facultades poidan ter eventualmente no resto das entidades do grupo ou conglomerado e no grupo ou conglomerado no seu conxunto.

b) O FROB asumirá a función de coordinador da resolución cando o supervisor competente español teña encomendadas as funcións de vixilancia e supervisión do grupo consolidable en que se integre a entidade dominante do conglomerado ou, na súa falta, da propia entidade dominante considerada individualmente.

Artigo 58. *Cooperación e coordinación con outras autoridades internacionais.*

1. No exercicio das súas competencias e, en particular, en caso de resolución de entidades que pertencen a grupos internacionais, o FROB e a autoridade de resolución preventiva colaborarán coas institucións da Unión Europea, incluíndo a Xunta Única de Resolución, o Banco Central Europeo, a Autoridade Bancaria Europea e as autoridades estranxeiras que teñan encomendadas funcións relacionadas coa supervisión ou coa resolución de entidades. Para tal efecto, poderán concluír con elas os oportunos acordos de colaboración, así como solicitar e intercambiar información na medida necesaria para o exercicio das competencias que teñen atribuídas en relación coa planificación e execución de medidas de actuación temperá ou de resolución.

En todo caso, o FROB e a autoridade de resolución preventiva participarán nos colexios de autoridades de resolución que se poidan establecer para asegurar a necesaria cooperación e coordinación con autoridades de resolución estranxeiras.

En xeral, o FROB será a autoridade española de contacto e coordinación para todos os efectos de cooperación coas autoridades internacionais pertinentes e, en particular, as dos demais Estados membros da Unión Europea.

2. En caso de que as autoridades estranxeiras competentes non pertencen a un Estado membro da Unión Europea, o intercambio de información exixirá que exista reciprocidade, que as autoridades competentes estean sometidas a deber de segredo en condicións que, como mínimo, sexan equiparables ás establecidas polas leis españolas e que a información que sexa necesaria para o exercicio pola autoridade estranxeira de funcións relacionadas coa supervisión, recuperación ou resolución de entidades financeiras, baixo a súa normativa nacional, sexa equiparable á establecida polas leis españolas.

A transmisión de información reservada ás autoridades mencionadas no parágrafo anterior estará condicionada, cando a información se orixinase noutro Estado membro da Unión Europea, á conformidade expresa da autoridade que a revelase, e a información poderá ser comunicada unicamente para os efectos para os que a dita autoridade dese a súa conformidade. Requirirase tamén esta conformidade cando se solicite ao FROB ou á autoridade de resolución preventiva competente información que fose facilitada por unha autoridade de resolución dun terceiro país.

As relacións coas autoridades competentes de Estados non membros da Unión Europea poderanse concretar en acordos bilaterais e comprenderán regras para o recoñecemento mutuo e a execución dos procedementos de resolución destes países, así como sobre a resolución de sucursais de terceiros países en España.

3. En caso de resolución de entidades que pertencen a un grupo ou conglomerado financeiro que opere tamén noutros Estados membros da Unión Europea e cuxa supervisión consolidada non corresponda a autoridades españolas, antes de declarar a apertura dun proceso de resolución, o FROB ou o supervisor competente consultarán a autoridade de resolución a nivel de grupo, a autoridade da Unión Europea responsable da supervisión consolidada do grupo a que pertenza a entidade e os membros do colexio de autoridades de resolución do grupo.

En caso de resolución dunha entidade matriz da Unión Europea que estea establecida en España, o FROB actuará como autoridade de resolución executiva a nivel de grupo.

4. O FROB, a autoridade de resolución preventiva competente ou o supervisor competente promoverán as actuacións necesarias que faciliten a adopción dunha decisión conxunta coas autoridades de resolución doutros Estados membros da Unión Europea.

5. En caso de resolución de entidades que pertencen a un grupo ou conglomerado financeiro que opere tamén noutros Estados membros da Unión Europea, o FROB, a autoridade de resolución preventiva competente e o supervisor competente, ao adoptaren as medidas e exercer as facultades que para o efecto lles confire esta lei, minimizarán os efectos prexudiciais que tales medidas e facultades poidan ter eventualmente na estabilidade do sistema financeiro da Unión Europea e, en particular, na dos Estados membros da Unión Europea onde opera o grupo ou conglomerado.

6. Desenvolverase regulamentariamente o réxime de coordinación e cooperación regulado neste artigo, así como os supostos en que corresponda ao FROB exercer como autoridade de resolución en relación cunha sucursal localizada en España.

Artigo 59. *Deber de segredo.*

1. Os datos, documentos e informacións que consten en poder do FROB en virtude das funcións que lle encomenda esta lei terán carácter reservado e, coas excepcións previstas na normativa vixente, non poderán ser divulgados a ningunha persoa ou autoridade, nin utilizados con finalidades distintas daquelas para as cales foron obtidos. Este carácter reservado cesará desde o momento en que os interesados fagan públicos os feitos a que os datos, documentos e informacións se refiren.

2. As autoridades e persoas que, de conformidade co disposto nos artigos anteriores, poidan recibir información do FROB ou acceder a información de carácter reservado, así como os auditores de contas, asesores legais e demais expertos independentes que poidan ser designados polo FROB en relación coa execución de medidas de resolución, quedarán tamén obrigadas a gardar segredo e a non utilizar a información recibida con finalidades distintas daquela para a cal lles foi subministrada. Así mesmo, estarán obrigadas a adoptar normas internas sobre confidencialidade, co alcance e nos termos previstos regulamentariamente.

3. Sen prexuízo do disposto no artigo 58 desta lei, serán de aplicación ao FROB con carácter supletorio as disposicións sobre confidencialidade e segredo aplicables ao Banco de España e, en particular, as establecidas no artigo 82 da Lei 10/2014, do 26 de xuño.

4. Sen prexuízo do disposto nos puntos anteriores:

a) os empregados e expertos dos organismos ou entidades a que se refire o punto 2 poderán intercambiar información no seo de cada organismo ou entidade, e

b) as autoridades de resolución e os supervisores competentes, incluídos os seus empregados e expertos, poderán intercambiar información entre si e con outras autoridades de resolución da Unión Europea, outras autoridades supervisoras da Unión, ministerios competentes, bancos centrais, sistemas de garantía de depósitos, sistemas de indemnización dos investidores, autoridades responsables dos procedementos concursais, autoridades responsables de manter a estabilidade do sistema financeiro mediante o uso de normas macroprudenciais, as persoas encargadas de levar a cabo auditorías regulamentarias, así como coa Autoridade Bancaria Europea ou, de conformidade co artigo 58.2, autoridades de terceiros países que desempeñen funcións equivalentes ás das autoridades de resolución ou, sometidas a estritos requisitos de confidencialidade, ás dun adquirente potencial, co fin de planificar ou aplicar unha medida de resolución.

5. Tamén estará autorizado o intercambio de información:

a) condicionado a estritos requisitos de confidencialidade, con calquera persoa cando sexa necesario para os efectos da planificación ou execución dunha medida de resolución;

b) coas comisións parlamentarias, co Tribunal de Contas ou outras autoridades públicas a cargo de investigacións, consonte condicións de confidencialidade adecuadas.

6. Este artigo entenderase sen prexuízo da normativa relativa ao intercambio de información para efectos dos procedementos xudiciais.

Artigo 60. *Aplicación da normativa de competencia.*

No exercicio das súas competencias, o FROB e a autoridade de resolución preventiva e de supervisión competentes minimizarán as distorsións que as súas medidas poidan provocar nas condicións de competencia, cumprindo para o efecto coa normativa española e da Unión Europea en materia de competencia e axudas de Estado. Para tal efecto, as autoridades de resolución e supervisión competentes colaborarán coa Comisión Europea proporcionándolle a información necesaria no marco dos procedementos de autorización previstos na normativa da Unión Europea en materia de competencia e axudas de Estado.

Artigo 61. *Adopción de recomendacións internacionais.*

No exercicio das súas competencias e sempre que non resulten contraditorias coas disposicións desta lei e da normativa vixente, o FROB e as autoridades de resolución preventiva e de supervisión competentes poderán tomar en consideración as recomendacións e demais iniciativas que se desenvolvan a nivel internacional no ámbito da resolución de entidades.

Sen prexuízo do anterior, o ministro de Economía e Competitividade ou, coa súa habilitación expresa, as autoridades de resolución preventiva e de supervisión competentes, poderán incorporar ao ordenamento xurídico as recomendacións e guías en materia de resolución que emitan os organismos, comités ou autoridades internacionais. No suposto de habilitación, o resto de autoridades deberá emitir informe sobre a circular correspondente.

Sección 2.ª Facultades do FROB

Artigo 62. *Facultades do FROB.*

O FROB exercerá as facultades necesarias para a aplicación dos instrumentos e medidas previstos nesta lei. Esas facultades serán de natureza mercantil ou administrativa.

Artigo 63. *Facultades mercantís.*

O FROB exercerá as facultades que a lexislación mercantil confire con carácter xeral:

- a) Ao órgano de administración da entidade, cando asuma tal condición.
- b) Aos accionistas ou titulares de calquera valor ou instrumento financeiro, cando o FROB subscribise ou adquirise tales valores ou instrumentos.
- c) Á xunta ou asemblea xeral nos supostos en que esta obstaculice ou rexeite a adopción dos acordos necesarios para levar a efecto as medidas de resolución, así como nos supostos en que por razóns de extraordinaria urxencia non sexa posible cumprir os requisitos exixidos pola normativa vixente para a válida constitución e adopción de acordos pola xunta ou asemblea xeral. En tales supostos, entenderanse atribuídas ao FROB, de forma directa ou a través das persoas físicas ou xurídicas que designe, todas aquelas facultades que legal ou estatutariamente poidan corresponder á xunta ou asemblea xeral da entidade e que resulten necesarias para o exercicio das funcións previstas nesta lei en relación coa resolución de entidades.

Artigo 64. *Facultades administrativas xerais.*

1. O FROB disporá das seguintes facultades xerais de carácter administrativo, ademais das restantes previstas nesta lei:

- a) Aprobar o valor dos activos e pasivos da entidade, para efectos da aplicación das medidas e instrumentos previstos nesta lei.

b) Requirit a calquera persoa calquera información necesaria para preparar e aplicar unha medida ou instrumento de resolución.

c) Transmitir ou ordenar a transmisión das accións, achegas ao capital social ou, con carácter xeral, instrumentos representativos do capital ou convertibles neles, quenquera que sexan os seus titulares, así como doutros instrumentos financeiros, activos e pasivos da entidade.

d) Realizar operacións de aumento ou redución de capital, e de emisión e amortización total ou parcial de obrigacións, incluíndo instrumentos convertibles, e calquera outro valor ou instrumento financeiro, así como as modificacións estatutarias relacionadas con estas operacións. Poderá determinar a exclusión do dereito de subscripción preferente nos aumentos de capital e na emisión de obrigacións convertibles incluso nos supostos previstos no artigo 343 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo.

e) Realizar accións de amortización ou conversión de instrumentos de capital ou de recapitalización interna e adoptar todas aquelas medidas accesorias que sexan necesarias para levalas a cabo.

f) Determinar os instrumentos en que se concreten as medidas de resolución, incluíndo, en particular, as que supoñan modificacións estruturais da entidade, as de disolución e liquidación da entidade.

g) Dispor de forma inmediata, logo de informe da Comisión Nacional do Mercado de Valores, o traslado dos valores depositados na entidade a outra entidade habilitada para desenvolver esta actividade, mesmo se tales activos se encontran depositados en terceiras entidades a nome da entidade que presta o servizo de depósito.

Para estes efectos, o FROB, ou as persoas físicas ou xurídicas que o representen, na súa condición de administrador da entidade, adoptará as medidas necesarias para facilitar o acceso da entidade a que se vaian ceder os depósitos dos valores ou a súa custodia á documentación e rexistros contables e informáticos necesarios para facer efectiva a cesión.

h) Exercer, en relación coa transmisión de valores, instrumentos financeiros, activos ou pasivos da entidade, todas ou algunha das facultades seguintes:

1.º Obrigar a entidade e o adquirente a facilitar a información e a asistencia necesarias.

2.º Requirit a calquera entidade do grupo ao cal pertenza a entidade para que proporcione ao adquirente os servizos operativos necesarios para permitir a este operar de maneira efectiva o negocio transmitido. Cando a entidade do grupo xa viñese prestando eses servizos á entidade, continuará prestándoos nos mesmos termos e condicións e, en caso contrario, prestaraos en condicións de mercado.

i) Aprazar, suspender, eliminar ou modificar determinados dereitos, obrigacións, termos e condicións de todas ou algunha das emisións de instrumentos de débeda e doutros pasivos admisibles emitidos pola entidade obxecto de resolución.

j) Obrigar a entidade a recomprar valores emitidos por ela ao prezo e nas condicións que determine o FROB.

k) Ordenar que as transmisións das accións ou achegas ao capital social ou, con carácter xeral, os instrumentos financeiros, activos e pasivos da entidade, se efectúen libres de calquera carga ou gravame; así como suprimir os dereitos de opción e de adquisición preferente, sen que sexan opoñibles as cláusulas estatutarias ou contractuais existentes.

l) Requiritlle á Comisión Nacional do Mercado de Valores que suspenda a admisión a negociación nun mercado regulado ou a admisión a cotización oficial de instrumentos financeiros en virtude da Lei 24/1988, do 28 de xullo, e do resto de normativa aplicable.

m) Cancelar ou modificar as condicións dun contrato de que sexa parte a entidade obxecto de resolución, ou constituírse como parte en lugar do adquirente.

n) Adoptar as medidas necesarias para garantir a continuidade do negocio transmitido e dos contratos celebrados pola entidade de forma que o adquirente asuma os dereitos e as obrigacións da entidade obxecto de resolución.

ñ) Revisar calquera operación ou actuación levada a cabo pola entidade en resolución da cal poidan derivar posibles responsabilidades de cara ao exercicio das accións que correspondan ao abeiro do artigo 4.1.g). Para estes efectos, estará lexitimado para o exercicio de calquera acción que poida corresponder co fin de asegurar a reparación dos danos e perdas causados.

o) Obrigar a entidade a adoptar as accións necesarias para garantir que as medidas de resolución adoptadas producen efecto en relación coas accións ou outros instrumentos de capital, activos e pasivos situados en terceiros países.

Cando o FROB considere que as medidas adoptadas non producirán efecto en relación con determinados activos situados nun terceiro país ou con determinadas accións ou outros instrumentos de capital, activos ou pasivos regulados pola lexislación do dito país, paralizará a adopción das medidas e revogará as adoptadas en relación coas accións ou outros instrumentos de capital, activos ou pasivos.

2. Para que o FROB poida alcanzar os obxectivos e os principios da resolución, establecidos nos artigos 3 e 4, no exercicio das facultades administrativas xerais recollidas no punto anterior e das restantes previstas nesta lei, non resultarán de aplicación as limitacións e demais requisitos exixidos no texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, nin na lexislación aplicable ás cooperativas de crédito, en relación coas operacións de aumento e redución de capital, de conversión de instrumentos de capital ou de recapitalización interna. Tampouco será necesaria a elaboración dos informes preceptivos que as referidas normas poidan prever.

Artigo 65. *Carácter executivo das medidas.*

1. Os actos administrativos ditados polo FROB para a aplicación dos instrumentos previstos no capítulo V, así como dos acordos adoptados ao abeiro do artigo 63.c), serán inmediatamente eficaces desde a súa adopción sen necesidade de dar cumprimento a ningún trámite nin requisito establecidos, normativa ou contractualmente, sen prexuízo dos requisitos previstos nesta lei e das obrigacións formais de constancia, inscrición ou publicidade exixidas pola normativa vixente. Para estes efectos, será suficiente unha certificación do acto administrativo ou do acordo correspondente, sen necesidade de contar con informes de expertos independentes ou auditores.

2. A execución dos ditos actos tampouco se poderá ver afectada polas normas sobre segredo bancario.

Artigo 66. *Exclusión de determinadas condicións contractuais na actuación temperá e na resolución.*

1. A adopción de calquera medida de actuación temperá ou de resolución, así como calquera feito que estea directamente relacionado coa aplicación de tal medida, non constituirá por si mesma un suposto de incumprimento nin permitirá por si mesma a ningunha contraparte declarar o vencemento, modificación, suspensión ou resolución anticipada das operacións ou contratos realizados coa entidade, instar a execución dunha garantía sobre calquera ben da entidade ou a compensación de calquera dereito ou obrigación que derive da operación ou do contrato, nin afectar este de calquera outra maneira, e as cláusulas que así o establezan consideraranse non postas.

En particular, a aplicación polas autoridades de resolución ou o supervisor competentes das medidas e facultades previstas nesta lei non terá a condición de procedemento concursal para efectos do disposto na Lei 41/1999, do 12 de novembro, sobre sistemas de pagamentos e de liquidación de valores, nin para efectos do disposto na sección 3.^a do capítulo II do Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo, de reformas urxentes para o impulso á produtividade e para a mellora da contratación pública.

Malia o disposto nos parágrafos anteriores, a contraparte poderá declarar, nos termos e condicións establecidos no correspondente contrato, o vencemento ou a resolución anticipada do contrato ou a correspondente operación como consecuencia dun suposto de incumprimento anterior ou posterior á adopción ou exercicio da correspondente medida ou facultade e non vinculado necesariamente con esta.

2. O disposto no punto anterior será de aplicación en relación coas filiais dun grupo, cuxas obrigacións estean garantidas ou avaladas dalgún modo pola entidade do grupo, ou en relación con calquera entidade do grupo en relación con contratos que conteñan disposicións cruzadas sobre incumprimento.

Artigo 67. *Transmisión parcial de activos e pasivos.*

1. Nos casos en que se transmita unicamente parte dos activos e pasivos da entidade, o FROB adoptará as medidas necesarias para a consecución dos seguintes fins:

a) Evitar a resolución, novación ou transmisión de unicamente parte dos activos e pasivos que poden ser compensados en virtude dun acordo de garantía financeira con cambio de titularidade ou dun acordo de compensación contractual a que se refire o capítulo II do título I do Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo, ou dun acordo de compensación.

b) Permitir que as obrigacións con garantía pignoraticia e os activos que as garanten sexan transmitidos conxuntamente ou permanezan ambos na entidade.

c) Evitar a resolución ou novación do acordo de garantía pignoraticia se iso implica que a correspondente obrigación deixa de estar garantida.

d) Evitar a resolución, novación ou transmisión de unicamente parte dos activos e pasivos cubertos por acordo de financiamento estruturado, excepto cando afecten unicamente activos ou pasivos relacionados cos depósitos da entidade.

Non obstante o anterior, o FROB, co fin de facilitar a resolución e dar unha protección adecuada aos depositantes, poderá transmitir os depósitos garantidos que formen parte dos acordos previstos nas letras anteriores, sen transmitir os activos e pasivos que formen parte do mesmo acordo, ou transmitir, modificar ou resolver eses activos e pasivos sen transmitir os depósitos garantidos.

2. A implementación de calquera medida ou facultade de actuación temperá ou de resolución non afectará o funcionamento dos sistemas españois de pagamentos e de compensación e liquidación de valores e instrumentos financeiros recoñecidos en virtude da Lei 41/1999, do 12 de novembro, nin os designados por outros Estados membros para efectos do disposto na Directiva 98/26/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de maio de 1998, sobre a firmeza da liquidación nos sistemas de pagamentos e de liquidación de valores, incluíndo os réximes xestionados polas entidades de contrapartida central, cando o FROB:

- a) transmita parte dos activos ou pasivos dunha entidade en resolución, ou
- b) cancele ou modifique as condicións dun contrato de que sexa parte a entidade en resolución ou substitúa un comprador como parte.

En particular non afectará a irrevogabilidade, firmeza e validez das ordes de liquidación ou a súa compensación, nin os fondos, valores ou compromisos a que se refire a Lei 41/1999, do 12 de novembro, nin as garantías constituídas a favor dos xestores do sistema ou das entidades participantes. Tampouco afectará o exercicio do dereito de compensación ou a execución das garantías constituídas a favor do Banco de España, do Banco Central Europeo ou de calquera banco central nacional da Unión Europea.

Artigo 68. *Medidas de urxencia.*

Por razóns de urxencia e co fin de garantir os obxectivos previstos no artigo 3, o FROB poderá:

a) Adoptar, previamente á aprobación do correspondente plan de resolución, os instrumentos previstos no artigo 25.1.a) e b), así como, no marco do establecido na normativa española e da Unión Europea en materia de competencia e axudas de Estado e tendo en conta o principio da utilización máis eficiente dos recursos públicos e a minimización dos apoios financeiros públicos, proporcionar as axudas previstas no artigo 20.1.d).

b) Empregar un procedemento de estimación do valor da entidade, en que non se soliciten informes de expertos independentes, para efectuar a valoración provisional a que se refire o artigo 5.3, co fin de aplicar as medidas de resolución ou exercer a competencia para amortizar ou converter instrumentos de capital.

Artigo 69. *Publicidade.*

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 24, o FROB realizará as actuacións necesarias para dar publicidade ás medidas adoptadas en virtude do capítulo IV e, en particular, á aplicación dos instrumentos de resolución e ao exercicio das facultades correspondentes, coa finalidade de que estas poidan ser coñecidas polos accionistas, acredores ou terceiros que se poidan ver afectados polas correspondentes medidas.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, o FROB notificará as medidas adoptadas á entidade, ao Ministerio de Economía e Competitividade e á autoridade de supervisión e resolución preventiva competentes.

Así mesmo, cando resulte procedente, o FROB informará a Autoridade Bancaria Europea e a autoridade da Unión Europea responsable da supervisión do grupo eventualmente afectado das medidas adoptadas.

3. Durante a preparación das medidas de actuación temperá e de resolución e, en particular, mentres se leva a cabo a valoración a que se refire o artigo 5 e durante as fases de estudo ou negociación de calquera operación en que se poida concretar a aplicación dalgún dos instrumentos de resolución, a entidade quedará eximida da obrigaçión de facer pública e difundir calquera información que poida ter a consideración de información relevante para efectos do disposto no artigo 82 da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

Artigo 70. *Facultades de suspensión de contratos e garantías.*

1. O FROB poderá suspender, con carácter de acto administrativo, calquera obrigaçión de pagamento ou entrega que derive de calquera contrato celebrado pola entidade por un prazo máximo que se inicia coa publicación do exercicio desta facultade até a medianoite do día hábil seguinte.

2. Cando unha obrigaçión de pagamento ou de entrega se debese ter executado durante o período de suspensión, o pagamento ou a entrega efectuarase inmediatamente despois de expirar tal período.

Cando as obrigaçións de pagamento ou entrega que deriven dun contrato celebrado pola entidade se suspendan en virtude do punto primeiro, as obrigaçións de pagamento ou entrega das contrapartes da entidade consonte o dito contrato tamén se suspenderán polo mesmo período de tempo.

3. O previsto no punto 1 non resultará de aplicación:

a) aos depósitos garantidos, nos termos previstos no Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro;

b) ás obrigaçións de pagamento ou de entrega respecto:

1.º de sistemas ou operadores de sistemas designados na Lei 41/1999, do 12 de novembro, nin os designados por outros Estados membros para efectos do disposto na Directiva 98/26/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de maio de 1998, sobre a firmeza da liquidación nos sistemas de pagamentos e de liquidación de valores,

2.º de entidades de contrapartida central, e

3.º dos bancos centrais.

c) aos créditos incluídos no Fondo de Garantía de Investimentos conforme o disposto no artigo 77 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, e na súa normativa de desenvolvemento.

4. Sen prexuízo do disposto no capítulo VI, o FROB poderá, con carácter de acto administrativo, impedir ou limitar a execución de garantías sobre calquera dos activos da entidade por un prazo máximo que se inicia coa publicación do exercicio desta facultade até a medianoite do día hábil seguinte.

O FROB non exercerá esta competencia respecto ás garantías sobre activos peñorados ou presentados en concepto de cobertura ou garantía pola entidade en resolución:

a) dos sistemas ou operadores de sistemas designados na Lei 41/1999, do 12 de novembro, sobre sistemas de pagamentos e de liquidación de valores, ou dos designados por outros Estados membros para efectos do disposto na Directiva 98/26/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de maio de 1998,

- b) das entidades de contrapartida central, e
- c) dos bancos centrais.

5. O FROB poderá suspender, con carácter de acto administrativo, o dereito dunha parte a declarar o vencemento anticipado, a resolución ou a rescisión dun contrato celebrado cunha entidade en resolución por un prazo máximo que se inicia coa publicación do exercicio desta facultade até a medianoite do día hábil seguinte.

O FROB non exercerá esta competencia respecto:

a) aos sistemas ou operadores de sistemas designados na Lei 41/1999, do 12 de novembro, sobre sistemas de pagamentos e de liquidación de valores, nin aos designados por outros Estados membros para efectos do disposto na Directiva 98/26/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de maio de 1998,

- b) ás entidades de contrapartida central e
- c) aos bancos centrais.

6. O disposto no punto anterior resultará tamén de aplicación a aqueles contratos celebrados cunha filial da entidade obxecto de resolución cando:

a) As obrigacións creadas por tal contrato estean garantidas ou avaladas pola entidade en resolución.

b) Os dereitos de vencemento anticipado, resolución ou rescisión de tal contrato teñan como único motivo a insolvencia ou a situación financeira da entidade en resolución.

c) No caso de que se exercese ou se poida exercer a potestade de transferir accións ou outros instrumentos de capital, activos ou pasivos, cando os activos e pasivos da filial relativa ao contrato se transferisen ou poidan transferirse a un comprador ou cando o FROB confira de calquera modo protección a esas obrigacións.

7. Non obstante o disposto no punto 5, unha persoa poderá exercer o dereito de declarar o vencemento anticipado, a resolución ou a rescisión do contrato antes de que finalice o período de suspensión, sempre que o FROB lle notifique previamente que os activos e pasivos cubertos polo contrato non serán transmitidos a outra entidade ou sometidos ao instrumento de recapitalización interna.

No caso de que non se exerza o dereito de suspensión e non se realice a notificación prevista no parágrafo anterior, poderase exercer o dereito de declarar o vencemento anticipado, a resolución ou a rescisión do contrato:

a) Se os activos e pasivos foron transmitidos a outra entidade, unicamente no caso de que se produza un evento que dea lugar ao vencemento anticipado, á resolución ou á rescisión do contrato por parte da entidade receptora de maneira continuada ou posteriormente.

b) Se a entidade en resolución mantén os activos e pasivos e o FROB non lles aplica o instrumento de recapitalización interna, cando finalice o período de suspensión.

CAPÍTULO VIII

Réxime procesual

Artigo 71. Accións contra as decisións e acordos do FROB adoptadas no exercicio das súas facultades mercantís previstas no artigo 63.

1. As decisións e acordos que adopte o FROB ao abeiro do artigo 63 serán unicamente impugnables de acordo coas normas e cos procedementos previstos para a impugnación de acordos sociais das sociedades de capital que sexan contrarios á lei. A acción de impugnación caducará, en todo caso, no prazo de quince días contado desde o momento en que o FROB proceda a dar publicidade ás citadas actuacións de acordo co disposto no artigo 69.

2. Os accionistas, socios, obrigacionistas, acredores ou calquera outro terceiro que consideren que os seus dereitos e intereses lexítimos se viron lesionados polas decisións adoptadas polo FROB, directamente ou a través das persoas físicas ou xurídicas que o representen, na súa condición de administrador, poderán solicitar, de acordo co artigo 241 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, que se lles indemnicen os danos e perdas sufridos. Non se poderá exercer a acción social de responsabilidade respecto das actuacións realizadas polas autoridades de supervisión, as de resolución preventiva ou o FROB no marco dun proceso de actuación temperá ou de resolución da entidade.

3. En caso de que, de conformidade co artigo 72, se interpuxese recurso contencioso-administrativo contra algún dos actos que poida ditar o FROB ao abeiro desta lei, o órgano xudicial competente suspenderá o procedemento iniciado en virtude deste artigo até a resolución do recurso contencioso-administrativo cando o acto administrativo impugnado dese cobertura ás decisións adoptadas polo FROB ao abeiro do artigo 63. Neste caso, o órgano xudicial competente quedará vinculado pola decisión que adopte o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo sobre a cuestión prexudicial.

Artigo 72. Especialidades do recurso contra as decisións e os actos administrativos ditados no marco de procesos de actuación temperá e resolución.

1. A aprobación dos plans de recuperación e de resolución, por parte do supervisor competente ou da autoridade de resolución preventiva competente, porá fin á vía administrativa e será impugnable ante a Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional.

2. Os actos e as decisións do supervisor e das autoridades de resolución competentes ditados no marco de procesos de actuación temperá e das fases preventiva e executiva da resolución porán fin á vía administrativa e serán impugnables ante a Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional.

A valoración que acompañe os actos e decisións do supervisor e das autoridades de resolución competentes mencionados no parágrafo anterior non poderá ser obxecto de recurso separado e será unicamente impugnable nos recursos que se interpoñan contra aqueles actos e decisións. Se non é impugnada, será utilizada polo tribunal como base da súa propia avaliación dos actos ou decisións obxecto do recurso contencioso-administrativo.

3. A tramitación dos procedementos de impugnación de resolucións das autoridades de resolución competentes terá carácter preferente, salvo respecto do procedemento especial para a protección dos dereitos fundamentais e a preferencia recoñecida aos recursos directos contra disposicións xerais previsto no artigo 66 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

4. No exercicio de instrumentos e competencias de resolución, as autoridades de resolución competentes poderán solicitar e o tribunal competente deberá suspender, durante o período de tempo necesario para garantir a efectividade do obxecto perseguido, calquera acción ou procedemento xudicial de que sexa parte a entidade obxecto de resolución.

Artigo 73. Especialidades do recurso contra as decisións e os actos administrativos ditados en materia de amortización ou conversión de instrumentos de capital e recapitalización interna.

1. Estarán lexitimados para interpor o recurso contencioso-administrativo contra os actos e as decisións do FROB en materia de amortización ou conversión de instrumentos de capital e recapitalización interna:

a) Os accionistas ou socios da entidade emisora dos instrumentos de capital e pasivos admisibles que representen, ao menos, un 5 por cento do capital social e, de ser o caso, a entidade integramente participada a través da cal se instrumentase a emisión.

b) Os titulares de valores incluídos no ámbito de aplicación da acción de amortización ou conversión de instrumentos de capital e recapitalización interna.

c) O comisario ou representante do sindicato ou asemblea que agrupe os titulares dos valores dunha determinada emisión afectada pola acción, sempre que estea facultado para iso en virtude dos termos e condicións da dita emisión e das regras que regulen o funcionamento de tal sindicato ou asemblea.

d) Os depositantes e acredores da entidade.

2. O auto polo cal, de ser o caso, se acorde a adopción de medidas cautelares deberá publicarse no «Boletín Oficial del Estado» e a entidade e o FROB darán a mesma publicidade a ese auto que á acción de amortización ou conversión de instrumentos de capital e recapitalización interna.

3. No caso de que o recurso contencioso-administrativo interposto polos titulares de valores incluídos no ámbito de aplicación da acción de amortización ou conversión de instrumentos de capital e recapitalización interna ou polo comisario ou representante do sindicato ou asemblea que os agrupe sexa estimado, a resolución unicamente terá efectos con respecto á emisión ou emisións en que investisen.

4. A entidade e o FROB darán a mesma publicidade á sentenza que á acción de amortización ou conversión de instrumentos de capital e recapitalización interna.

Artigo 74. Imposibilidade de execución de sentenza ditada nos recursos contencioso-administrativos a que se refiren os artigos 72 e 73.

1. O supervisor e as autoridades de resolución competentes poderán alegar ante a autoridade xudicial as causas que determinen a imposibilidade material de executar unha sentenza que declare contraria a dereito algunha das decisións ou dos actos previstos nos artigos 72 e 73. O xuíz ou tribunal apreciará a concorrencia ou non de tales causas e fixará, de ser o caso, a indemnización que se deba satisfacer. O importe da citada indemnización alcanzará, como máximo, a diferenza entre o dano efectivamente sufrido polo recorrente e a perda que tería soportado en caso de que, no momento de adoptarse a correspondente decisión ou acordo, se producise a liquidación da entidade no marco dun procedemento concursal.

2. Ao valorar as causas que determinan a imposibilidade material de executar unha sentenza, de acordo co previsto no punto anterior, o xuíz ou tribunal deberá ter particularmente en conta:

a) O volume especialmente significativo ou a complexidade das operacións afectadas ou que se poidan ver afectadas.

b) A existencia de prexuízos que, de se executar a sentenza nos seus estritos termos, se derivarían para a entidade e para a estabilidade do sistema financeiro.

c) A existencia de dereitos ou intereses lexitimos doutros accionistas, socios, obrigacionistas, acredores ou calquera outro terceiro, amparados polo ordenamento xurídico.

CAPÍTULO IX

Réxime sancionador*Sección 1.ª Disposicións xerais***Artigo 75. Disposicións xerais.**

1. As entidades, así como aqueles que desempeñen cargos de administración ou dirección nelas, que infrinxan as normas previstas nesta lei, incorrerán en responsabilidade administrativa sancionable consonte o disposto neste capítulo.

2. A responsabilidade imputable a unha entidade e aos cargos de administración ou dirección dela serán independentes. A falta de incoación de expediente sancionador ou o arquivamento ou sobrosemento do incoado contra unha entidade non afectará necesariamente a responsabilidade en que poden incorrer os cargos de administración ou dirección dela, e viceversa.

3. Cando as infraccións se refiran a obrigacións dos grupos consolidables de entidades, sancionarase a entidade matriz e, se procede, os seus administradores e directivos.

Artigo 76. Competencia para a instrución de expedientes.

1. A tramitación dos procedementos sancionadores e imposición das sancións que deriven das infraccións tipificadas nesta lei corresponde ás seguintes autoridades:

a) Ao FROB cando se trate de infraccións relacionadas coas súas funcións como autoridade de resolución executiva e, en particular, daquelas que supoñan a vulneración das normas previstas nos capítulos IV a VII.

b) Ao Banco de España cando se trate de infraccións relacionadas coas súas funcións como autoridade supervisora e de resolución preventiva, en particular, daquelas que supoñan a vulneración das normas previstas nos capítulos II e III.

c) Á Comisión Nacional do Mercado de Valores cando se trate de infraccións relacionadas coas súas funcións como autoridade supervisora e de resolución preventiva, en particular, das que supoñan a vulneración das normas previstas nos capítulos II e III.

2. O Banco de España, a Comisión Nacional do Mercado de Valores e o FROB colaborarán entre si en todos aqueles procedementos sancionadores que, pola súa natureza, poidan afectar de maneira concorrente as diferentes autoridades.

3. O supervisor e as autoridades de resolución competentes darán conta razoada ao ministro de Economía e Competitividade da imposición de sancións por infraccións moi graves e, en todo caso, remitiranlle con periodicidade trimestral a información esencial sobre os procedementos en tramitación e as resolucións adoptadas.

Artigo 77. Prescrición de infraccións e sancións.

1. As infraccións moi graves prescribirán aos cinco anos, as graves aos catro anos e as leves aos dous anos.

2. O prazo de prescrición contarase desde a data en que a infracción se cometeu. Nas infraccións derivadas dunha actividade ou omisión continuadas, a data inicial do cómputo será a de finalización da actividade ou a do último acto con que a infracción se consume.

3. A prescrición interromperase pola iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador. O prazo restablecerase se o expediente permanece paralizado durante seis meses por causa non imputable a aqueles contra os que se dirixa.

Non se entenderá que existe paralización, para os efectos do previsto no parágrafo anterior, no caso de que esta se produza como consecuencia da adopción dun acordo de suspensión do procedemento por concorrencia cun proceso penal.

4. O réxime de prescrición das sancións será o previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Sección 2.^a *Infraccións*

Artigo 78. *Clases de infraccións.*

As infraccións administrativas previstas nesta lei clasificaranse en moi graves, graves e leves.

Artigo 79. *Infraccións moi graves.*

Constituirán infraccións moi graves as seguintes:

a) Negarse ou resistirse á actuación do supervisor ou das autoridades de resolución competentes no exercicio das funcións que lles confire esta lei, sempre que non teña carácter meramente ocasional ou illado.

b) A falta da colaboración exixible ou a obstrución por parte da entidade respecto ás medidas de actuación temperá que decidise aplicar o supervisor competente, cando non teñan carácter ocasional ou illado.

c) A falta de colaboración necesaria por parte da entidade coa autoridade de resolución preventiva competente, para os efectos da elaboración dos plans de resolución, cando non teña carácter ocasional ou illado.

d) A falta da colaboración exixible ou a obstrución por parte da entidade na aplicación das medidas de resolución que decidise o FROB, cando non teña carácter ocasional ou illado.

e) Calquera actuación que entorpeza ou dificulte gravemente a valoración económica da entidade encomendada aos expertos independentes, sempre que non teña carácter ocasional ou illado.

f) Non remitir ao supervisor ou ás autoridades de resolución competentes cantos datos ou documentos lles deban ser remitidos ou requiran no exercicio das súas funcións, ou remitírllelos de maneira incompleta ou inexacta, cando con iso se dificulte a apreciación da viabilidade da entidade ou a do grupo consolidable ou conglomerado financeiro a que pertenza. Para os efectos desta letra, entenderase, así mesmo, como falta de remisión a remisión fóra do prazo previsto na norma correspondente ou do prazo concedido polo órgano competente ao efectuar, de ser o caso, o oportuno requirimento.

En particular, enténdense incluídas nesta letra:

1.º A falta de remisión ao supervisor competente do plan de recuperación, así como a falta de remisión das revisións do plan que fosen exixidas polo supervisor competente.

2.º A falta de remisión ao supervisor competente por parte da entidade do informe sobre o grao de cumprimento das medidas previstas no plan de actuación e das demais medidas de actuación temperá.

3.º A falta de remisión á autoridade de resolución preventiva competente por parte da entidade da información necesaria para a elaboración do plan de resolución.

g) Incumprir o deber de veracidade informativa debida ao supervisor e ás autoridades de resolución competentes, sempre que, polo número de afectados ou pola importancia da información, sexa especialmente relevante o incumprimento.

h) O incumprimento do deber de confidencialidade sobre os datos obtidos no contexto dun proceso de actuación temperá ou resolución, ou o seu uso para fins diferentes dos previstos na lei, sempre que, polo número de afectados ou pola importancia da información, sexa especialmente relevante o incumprimento.

i) A falta de comunicación ou a comunicación manifestamente demorada, por parte dunha entidade ou dun grupo ou subgrupo consolidable de entidades, de que se encontra nalgunha das circunstancias de actuación temperá, cando isto se coñeza ou, dadas as circunstancias obxectivas, debese coñecelo o órgano de administración, sempre que pola

gravidade das circunstancias en que se encontre a entidade ou o período de tempo transcorrido se deba considerar infracción moi grave.

j) A falta de comunicación ou a comunicación manifestamente demorada polo órgano de administración ao supervisor ou ás autoridades de resolución competentes de que a entidade se encontra en situación de inviabilidade, cando isto se coñeza ou, dadas as circunstancias obxectivas, debese coñecelo o órgano de administración, sempre que pola gravidade das circunstancias en que se encontre a entidade ou o período de tempo transcorrido se deba considerar infracción moi grave.

k) Non propor á autoridade de resolución preventiva competente as medidas adecuadas para reducir ou eliminar os obstáculos á resolubidade e a non aplicación das medidas alternativas propostas pola autoridade de resolución preventiva competente para reducir ou eliminar os obstáculos, cando non teña carácter ocasional ou illado.

l) Non manter o plan de recuperación actualizado anualmente ou tras ter ocorrido un cambio na estrutura xurídica ou organizativa da entidade que requira cambios nel, sempre que as circunstancias da entidade varíen significativamente e xustifiquen unha alteración substancial do plan.

m) O incumprimento das obrigacións, requisitos e limitacións previstos nesta lei en relación coa axuda financeira intragrupo. En particular, ter outorgado a axuda financeira de grupo sen contar coa autorización do supervisor competente ou, tendo obtido a autorización con falseamento das circunstancias e requisitos exigibles; ter celebrado un acordo de apoio financeiro intragrupo cando algunha das partes se encontre nun suposto de actuación temperá; non ter publicado as entidades que pertencen a un grupo a información procedente respecto a se subscribiron ou non un acordo de axuda financeira, e a falta de comunicación ao supervisor competente dos acordos adoptados para prestar axuda financeira de grupo cando, en todos os casos, non teña carácter ocasional ou illado.

n) A falta de pagamento das achegas a que se refire o artigo 53.1.a) ou o seu pagamento fóra do prazo exigible.

ñ) Realizar actos ou operacións sen autorización cando esta sexa preceptiva, sen observar as súas condicións básicas, ou tendo obtido a autorización por medio de declaracións falsas ou por outro medio irregular, cando non teña carácter ocasional ou illado.

o) As infraccións graves, cando ao cometelas, se realizasen actos fraudulentos ou se utilizasen persoas físicas ou xurídicas interpostas.

p) En relación coa sociedade de xestión de activos, e sen prexuízo da aplicación do resto das letras:

1.º A realización de actividades alleas ao seu obxecto social que poñan en perigo a consecución dos obxectivos xerais legalmente establecidos para ela nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento, salvo que teña un carácter ocasional ou illado.

2.º Carecer da contabilidade exigida legalmente ou levala con irregularidades esenciais que impidan coñecer a súa situación patrimonial e financeira.

3.º O incumprimento da obrigaion de someter as súas contas anuais a auditoría de contas conforme a lexislación vixente na materia.

4.º A negativa ou resistencia á actuación inspectora, sempre que medie requirimento expreso e por escrito ao respecto.

5.º O incumprimento das súas obrigacións de transparencia, salvo que teña un carácter meramente ocasional ou illado.

6.º A falta de remisión ao FROB, de cantos datos ou documentos se lle deban remitir ou requira no exercicio das súas funcións, ou a súa falta de veracidade, cando con iso se dificulte a apreciación da situación patrimonial e financeira da sociedade. Para os efectos deste número, entenderase que hai falta de remisión cando esta non se produza dentro do prazo concedido para o efecto polo órgano competente ao recordar por escrito a obrigaion ou reiterar o requirimento.

Artigo 80. *Infraccións graves.*

Constitúen infraccións graves as seguintes:

- a) Negarse ou resistirse á actuación do supervisor ou das autoridades de resolución competentes no exercicio das funcións que lles confire esta lei salvo que, por non ter carácter meramente ocasional ou illado, constitúa infracción moi grave.
- b) A falta da colaboración exixible ou a obstrución por parte da entidade das medidas de actuación temperá que decidise aplicar o supervisor competente, cando teña carácter meramente ocasional ou illado.
- c) A falta de colaboración necesaria por parte da entidade coa autoridade de resolución preventiva competente, para os efectos da elaboración dos plans de resolución, cando teña carácter meramente ocasional ou illado.
- d) A falta da colaboración exixible ou a obstrución por parte da entidade das medidas de resolución que decidise aplicar o FROB, cando teña carácter meramente ocasional ou illado.
- e) Calquera actuación que entorpeza ou dificulte a valoración económica da entidade encomendada aos expertos independentes salvo que, por non ter carácter meramente ocasional ou illado, constitúa infracción moi grave.
- f) Non remitir ao supervisor ou ás autoridades de resolución competentes os datos ou documentos que lle deban ser remitidos ou que este requira no exercicio das súas funcións, ou a súa remisión incompleta ou inexacta, salvo que iso supoña a comisión dunha infracción moi grave. Para os efectos desta letra entenderase, así mesmo, como falta de remisión, a remisión fóra do prazo previsto na norma correspondente ou do prazo concedido polo órgano competente ao efectuar, de ser o caso, o oportuno requirimento.
- g) Incumprir o deber de veracidade informativa debida ao supervisor e ás autoridades de resolución competentes, así como o incumprimento do deber de confidencialidade sobre os datos obtidos no contexto dun proceso de actuación temperá ou resolución, ou o seu uso para fins diferentes dos previstos na lei, salvo que constitúa infracción moi grave.
- h) A falta de comunicación ou a comunicación demorada, por parte dunha entidade ou dun grupo ou subgrupo consolidable de entidades de crédito, de que se encontra nalgunha das circunstancias de actuación temperá, cando isto se coñeza ou, dadas as circunstancias obxectivas, debese coñecelo o órgano de administración, salvo que se deba considerar infracción moi grave.
- i) A falta de comunicación ou a comunicación demorada polo órgano de administración ao supervisor ou ás autoridades de resolución competentes de que a entidade se encontra en situación de inviabilidade, cando isto se coñeza ou, dadas as circunstancias obxectivas, debese coñecelo o órgano de administración, salvo que se deba considerar infracción moi grave.
- j) Non propor á autoridade de resolución preventiva competente as medidas adecuadas para reducir ou eliminar os obstáculos á resolubidade e a non aplicación das medidas alternativas impostas pola autoridade de resolución preventiva competente para reducir ou eliminar os obstáculos, cando teña carácter meramente ocasional ou illado.
- k) Non manter o plan de recuperación actualizado anualmente ou tras ter ocorrido un cambio na estrutura xurídica ou organizativa da entidade que requira actualizacións nel, salvo que constitúa infracción moi grave.
- l) O incumprimento das obrigacións, requisitos e limitacións previstos nesta lei en relación coa axuda financeira intragrupo, salvo que constitúa infracción moi grave.
- m) Realizar actos ou operacións sen autorización cando esta sexa preceptiva, sen observar as súas condicións básicas, ou tendo obtido a autorización por medio de declaracións falsas ou por outro medio irregular, cando teña carácter meramente ocasional ou illado.
- n) O incumprimento meramente ocasional ou illado das demais obrigacións exixibles de conformidade co previsto nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento, mediando requirimento previo do supervisor ou das autoridades de resolución competentes.

ñ) Incurrir en infraccións leves cando durante os dous anos anteriores á súa comisión se lle impuxese á entidade ao menos unha sanción firme en vía administrativa polo mesmo tipo de infracción.

o) En relación coa sociedade de xestión de activos, e sen prexuízo da aplicación do resto de letras:

1.º A realización de actividades alleas ao seu obxecto social que poñan en perigo a consecución dos obxectivos xerais legalmente establecidos para ela nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento, sempre que non teñan a consideración de moi graves.

2.º O incumprimento meramente ocasional ou illado das súas obrigacións de transparencia, mediando requirimento previo da autoridade supervisora.

3.º A falta de remisión ao FROB dos datos ou documentos que se lle deban remitir ou que requira no exercicio das súas funcións, así como a falta de veracidade nestes, salvo que iso supoña a comisión dunha infracción moi grave. Para os efectos deste número entenderase que hai falta de remisión cando esta non se produza dentro do prazo concedido para o efecto polo órgano competente ao recordar por escrito a obrigación ou reiterar o requirimento.

4.º O incumprimento das normas vixentes sobre contabilización de operacións e sobre formulación de balances, contas de perdas e ganancias e estados financeiros de obrigatoria comunicación ao órgano administrativo competente.

5.º O incumprimento das obrigacións de goberno corporativo e as relativas á estrutura organizativa da sociedade de xestión de activos impostas por esta lei ou pola súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 81. *Infraccións leves.*

Constituirán infraccións leves aqueles incumprimentos de obrigacións establecidas especificamente nesta lei que non constitúan infraccións moi graves ou graves conforme o previsto nos dous artigos precedentes.

Sección 3.ª Sancións

Artigo 82. *Sancións.*

1. As sancións que impoña o FROB no exercicio das funcións que lle correspondan de acordo con esta lei, así como as que impoñan o Banco de España e a Comisión Nacional do Mercado de Valores no exercicio das súas funcións como autoridade de resolución preventiva, serán as previstas nesta sección.

2. As sancións que impoñan o Banco de España e a Comisión Nacional do Mercado de Valores no exercicio das funcións recollidas no capítulo II serán as previstas no título IV da Lei 10/2014, do 26 de xuño, en relación coas entidades de crédito, e no capítulo II do título VIII da Lei 24/1988, do 28 de xullo, en relación coas empresas de servizos de investimento.

3. As sancións impostas, así como calquera recurso interposto contra elas e os resultados destes recursos deberán ser comunicados á Autoridade Bancaria Europea, no caso de entidades de crédito, e á Autoridade Europea de Valores e Mercados, no caso de empresas de servizos de investimento.

Artigo 83. *Sancións pola comisión de infraccións moi graves.*

1. Pola comisión de infraccións moi graves imporáselle á entidade infractora unha ou máis das seguintes sancións:

a) Multa, que poderá ser, a xuízo do órgano competente para resolver:

1.º De até o dobre dos beneficios derivados da infracción, cando eses beneficios poidan cuantificarse, ou

2.º de até o 10 por cento do volume de negocios neto anual total, incluídos os ingresos brutos procedentes de xuros a percibir e ingresos asimilados, os rendementos de accións e outros valores de renda fixa ou variable e as comisións ou corretaxes a cobrar que realizase a entidade no exercicio anterior.

Cando a entidade sexa unha filial dunha empresa matriz, o volume de negocios pertinente será o resultante das contas consolidadas da empresa matriz no exercicio anterior.

b) Revogación da autorización da entidade, logo de informe do supervisor competente.

No caso de sucursais de entidades autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea, a sanción de revogación da autorización entenderase substituída pola prohibición de que inicie novas operacións en territorio español.

c) Suspensión ou limitación do tipo ou volume das operacións ou actividades que poida realizar o infractor nos mercados de valores durante un prazo non superior a cinco anos.

2. Adicionalmente ás sancións previstas no punto anterior, poderán imporse as seguintes medidas accesorias:

a) Requirimento ao infractor para que poña fin á súa conduta e se absteña de repetila.

b) Amoestación pública con publicación no «Boletín Oficial del Estado» da identidade do infractor, da natureza da infracción e das sancións impostas.

Artigo 84. *Sancións pola comisión de infraccións graves.*

1. Pola comisión de infraccións graves imporáselle á entidade infractora unha ou máis das seguintes sancións:

a) Multa, que poderá ser, a xuízo do órgano competente para resolver:

1.º de até 1,5 veces os beneficios derivados da infracción, cando eses beneficios poidan cuantificarse, ou

2.º de até o 5 por cento do volume de negocios neto anual total, incluídos os ingresos brutos procedentes de xuros a percibir e ingresos asimilados, os rendementos de accións e outros valores de renda fixa ou variable e as comisións ou corretaxes a cobrar que realizase a entidade no exercicio anterior.

Cando a entidade sexa unha filial dunha empresa matriz, o volume de negocios pertinente será o resultante das contas consolidadas da empresa matriz no exercicio anterior.

b) Suspensión ou limitación do tipo ou volume das operacións ou actividades que poida realizar o infractor nos mercados de valores, crediticios ou de capitais, durante un prazo non superior a un ano.

2. Adicionalmente ás sancións previstas no punto anterior, poderán imporse as seguintes medidas accesorias:

a) Requirimento ao infractor para que poña fin á súa conduta e se absteña de repetila.

b) Amoestación pública con publicación no «Boletín Oficial del Estado» da identidade do infractor, da natureza da infracción e das sancións ou medidas accesorias impostas, ou amoestación privada.

Artigo 85. *Sancións pola comisión de infraccións leves.*

1. Pola comisión de infraccións leves imporáselle á entidade unha multa que poderá ser, a xuízo do órgano competente para resolver:

- a) de até 1,2 veces o importe dos beneficios derivados da infracción, cando eses beneficios poidan cuantificarse, ou
- b) de até o 1 por cento do volume de negocios neto anual total, incluídos os ingresos brutos procedentes de xuros a percibir e ingresos asimilados, os rendementos de accións e outros valores de renda fixa ou variable e as comisións ou corretaxes a cobrar que realizase a entidade no exercicio anterior.

Cando a entidade sexa unha filial dunha empresa matriz, o volume de negocios pertinente será o resultante das contas consolidadas da empresa matriz no exercicio anterior.

2. Adicionalmente ás sancións previstas no punto anterior, poderán imporse as seguintes medidas accesorias:

- a) Requirimento ao infractor para que poña fin á súa conduta e se absteña de repetila.
- b) Amoestación privada.

Artigo 86. *Sancións aos que exerzan cargos de administración ou de dirección pola comisión de infraccións moi graves.*

1. Con independencia da sanción que, de ser o caso, corresponda impor á entidade infractora pola comisión de infraccións moi graves, poderán imporse unha ou máis das seguintes sancións a aqueles que, exercendo cargos de administración ou dirección, de feito ou de dereito nela, sexan responsables da infracción:

- a) Multa a cada un deles por importe de até 5.000.000 de euros.
- b) Suspensión no exercicio do cargo de administración ou dirección na entidade por prazo non superior a tres anos.
- c) Separación do cargo na entidade, con inhabilitación para exercer cargos de administración ou dirección na mesma entidade por un prazo máximo de cinco anos.
- d) Inhabilitación para exercer cargos de administración ou dirección en calquera entidade de crédito ou do sector financeiro, con separación, de ser o caso, do cargo de administración ou dirección que ocupe o infractor nunha entidade, por prazo non superior a dez anos.

2. Adicionalmente ás sancións previstas no punto anterior, poderán imporse as seguintes medidas accesorias:

- a) Requirimento ao infractor para que poña fin á súa conduta e se absteña de repetila.
- b) Amoestación pública con publicación no «Boletín Oficial del Estado» da identidade do infractor, da natureza da infracción e das sancións ou medidas accesorias impostas.

Artigo 87. *Sancións aos que exerzan cargos de administración ou de dirección pola comisión de infraccións graves.*

1. Con independencia da sanción que, de ser o caso, corresponda impor á entidade infractora pola comisión de infraccións graves, poderán imporse unha ou máis das seguintes sancións a aqueles que, exercendo cargos de administración ou dirección, de feito ou de dereito nela, sexan responsables da infracción:

- a) Multa a cada un deles por importe de até 2.500.000 euros.
- b) Suspensión no exercicio do cargo por prazo non superior a un ano.

c) Separación do cargo, con inhabilitación para exercer cargos de administración ou dirección na mesma entidade por un prazo máximo de dous anos.

d) Inhabilitación para exercer cargos de administración ou dirección en calquera entidade de crédito ou do sector financeiro, con separación, de ser o caso, do cargo de administración ou dirección que ocupe o infractor nunha entidade, por prazo non superior a cinco anos.

2. Adicionalmente ás sancións previstas no punto anterior, poderán imporse as seguintes medidas accesorias:

a) Requirimento ao infractor para que poña fin á súa conduta e se absteña de repetila.

b) Amoestación pública con publicación no «Boletín Oficial del Estado» da identidade do infractor, da natureza da infracción e das sancións ou medidas accesorias impostas.

Artigo 88. Sancións aos que exerzan cargos de administración ou de dirección pola comisión de infraccións leves.

1. Con independencia da sanción que, de ser o caso, corresponda impor á entidade infractora pola comisión de infraccións leves, poderá imporse unha multa por importe de até 500.000 euros a aqueles que, exercendo cargos de administración ou dirección, de feito ou de dereito nela, sexan responsables da infracción.

2. Adicionalmente ás sancións previstas no punto anterior, poderán imporse as seguintes medidas accesorias:

a) Requirimento ao infractor para que poña fin á súa conduta e se absteña de repetila.

b) Amoestación privada.

Artigo 89. Criterios para a determinación de sancións.

1. Cando o FROB sexa o órgano sancionador competente, ou cando o Banco de España e a Comisión Nacional do Mercado de Valores actúen no exercicio das súas funcións como autoridade de resolución preventiva, as sancións aplicables en cada caso pola comisión de infraccións moi graves, graves ou leves determinaranse con base nos seguintes criterios:

a) A natureza e entidade da infracción.

b) O grao de responsabilidade nos feitos.

c) A gravidade e duración da infracción.

d) A importancia dos beneficios obtidos ou das perdas evitadas, de ser o caso, como consecuencia dos actos ou omisións constitutivos da infracción.

e) A solidez financeira da persoa xurídica responsable da infracción reflectida, entre outros elementos obxectivos, no volume de negocios total da persoa xurídica responsable.

f) A solidez financeira da persoa física responsable da infracción reflectida, entre outros elementos obxectivos, nos ingresos anuais da persoa física responsable.

g) As consecuencias desfavorables dos feitos para o sistema financeiro ou a economía nacional.

h) A emenda da infracción por propia iniciativa do infractor.

i) A reparación dos danos ou perdas causados.

j) As perdas causadas a terceiros pola infracción.

k) O nivel de cooperación coa autoridade competente.

l) As consecuencias sistémicas da infracción.

m) O nivel de representación que o infractor teña na entidade infractora.

n) No caso de insuficiencia de recursos propios, as dificultades obxectivas que poidan ter concurrido para alcanzar ou manter o nivel legalmente exixido.

ñ) A conduta anterior do infractor en relación cos procesos de actuación temperá e resolución que o afectasen, atendendo ás sancións firmes que se lle impuxesen, durante os últimos cinco anos.

2. As sancións que impoñan o Banco de España e a Comisión Nacional do Mercado de Valores no exercicio das funcións previstas no capítulo II determinaranse de acordo cos criterios previstos no título IV da Lei 10/2014, do 26 de xuño, en relación coas entidades de crédito, e no capítulo II do título VIII da Lei 24/1988, do 28 de xullo, en relación coas empresas de servizos de investimento.

Artigo 90. *Responsabilidade dos cargos de administración ou dirección.*

1. Quen exerza na entidade cargos de administración ou dirección será responsable das infraccións cando estas sexan imputables á súa conduta dolosa ou negligente.

2. Non serán considerados responsables das infraccións os seus administradores ou membros dos seus órganos de administración, nos seguintes casos:

a) Cando aqueles que formen parte de órganos de administración votasen en contra ou salvasen expresamente o seu voto en relación coas decisións ou acordos que desen lugar ás infraccións.

b) Cando esas infraccións sexan exclusivamente imputables a comisións executivas, membros do órgano de administración con funcións executivas, directores xerais ou órganos asimilados, ou outras persoas con funcións executivas na entidade.

Artigo 91. *Nomeamento temporal de membros do órgano de administración.*

No caso de que, polo número e cargo das persoas afectadas polas sancións de suspensión ou separación, resulte estritamente necesario para asegurar a continuidade na administración e dirección da entidade, o supervisor ou supervisores e as autoridades de resolución competentes poderán dispor o nomeamento, con carácter provisional, dos membros que se precisen para que o órgano de administración poida adoptar acordos ou dun ou máis administradores, especificando as súas funcións. Esas persoas exercerán os seus cargos até que o órgano competente da entidade, que deberá convocar de modo inmediato, provexa os correspondentes nomeamentos e tomen posesión os designados, de ser o caso, até que transcorra o prazo de suspensión.

Sección 4.^a Normas xerais de procedemento

Artigo 92. *Procedemento para a imposición de sancións.*

1. A instrución e resolución por parte do Banco de España e do FROB dos procedementos sancionadores da súa respectiva competencia levaranse a cabo de acordo coas normas de procedemento, publicidade e notificación previstas no capítulo IV do título IV da Lei 10/2014, do 26 de xuño, sen prexuízo das particularidades contidas nesta lei.

2. A instrución e resolución por parte da Comisión Nacional do Mercado de Valores dos procedementos sancionadores da súa competencia levaranse a cabo de acordo coas normas de procedemento, publicidade e notificación previstas no título VIII da Lei 24/1988, do 28 de xullo, sen prexuízo das particularidades contidas nesta lei.

3. Supletoriamente, aplicarase o procedemento e principios previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

4. En todo caso, as sancións impostas por infraccións moi graves e graves publicaranse no «Boletín Oficial del Estado», unha vez que sexan firmes en vía administrativa.

Artigo 93. *Executividade das sancións e impugnación en vía administrativa.*

As resolucións do FROB poñen fin á vía administrativa e serán impugnables potestativamente en reposición, consonte o previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992.

Disposición adicional primeira. *Estrutura e funcionamento das autoridades de resolución preventiva.*

1. O Banco de España e a Comisión Nacional do Mercado de Valores adoptarán as medidas necesarias para que a súa estrutura organizativa garanta a independencia operativa e se eviten os conflitos de intereses entre as funcións de supervisión e as de resolución preventiva que lles atribúe esta lei.

No exercicio das funcións de resolución preventiva, o Banco de España e a Comisión Nacional do Mercado de Valores perseguirán exclusivamente o cumprimento dos obxectivos establecidos no artigo 3. O desempeño das citadas funcións estará funcional e xerarquicamente separado do exercicio das funcións supervisoras. Ambas as institucións elaborarán un regulamento de xestión dos potenciais conflitos de interese, de modo que estes estean debidamente identificados, xestionados, controlados e, de ser o caso, eliminados.

2. O disposto nos artigos 57 a 59 será de aplicación ao Banco de España e á Comisión Nacional do Mercado de Valores como autoridades de resolución preventiva. En particular, subministrarán a información que o FROB requira para o exercicio das competencias previstas no artigo 21 e, con carácter xeral, das que posúe como autoridade de resolución executiva.

Disposición adicional segunda. *Prazo para dotación do Fondo de Resolución Nacional.*

O nivel de recursos financeiros do Fondo de Resolución Nacional exixido de conformidade co previsto nesta lei comezará a achegarse durante o exercicio do ano 2015 e deberase alcanzar non máis tarde do 31 de decembro de 2024.

Sen prexuízo do previsto no parágrafo anterior, a obrigaición das entidades de contribuír ao Fondo de Resolución Nacional unicamente nacerá cando o FROB exixa, especificando para cada entidade a contía correspondente, as contribucións ordinarias ou extraordinarias, sen que poidan derivar obrigaicións xerais de contribución previas a ese momento.

O FROB poderá ditar todos os actos que sexan necesarios para exixir as contribucións ao Fondo de Resolución Nacional nos termos previstos nesta lei.

Disposición adicional terceira. *Réxime xurídico aplicable ás garantías constituídas a favor do FROB e do Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.*

O réxime xurídico establecido na disposición adicional sexta da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España, será aplicable, así mesmo, ás garantías constituídas a favor do FROB e do Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito no exercicio das súas funcións.

Disposición adicional cuarta. *Mecanismo Único de Resolución e Fondo Único de Resolución.*

1. Esta lei aplicarase de maneira compatible co disposto no Regulamento (UE) n.º 806/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de xullo de 2014, a medida que tales preceptos entren en vigor, de acordo co disposto no artigo 99 do regulamento, en particular, no referido ás funcións das autoridades europeas no marco do Mecanismo Único de Resolución, e ao deber de colaboración das autoridades nacionais coas autoridades europeas para a correcta execución en España das decisións que as autoridades europeas adopten no exercicio das súas competencias.

2. De conformidade co previsto no Regulamento (UE) n.º 806/2014, do 15 de xullo de 2014, o resto do dereito da Unión Europea aplicable e o Acordo sobre a transferencia e mutualización das achegas ao Fondo Único de Resolución suscrito o 21 de maio de 2014, a parte que corresponda do Fondo de Resolución Nacional transferirase ao Fondo Único de Resolución na contía e na forma establecida nas citadas normas e acordo.

O previsto no parágrafo anterior producirase nos prazos que correspondan de conformidade coas correspondentes entradas en vigor e, en particular, segundo o previsto nos artigos 96 e 99.6 do regulamento e 3.3, 11 e 12 do acordo.

Disposición adicional quinta. *Conservación de rexistros de contratos financeiros polas entidades.*

Os supervisores e as autoridades de resolución competentes poderán exixir ás entidades que manteñan un rexistro que inclúa información pormenorizada dos contratos financeiros sobre valores e materias primas, contratos a prazo e de futuros e acordos de permuta en que sexan parte, así como copia dos documentos acreditativos destes. Os supervisores competentes poderán determinar a información mínima que se deberá incluír no dito rexistro para as súas respectivas entidades supervisadas.

Disposición adicional sexta. *Integración dos fondos de garantía de depósitos en caixas de aforros, establecementos bancarios e cooperativas de crédito.*

O previsto nesta lei non altera ningún dos efectos da integración e subrogación de dereitos e obrigacións dos preexistentes fondos de garantía de depósitos en caixas de aforros, establecementos bancarios e cooperativas de crédito, operada desde a entrada en vigor do Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro.

Disposición adicional sétima. *Referencias á Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito.*

As referencias que no ordenamento xurídico se realicen á Lei 9/2012, do 14 de novembro, entenderanse efectuadas ao precepto correspondente desta lei.

Disposición adicional oitava. *Autoridade de resolución española no ámbito do Mecanismo Único de Resolución.*

O FROB e as autoridades de resolución preventivas, de conformidade coas competencias atribuídas nesta lei, serán as autoridades de resolución españolas para os efectos do previsto no Regulamento (UE) n.º 806/2014, do 15 de xullo de 2014.

O FROB representará as autoridades de resolución españolas na Xunta Única de Resolución do Mecanismo Único de Resolución. O Banco de España poderá participar nela coa condición de observador.

Disposición adicional novena. *Entidades financeiras e outro tipo de sociedades.*

Esta lei será de aplicación ás entidades e sociedades previstas no artigo 1.2.b), c) e d) na medida necesaria para facer plenamente efectivos os obxectivos e principios de resolución previstos nos artigos 3 e 4, e dar estrito cumprimento ao previsto na Directiva 2014/59/UE, do 15 de maio, e, en particular, seralles de aplicación o disposto nos artigos 3, 4, 5, 6.6, 7, 14, 16, 18, 21, 24, 25, 38 a 40, 42, 45, 46, 49, 58, 63 a 65, 67, 70 e 71, a disposición adicional quinta, a disposición adicional décimo cuarta, puntos 2 e 3, e a disposición adicional décimo quinta, sen prexuízo daqueles outros preceptos da lei cuxa literalidade comprenda ou exixa a súa aplicación a estas entidades e sociedades.

Disposición adicional décima. *Plans xerais de viabilidade.*

A obrigación de elaborar un plan xeral de viabilidade a que fan referencia o artigo 30 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, e o artigo 70 ter 2.g) da Lei 24/1988, do 28 de xullo,

entenderase cumprida coa elaboración dos plans de recuperación previstos no artigo 6 desta lei.

Disposición adicional décimo primeira. *Constitución da Comisión Reitora do FROB.*

A Comisión Reitora do FROB deberá estar constituída nos termos previstos no capítulo VII no prazo máximo de dous meses desde a entrada en vigor desta lei.

Mentres non se constitúa a Comisión Reitora de acordo co previsto no capítulo VII, será a Comisión Reitora existente no momento da entrada en vigor desta lei quen exercerá todas as funcións previstas nesta lei.

Disposición adicional décimo segunda. *Capital autorizado para a conversión de instrumentos de capital en caso de producirse unha circunstancia desencadeante.*

En caso de que o importe máximo do capital autorizado previsto no artigo 297.1.b) do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, resulte insuficiente para a conversión prevista no artigo 52, punto 1, letra n), do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, e se produza unha circunstancia desencadeante, o dito límite poderá ser excedido, logo de informe do auditor de contas. Tamén se poderá superar o prazo máximo fixado no referido artigo e non resultará de aplicación o requisito de que as achegas deban ser en diñeiro. Ao tempo da convocatoria da xunta xeral porase á disposición dos accionistas no domicilio social o referido informe do auditor de contas en que se acredite a necesidade de aplicar as ditas excepcións.

Este mesmo réxime excepcional e requisitos resultarán de aplicación para os instrumentos de capital de nivel 2 que inclúan cláusulas de conversión en caso de se producir unha circunstancia desencadeante.

Disposición adicional décimo terceira. *Persoal do Banco de España no FROB.*

O FROB poderá incorporar persoal que preste servizos no Banco de España, sen prexuízo da autonomía en materia de política de persoal do Banco de España e de acordo cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, que nos termos a que se refire ao artigo 52.7 deben rexer a selección do persoal do FROB. En ningún caso, a incorporación do persoal poderá supor menoscabo da necesaria independencia operativa ou dar lugar a conflitos de intereses entre as funcións de supervisión e as de resolución.

Cando o persoal do Banco de España, logo de autorización desta institución, se incorpore ao FROB quedará en excedencia forzosa con reserva de praza e computaráselle o tempo que permaneza nela para efectos de antigüidade.

O persoal que se incorpore ao FROB procedente doutras administracións ou entes públicos terá dereito a percibir a carga deste e en concepto de antigüidade unha contía equivalente á que por este mesmo concepto viñese percibindo até a súa incorporación a el.

Disposición adicional décimo cuarta. *Réxime aplicable en caso de concurso dunha entidade.*

En caso de concurso dunha entidade:

1. Serán considerados créditos con privilexio xeral, con posterioridade na orde de prelación aos créditos con privilexio xeral previstos no artigo 91.5.º da Lei 22/2003, do 9 de xullo:

a) os depósitos garantidos polo Fondo de Garantía de Depósitos e os dereitos en que se subrogase o dito Fondo e se fixese efectiva a garantía, e

b) a parte dos depósitos das persoas físicas e das microempresas, pequenas e medianas empresas que exceda o nivel garantido previsto no Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, e os depósitos das persoas físicas e das microempresas, pequenas e medianas empresas que serían depósitos garantidos se non estivesen constituídos a

través de sucursais situadas fóra da Unión Europea de entidades establecidas na Unión Europea.

2. Os créditos subordinados incluídos no artigo 92.2.º da Lei 22/2003, do 9 de xullo, terán, no caso de concurso de entidades incluídas no ámbito de aplicación desta lei, a seguinte prelación:

- a) O importe principal da débeda subordinada que non sexa capital adicional de nivel 1 ou 2.
- b) O importe principal dos instrumentos de capital de nivel 2.
- c) O importe principal dos instrumentos de capital adicional de nivel 1.

Disposición adicional décimo quinta. *Efectos dos procesos de actuación temperá e de resolución sobre a continuidade das actividades dunha entidade.*

1. Desde a apertura dos procesos de actuación temperá e resolución, os xuíces non poderán admitir as solicitudes de concurso dunha entidade e serán nulas de pleno dereito as actuacións xudiciais que infrinxan o previsto nesta disposición.

2. As entidades comprendidas no ámbito de aplicación desta lei non poderán presentar solicitude de declaración de concurso voluntario sen ter efectuado a comunicación prevista nos artigos 9.1 e 21.4 e sen que o supervisor competente e o FROB decidan se van abrir un proceso de actuación temperá ou de resolución da entidade. O prazo de dous meses previsto no artigo 5 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, suspenderase até que se adopte esta decisión.

En caso de que se vaia abrir algún destes procesos ou se á solicitude de declaración de concurso non se lle xunta a comunicación prevista no parágrafo anterior, o órgano xudicial competente non admitirá a trámite aquela solicitude.

3. Se se solicitase o concurso necesario dunha entidade, o órgano xudicial competente, suspendendo a tramitación da solicitude, notificarállelo ao supervisor competente e ao FROB para que no prazo de sete días lle comuniquen se, no exercicio das competencias previstas nesta lei, van abrir un proceso de actuación temperá ou de resolución da entidade. En caso de que se vaia abrir algún destes procesos, o órgano xudicial competente non admitirá a trámite aquela solicitude.

4. Os instrumentos de resolución aplicados polo FROB terán a consideración de medidas de saneamento para efectos do disposto na Lei 6/2005, do 22 de abril, sobre saneamento e liquidación das entidades de crédito.

Disposición adicional décimo sexta. *Taxa polas actividades realizadas polo FROB como autoridade de resolución.*

1. A taxa polas actividades realizadas polo FROB como autoridade de resolución rexerase polo establecido nesta lei e, na súa falta, pola Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, e pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. Feito imponible. Constitúe o feito imponible da taxa polas actividades realizadas polo FROB como autoridade de resolución, o exercicio das funcións de vixilancia, informe e aplicación dos instrumentos de resolución, durante as fases preventiva e executiva da resolución.

3. Devindicación. A taxa devindícase o 1 de xaneiro de cada ano, salvo para os casos de constitución de entidades, en que a taxa se devindicará na data da súa constitución.

4. Suxeitos pasivos. Serán suxeitos pasivos da taxa as entidades previstas no artigo 1.2.a) desta lei.

5. Base imponible. A base imponible será a contía que cada entidade debe achegar en concepto de contribución ordinaria anual ao Fondo de Resolución Nacional ou, de ser o caso, ao Fondo Único de Resolución.

6. Cota tributaria. A cota tributaria será o resultado de aplicar un tipo de gravame do 2,5 por cento sobre a base imponible.

7. Xestión, liquidación e recadación. A competencia para a xestión, liquidación e recadación da taxa corresponderá ao FROB, nos termos en que se desenvolva regulamentariamente.

8. Os ingresos derivados da taxa polas actividades realizadas polo FROB como autoridade de resolución teñen a natureza de ingresos orzamentarios do FROB.

Disposición adicional décimo sétima. *Réxime xurídico do Instituto de Crédito Oficial.*

De conformidade co artigo 2.2 da Directiva 2014/59/UE, o Instituto de Crédito Oficial queda excluído do ámbito de aplicación desta lei previsto no artigo 1.

Disposición transitoria primeira. *Réxime aplicable a determinados procedementos de reestruturación, recuperación e resolución.*

1. Os procedementos de reestruturación e resolución iniciados con anterioridade á entrada en vigor da lei, así como todas as medidas accesorias que os acompañasen, incluíndo os instrumentos de apoio financeiro e a xestión de instrumentos híbridos, continuarán regulándose, até a súa conclusión, pola normativa de aplicación anterior á entrada en vigor desta lei.

2. Os procedementos de recuperación e resolución que se inicien antes do 1 de xaneiro de 2016 continuarán regulándose, en relación cos instrumentos de apoio financeiro e a xestión de instrumentos híbridos, pola normativa de aplicación anterior á entrada en vigor desta lei, sen que lles sexa de aplicación a normativa sobre recapitalización interna prevista no capítulo VI.

Disposición transitoria segunda. *Normas sobre recapitalización interna.*

As normas sobre recapitalización interna contidas no capítulo VII da Lei 9/2012, do 14 de novembro, manterán a súa vixencia até o 31 de decembro de 2015.

Disposición transitoria terceira. *Procedementos administrativos e xudiciais iniciados con anterioridade á entrada en vigor.*

Os procedementos administrativos e xudiciais iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta lei serán tramitados e resolto de acordo coa normativa aplicable antes da citada entrada en vigor.

Disposición transitoria cuarta. *Achegas anuais ao compartimento de garantía de depósitos.*

1. O Banco de España deberá desenvolver, antes do 31 de maio de 2016, os métodos necesarios para que as achegas anuais das entidades ao compartimento de garantía de depósitos do Fondo de Garantía de Depósitos sexan proporcionais aos seus perfís de risco.

2. Mentres o Banco de España non desenvolva eses métodos, as achegas anuais calcularanse conforme o disposto, con anterioridade á modificación acometida por esta lei, no Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, polo que se crea o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.

Disposición transitoria quinta. *Devindicación da taxa polas actividades realizadas polo FROB como autoridade de resolución durante o ano 2015.*

Durante o ano 2015, a devindicación da taxa pola realización de actividades e pola prestación de servizos por parte do FROB como autoridade de resolución producirase o día da entrada en vigor desta lei.

Disposición transitoria sexta. *Adaptación ás novidades da Directiva 2013/50/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2013.*

1. Os prazos a que se refiren as modificacións dos artigos 35.1 e 35.2, nos puntos un e dous da letra B) da disposición derradeira primeira serán de aplicación aos informes financeiros anuais e informes financeiros semestrais que se deban publicar transcorridos seis meses despois da entrada en vigor desta lei.

2. As modificacións introducidas polo punto seis da letra B) da disposición derradeira primeira no artigo 53.3 non serán de aplicación até a data que determinen as normas de desenvolvemento desta lei.

Disposición transitoria sétima. *Aplicación da disposición derradeira primeira e do Regulamento (UE) n.º 909/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, sobre a mellora da liquidación de valores na Unión Europea e os depositarios centrais de valores, e polo que se modifican as directivas 98/26/CE e 2014/65/UE e o Regulamento (UE) n.º 236/2012.*

1. As modificacións introducidas polos puntos catro a oito, dez, doce, trece, quince, vinte e un, vinte e dous e vinte e nove da letra A) da disposición derradeira primeira non serán de aplicación aos mercados secundarios oficiais, sistemas multilaterais de negociación e depositarios centrais de valores que no momento da entrada en vigor desta lei estean constituídos e operando en España até a data que determinen as normas de desenvolvemento desta lei.

2. As obrigacións que derivan do Regulamento (UE) n.º 909/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, sobre a mellora da liquidación de valores na Unión Europea e os depositarios centrais de valores, e polo que se modifican as directivas 98/26/CE e 2014/65/UE e o Regulamento (UE) n.º 236/2012, serán exixibles de acordo co previsto nos artigos 69 e 76 do referido regulamento.

3. Os valores representados mediante títulos físicos admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais ou sistemas multilaterais de negociación deberán modificar a súa forma de representación a anotacións na conta de acordo co disposto no artigo 76.2 do Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014.

Disposición derogatoria.

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto nesta lei e, en particular, a Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, salvo as súas disposicións modificativas doutras normas e as disposicións adicionais segunda, terceira, cuarta, sexta a décimo terceira, décimo quinta, décimo sétima, décimo oitava e vixésimo primeira.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.*

A Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, queda modificada como segue:

A) En materia de compensación, liquidación e rexistro de valores:

Un. Modifícase o artigo 5, que queda redactado como segue:

«Artigo 5. *Representación dos valores.*

1. Os valores negociables poderanse representar por medio de anotacións na conta ou por medio de títulos. A modalidade de representación elixida deberase aplicar a todos os valores integrados nunha mesma emisión.

2. Os valores admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais ou en sistemas multilaterais de negociación estarán necesariamente representados mediante anotacións na conta.

Como excepción ao previsto no parágrafo anterior, estableceranse regulamentariamente as especialidades necesarias para que os valores estranxeiros representados mediante títulos poidan ser negociados en mercados secundarios oficiais ou en sistemas multilaterais de negociación españois e ser rexistrados nos depositarios centrais de valores establecidos en España.

3. Tanto a representación de valores mediante anotacións na conta como a representación por medio de títulos será reversible. A reversión da representación por medio de anotacións na conta a títulos exixirá a autorización previa da Comisión Nacional do Mercado de Valores, nos termos que se prevexan regulamentariamente. O paso ao sistema de anotacións na conta poderase facer a medida que os titulares vaian prestando o seu consentimento á transformación.»

Dous. Modifícase o artigo 6, que queda redactado como segue:

«Artigo 6. *Documento da emisión.*

1. A representación de valores por medio de anotacións na conta requirirá a elaboración pola entidade emisora dun documento en que constará a información necesaria para a identificación dos valores integrados na emisión.

No caso de valores participativos, o citado documento será elevado a escritura pública e poderá ser a escritura de emisión.

No caso de valores non participativos, a elevación a escritura pública do documento da emisión será potestativa. Este documento poderá ser substituído:

a) Polo folleto informativo aprobado e rexistrado pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, de acordo co disposto nesta lei.

b) Pola publicación das características da emisión no boletín oficial correspondente, no caso das emisións de débeda do Estado ou das comunidades autónomas, así como naqueles outros supostos en que estea establecido.

c) Pola certificación expedida polas persoas facultadas conforme a normativa vixente, no caso de emisións que vaian ser obxecto de admisión a negociación nun sistema multilateral de negociación establecido en España, de acordo co disposto no artigo 30 ter 4.

2. A entidade emisora deberá depositar unha copia do documento da emisión e das súas modificacións ante a entidade encargada do rexistro contable e ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores. Cando se trate de valores admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou nun sistema multilateral de negociación, deberá depositarse tamén unha copia ante o seu organismo reitor.

3. A entidade emisora e a encargada do rexistro contable deberán ter en todo momento á disposición dos titulares e do público interesado en xeral unha copia do referido documento.

4. Non será precisa a elaboración do documento da emisión para os instrumentos financeiros que se negocien en mercados secundarios oficiais de futuros e opcións nin nos demais supostos, e coas condicións que, de ser o caso, se determinen regulamentariamente.»

Tres. Modifícase o artigo 7, que queda redactado como segue:

«Artigo 7. *Entidades encargadas do rexistro contable.*

1. A xestión do rexistro contable dos valores representados por medio de anotacións na conta correspondentes a unha emisión será atribuída a unha única entidade, que deberá velar pola súa integridade.

2. Cando se trate de valores non admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais nin en sistemas multilaterais de negociación, a dita entidade será libremente designada pola emisora entre as empresas de servizos de investimento e entidades de crédito autorizadas para realizar a actividade prevista

no artigo 63.2.a). A designación deberá ser inscrita no Rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores previsto no artigo 92, como requisito previo ao comezo da xestión do rexistro contable. Os depositarios centrais de valores tamén poderán asumir esa función segundo os requisitos que, de ser o caso, se establezan na normativa aplicable e nos seus regulamentos.

3. Cando se trate de valores admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais ou en sistemas multilaterais de negociación, a entidade encargada da xestión do rexistro contable dos valores será o depositario central de valores designado que exercerá tal función xunto coas súas entidades participantes.

4. As entidades a que se refire este artigo responderán, fronte a quen resulte prexudicado, pola falta de práctica das correspondentes inscricións, polas inexactitudes e atrasos nelas e, en xeral, polo incumprimento intencionado ou por negligencia das súas obrigacións legais. O resarcimento dos danos causados, na medida do posible, deberase facer efectivo en especie.»

Catro. Engádesse un novo artigo 7 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 7 bis. *Sistema de rexistro e tenza de valores.*

1. Todo depositario central de valores que preste servizos en España adoptará un sistema de rexistro composto por un rexistro central e os rexistros de detalle a cargo das entidades participantes en tal sistema.

2. O rexistro central estará a cargo do depositario central de valores e recoñecerá a cada entidade participante que o solicite os seguintes tipos de conta:

a) Unha ou varias contas propias en que se anotarán os saldos de valores cuxa titularidade corresponda á entidade participante.

b) Unha ou varias contas xerais de terceiros en que se anotarán, de forma global, os saldos de valores correspondentes aos clientes da entidade participante ou aos clientes dunha terceira entidade que encomendase á entidade solicitante a custodia e o rexistro de detalle dos valores dos ditos clientes.

c) Unha ou varias contas individuais nas cales se anotarán, de forma segregada, os saldos de valores correspondentes a aqueles clientes das entidades participantes que soliciten a xestión deste tipo de contas no rexistro central.

3. Cada entidade participante con contas xerais de terceiros levará un rexistro de detalle, en que se reflectirá a que clientes corresponden os saldos de valores anotados nesas contas no rexistro central.

4. O Goberno desenvolverá, en relación coas distintas entidades ás cales se lles encomenda a xestión dos rexistros contables e os distintos tipos de valores, admitidos ou non a negociación en mercados secundarios oficiais ou en sistemas multilaterais de negociación, as normas de organización e funcionamento dos correspondentes rexistros, o réxime xurídico das diferentes contas de valores admisibles, as garantías e demais requisitos que lles sexan exixibles, os sistemas de identificación e control dos valores representados mediante anotacións na conta, así como as relacións daquelas entidades cos emisores e a súa intervención na administración de valores. Poderanse determinar regulamentariamente as condicións e os supostos en que os depositarios centrais de valores poderán estar autorizados para realizar a xestión directa de contas de valores de clientes no rexistro central.»

Cinco. Modifícase o artigo 12 bis, que queda redactado como segue:

«Artigo 12 bis. *Traslado de valores e regra da pro rata.*

1. Declarado o concurso dunha entidade encargada da xestión do rexistro de valores representados mediante anotacións na conta ou dunha entidade participante no sistema de rexistro, os titulares de valores anotados nesas rexistros gozarán do

dereito de separación respecto dos valores inscritos ao seu favor e poderano exercer solicitando o seu traslado a outra entidade, todo isto sen prexuízo do disposto nos artigos 44 bis.8 e 70 ter.2.f).

2. Para efectos do previsto neste artigo, o xuíz do concurso e os órganos da administración concursal velarán polos dereitos que deriven de operacións en curso de liquidación no momento en que se declare o concurso dalgunha das entidades a que se refire o punto anterior. Para iso atenderán ás regras do correspondente sistema de compensación, liquidación e rexistro.

3. Os depositarios centrais de valores e demais entidades encargadas da xestión do rexistro de valores representados mediante anotacións na conta garantirán a integridade das emisións de valores. Os sistemas de rexistro xestionados por depositarios centrais de valores deberán ofrecer as suficientes garantías para que non existan descadramentos entre o rexistro central e os rexistros de detalle. Para tal fin, ademais do disposto nesta lei, estableceranse regulamentariamente os mecanismos de supervisión a cargo dos depositarios centrais de valores e os sistemas de control das súas entidades participantes, as situacións en que as posibles incidencias terán que ser notificadas ás autoridades supervisoras, así como os mecanismos e prazos para a súa resolución.

4. En todo caso e sen prexuízo do previsto no punto anterior, cando os saldos de valores cun mesmo código de identificación ISIN (*International Securities Identification Number*) anotados no conxunto de contas xerais de terceiros dunha entidade participante no rexistro central non resulten suficientes para satisfacer completamente os dereitos dos titulares dos valores co mesmo código de identificación ISIN inscritos no rexistro de detalle mantido pola dita entidade participante, distribuirase o saldo anotado no dito conxunto de contas xerais de terceiros a pro rata segundo os dereitos dos titulares inscritos no rexistro de detalle. Os titulares prexudicados posuirán un dereito de crédito fronte á entidade participante polos valores non entregados.

5. Cando existan dereitos reais limitados ou outra clase de gravames sobre os valores, e sen prexuízo dos pactos entre o garante e o beneficiario da garantía, unha vez aplicada a regra da pro rata, eses gravames entenderanse constituídos sobre o resultado da pro rata e dos créditos fronte á entidade participante que, de ser o caso, existan pola parte non satisfeita en valores.»

Seis. Modifícanse a letra g) do punto 2 e o punto 7 do artigo 31 bis, que quedan redactados como segue, e engádese un novo punto 8 coa seguinte redacción:

«g) Elaborar un proxecto de regulamento de mercado que conterà como mínimo as regras aplicables en materia de instrumentos financeiros negociables, emisores, membros, réxime de garantías, clases de operacións, negociación, regras sobre compensación, liquidación e rexistro de transaccións, distribución de dividendos e outros eventos corporativos, supervisión e disciplina do mercado e medidas de carácter organizativo relativas, entre outras materias, aos conflitos de interese e á xestión de riscos. Así mesmo, deberá preverse a consulta aos emisores de instrumentos financeiros admitidos a negociación no mercado e aos membros do mercado cando se propoña unha modificación substancial do seu regulamento.

7. Determinaranse regulamentariamente os valores negociables cuxas operacións realizadas nos segmentos de contratación multilateral dos mercados secundarios oficiais estarán suxeitas a mecanismos que permitan a súa ordenada liquidación e bo fin mediante a necesaria intervención dunha entidade de contrapartida central.

8. Con obxecto de atender a liquidación das operacións sobre valores negociables executadas en mercados secundarios oficiais, as súas sociedades reitoras subscribirán acordos con, ao menos, un depositario central de valores e, de ser o caso, cunha ou con varias entidades de contrapartida central, sen prexuízo do dereito dos emisores a dispor que os seus valores sexan rexistrados en calquera

depositario central de valores de conformidade co artigo 49 do Regulamento (UE) n.º 909/2014 e do dereito dos membros dos mercados secundarios oficiais a designar o sistema de liquidación conforme o establecido no artigo 44 quinquies desta lei.»

Sete. Engádesse un novo artigo 36 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 36 bis. *Liquidación de operacións.*

1. Os compradores e vendedores de valores negociables admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais quedarán obrigados, conforme as regras dese mercado, á entrega do efectivo e dos valores negociables desde que as súas respectivas ordes sexan executadas, mesmo cando a súa liquidación efectiva se efectúe con posterioridade.

2. O comprador dos valores negociables admitidos a negociación nun mercado secundario oficial adquirirá a súa titularidade cando aqueles queden anotados ao seu nome nas contas de valores conforme as regras do sistema de rexistro.

3. Os mercados secundarios oficiais determinarán nos seus regulamentos a data teórica de liquidación das operacións executadas e poderán establecer distintas datas en función dos valores negociables que vaian liquidar, dos segmentos de negociación e doutros criterios, de acordo coa normativa europea aplicable e en coordinación, de ser o caso, coas entidades de contrapartida central e cos depositarios centrais de valores que interveñan nos procesos de liquidación.»

Oito. Engádesse un novo artigo 36 ter, coa seguinte redacción:

«Artigo 36 ter. *Liquidación de dereitos ou obrigacións de contido económico asociados aos valores.*

1. A entidade emisora comunicará con antelación suficiente á sociedade reitora dos mercados secundarios oficiais en que, pola súa solicitude, estean admitidos a negociación os seus valores, así como ao depositario central de valores encargado do seu rexistro, os dereitos ou obrigacións de contido económico que os valores xeren tan pronto como se adoptase o acordo correspondente.

2. Tendo en conta as normas aplicables á contratación, compensación, liquidación e rexistro das operacións sobre os valores admitidos a negociación neses mercados, estas comunicacións deberán especificar as datas relevantes para o recoñecemento, exercicio, cumprimento e pagamento dos correspondentes dereitos e obrigacións.

3. Sen prexuízo do anterior, os beneficios, dereitos ou obrigacións inherentes á titularidade de accións e de valores equivalentes a accións serán de conta e proveito do adquirente desde a data da compra no correspondente mercado secundario oficial, mentres que o serán desde a data de liquidación da correspondente operación de compra no caso dos valores de renda fixa e demais valores non equivalentes a accións. En caso de atrasos ou outras incidencias no proceso de liquidación, poderán realizarse os axustes oportunos sobre a liquidación de tales dereitos ou obrigacións.»

Nove. Engádesse un novo artigo 36 quáter, coa seguinte redacción:

«Artigo 36 quáter. *Garantías orientadas a mitigar o risco de liquidación.*

1. Os membros dos mercados secundarios oficiais, os membros das entidades de contrapartida central e as entidades participantes dos depositarios centrais de valores gozarán *ex lege* dun dereito de garantía financeira pignoratícia dos recollidos no Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo, de reformas urxentes para o impulso á produtividade e para a mellora da contratación pública, exclusivamente sobre os valores ou o efectivo resultantes da liquidación de operacións por conta de clientes

persoas físicas ou xurídicas cando aquelas entidades tivesen que anticipar o efectivo ou os valores necesarios para atender a liquidación das ditas operacións por incumprimento ou declaración de concurso dos seus clientes.

2. Este dereito de garantía recaerá exclusivamente sobre os valores e o efectivo resultante das operacións non satisfeitas polos clientes, e asegurará exclusivamente o importe que as entidades beneficiarias deste dereito tivesen que adiantar para atender a liquidación das citadas operacións incluíndo, de ser o caso, o prezo dos valores que debesen entregar e as eventuais sancións e penalizacións que deberían ter aboado como consecuencia do incumprimento dos seus clientes.

3. A constitución e execución do referido dereito de garantía pignoratícia non requirirá formalidade ningunha, sen prexuízo do deber das entidades beneficiarias de conservar á disposición dos seus clientes a información acreditativa da concorrencia dos requisitos que se prevén neste punto e nos anteriores.

4. Os membros dos mercados secundarios oficiais, en caso de declaración de concurso dalgún dos seus clientes, poderán introducir nos ditos mercados e por conta do concursado, ordes de compra ou venda de valores de signo contrario ás operacións contratadas por conta daquel, cando a declaración de concurso se produza estando as operacións en curso de liquidación. Os membros das entidades de contrapartida central e as entidades participantes dos depositarios centrais de valores gozarán do mesmo dereito fronte aos seus clientes, que exercerán solicitando dos membros dos mercados secundarios oficiais a introdución das ordes de sentido contrario a que se refire este punto.

5. As disposicións dos puntos anteriores enténdense sen prexuízo das medidas de disciplina na liquidación a que se refiren os artigos 6 e 7 do Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014, e sen prexuízo das garantías a que se refire esta lei en favor dos mercados secundarios oficiais, depositarios centrais de valores e entidades de contrapartida central, que gozarán de preferencia fronte aos dereitos citados nos puntos anteriores.»

Dez. Modifícase o artigo 44 bis, que queda redactado como segue:

«Artigo 44 bis. *Os depositarios centrais de valores.*

1. A autorización como depositario central de valores, a súa revogación e o seu funcionamento, cando a dita entidade estea establecida en España, rexeranse polo disposto no Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014, polas disposicións desta lei e por calquera outra normativa española ou europea que lle resulte de aplicación.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores será a autoridade competente responsable da autorización, supervisión e sanción dos depositarios centrais de valores, de conformidade co Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014.

Os depositarios centrais de valores facilitarán á Comisión Nacional do Mercado de Valores e aos distintos organismos públicos supervisores, no ámbito das súas respectivas competencias, a información sobre as actividades de compensación, liquidación e rexistro nos sistemas xestionados por eles que aqueles lles soliciten, sempre que esa información estea á súa disposición e de acordo coa normativa aplicable.

2. Os depositarios centrais de valores que se constituían en España revestirán a forma de sociedade anónima. Os seus estatutos sociais e as súas modificacións, coas excepcións que, de ser o caso, se establezan regulamentariamente, requirirán a aprobación previa da Comisión Nacional do Mercado de Valores. O nomeamento dos membros do consello de administración, directores xerais e asimilados dos depositarios centrais de valores estará suxeito á autorización previa da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

A participación, directa ou indirecta, no capital dos depositarios centrais de valores quedará suxeita ao réxime de participacións significativas previsto no artigo 69 para as empresas de servizos de investimento, nos termos que regulamentariamente se determinen, entendéndose que terá, en todo caso, tal carácter calquera participación que alcance, de forma directa ou indirecta, ao menos o un por cento do capital ou dos dereitos de voto do depositario central de valores ou a que, sen chegar a esa porcentaxe, permita exercer unha influencia notable nel, nos termos que se determinen regulamentariamente.

Sen prexuízo do disposto no artigo 69.6, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá oporse á adquisición ou á transmisión dunha participación significativa no capital do depositario central de valores cando considere que é necesario para asegurar o bo funcionamento dos mercados ou dos sistemas de compensación, liquidación e rexistro de valores ou para evitar distorsións neles, así como por non darse un trato equivalente ás entidades españolas no país de orixe do adquirente.

Os depositarios centrais de valores contarán cos órganos e comités previstos no Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014.

3. Os depositarios centrais de valores rexeranse, ademais, por un regulamento interno cuxa aprobación e a das súas modificacións, coas excepcións que, de ser o caso, se establezan regulamentariamente, corresponderá á Comisión Nacional do Mercado de Valores, logo de informe do Banco de España. Este regulamento interno regulará o réxime de funcionamento dos depositarios centrais de valores, os servizos prestados por eles, o seu réxime económico, os procedementos de fixación e comunicación de tarifas, as condicións e principios baixo os cales prestarán os referidos servizos, os rexistros relativos aos servizos prestados e o réxime xurídico das súas entidades participantes. Así mesmo, o regulamento regulará os procedementos para xestionar a entrega de valores e o seu pagamento, a determinación do momento de firmeza das instrucións de liquidación, a política de xestión de riscos, así como as garantías de todo tipo que poidan ter que constituír as entidades participantes en función das actividades que desenvolvan.

O regulamento interno poderá ser desenvolvido mediante circulares aprobadas polo propio depositario central de valores. Estas circulares deberán ser comunicadas á Comisión Nacional do Mercado de Valores e ao Banco de España, nos termos que regulamentariamente se prevexan. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá oporse a elas, así como suspendelas ou deixalas sen efecto cando considere que infrinxen a lexislación aplicable, ou prexudican o funcionamento prudente e seguro do depositario central de valores e dos mercados de valores ou a protección dos investidores.

4. O regulamento interno e os estatutos terán carácter de normas de ordenación e disciplina do mercado de valores, e especificarán as obrigacións e os requisitos organizativos e procedementais necesarios para dar cumprimento ao disposto no Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014. O ministro de Economía e Competitividade ou, mediante a súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, poderá desenvolver a estrutura e o contido mínimo que deba ter o regulamento interno.

Así mesmo, os depositarios centrais de valores elaborarán unha memoria na cal deberán detallar a forma en que darán cumprimento aos requisitos técnicos, organizativos, de funcionamento e de xestión de riscos exixidos polo Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014, para desempeñar as súas funcións. O ministro de Economía e Competitividade ou, mediante a súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, poderá regular o modelo a que se deba axustar esa memoria. O depositario central de valores manterá actualizada a citada memoria, cuxas modificacións se remitirán á Comisión Nacional do Mercado de Valores, debidamente motivadas.

5. Determinaranse regulamentariamente as funcións concretas de seguimento e control que deberán exercer os depositarios centrais de valores sobre as súas entidades participantes, os requisitos de solvencia exhibibles ás súas entidades participantes, os tipos de entidades que poderán acceder á condición de entidade participante, os requisitos de organización contable, medios técnicos, obrigacións específicas de información á Comisión Nacional do Mercado de Valores e cantos outros aspectos se consideren necesarios para o seu adecuado funcionamento, atendendo, entre outros, a criterios de proporcionalidade en función do seu nivel de actividade.

Así mesmo, os depositarios centrais de valores remitirán á Comisión Nacional do Mercado de Valores, nos termos que regulamentariamente se prevexan, o seu orzamento estimativo anual, en que se expresarán detalladamente os prezos e as comisións que vaian aplicar, así como as posteriores modificacións que introduzan no seu réxime económico. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá requirir ao depositario central de valores a ampliación da documentación recibida e poderá establecer excepcións ou limitacións aos prezos máximos deses servizos cando poidan afectar a solvencia financeira do depositario central de valores, provocar consecuencias perturbadoras para o desenvolvemento do mercado de valores ou os principios que o rexen, ou introducir discriminacións inxustificadas entre os distintos usuarios dos servizos da entidade.

6. Os depositarios centrais de valores poderán externalizar os seus servizos básicos, establecer convenios con entidades de contrapartida central, mercados secundarios oficiais e sistemas multilaterais de negociación ou enlaces con outros depositarios centrais de valores de conformidade co disposto no Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014, nesta lei, na súa normativa de desenvolvemento e no regulamento a que se refire o punto 3 anterior.

7. Declarado o concurso dunha entidade participante nos sistemas xestionados polos depositarios centrais de valores, estes últimos gozarán de dereito absoluto de separación respecto dos bens ou dereitos en que se materialicen as garantías constituídas por esas entidades participantes nos sistemas xestionados polos depositarios centrais de valores. Sen prexuízo do anterior, o sobranse que reste despois da liquidación das operacións garantidas incorporárase á masa activa do concurso do participante.

8. Declarado o concurso dunha entidade participante nos sistemas a que se refire este artigo, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, sen prexuízo das competencias do Banco de España e do Fondo de Resolución Ordenada Bancaria, poderá dispor, de forma inmediata e sen custo para o investidor, o traslado dos seus rexistros contables de valores a outra entidade habilitada para desenvolver esta actividade. Se ningunha entidade está en condicións de facerse cargo dos rexistros sinalados, esta actividade será asumida polo depositario central de valores correspondente de modo provisional, até que os titulares soliciten o traslado do rexistro dos seus valores. Para estes efectos, tanto o xuíz do concurso como a administración concursal facilitarán o acceso da entidade a que lle vaian traspasar os valores á documentación e aos rexistros contables e informáticos necesarios para facer efectivo o traspaso. A existencia do procedemento concursal non impedirá que se fagan chegar ao cliente os valores comprados de acordo coas normas do sistema de compensación, liquidación e rexistro ou o efectivo procedente do exercicio dos dereitos económicos ou da venda dos valores.»

Once. Modifícanse os puntos 2 e 3 do artigo 44 ter, que quedan redactados como segue:

«2. A entidade de contrapartida central deberá revestir a forma de sociedade anónima e deberá estar recoñecida como sistema para os efectos da Lei 41/1999, do 12 de novembro, sobre sistemas de pagamentos e de liquidación de valores.

Para facilitar o exercicio das súas funcións, as entidades de contrapartida central poderán acceder á condición de participante dos depositarios centrais de valores que a admitan como tal, de calquera outro sistema de liquidación de valores e instrumentos financeiros ou dun mercado regulado ou sistema multilateral de negociación, cando cumpran coas condicións que requira cada sistema e sempre que a participación da entidade de contrapartida central nel non comprometa a seguridade nin a solvencia da dita entidade.

3. As entidades de contrapartida central non poderán estar autorizadas como depositario central de valores.»

Doce. Engádesse o artigo 44 septies, coa seguinte redacción:

«Artigo 44 septies. *Sistema de información para a supervisión da negociación, compensación, liquidación e rexistro de valores negociables.*

1. Os depositarios centrais de valores que presten servizos en España deberán establecer un sistema de información, transmisión e almacenamento de datos que sirva como ferramenta de intercambio e tratamento da información para a realización das actividades de compensación, liquidación e rexistro de valores admitidos a negociación nun mercado secundario oficial e que permita supervisar a correcta xestión do rexistro de valores, tanto a nivel de rexistro central como de rexistros de detalle.

2. O sistema previsto no punto anterior deberá recoller, ao menos, as operacións, eventos e anotacións susceptibles de dar lugar a variacións nos saldos de valores de cada titular tanto no rexistro central como nos rexistros de detalle.

3. O sistema de información para a supervisión da negociación, compensación, liquidación e rexistro de valores negociables deberá cumprir o seguinte:

a) Garantir a rastrexabilidade das transaccións realizadas sobre valores admitidos a negociación nun mercado secundario oficial de valores desde a contratación até a súa anotación no rexistro de valores e viceversa, así como coñecer o seu estado.

b) Facilitar a transmisión da información necesaria para realizar a compensación, liquidación e rexistro de valores, así como coñecer o estado das ditas operacións.

c) Facilitar o control dos riscos e das garantías exhibibles polas correspondentes entidades e infraestruturas de mercado.

d) Informar diariamente as entidades emisoras sobre a titularidade dos valores emitidos por estas cando así o soliciten.

4. O depositario central de valores, na súa calidade de responsable e xestor do sistema de información, transmisión e almacenamento de datos, deberá cumprir as seguintes obrigacións:

a) Establecer os medios necesarios para que a información se introduza no sistema de acordo coas normas establecidas e sexa completa.

b) Permitir a introdución da información necesaria no prazo previsto.

c) Dotar de suficiente seguridade e confidencialidade a información subministrada, de maneira que as entidades que introduzan información no sistema accedan exclusivamente aos datos estritamente necesarios para a súa actividade ou a aqueles para os cales estean autorizadas.

d) Asegurar o mantemento e a continuidade do sistema.

e) Permitir o acceso non discriminatorio das infraestruturas de mercado e entidades implicadas nos procesos de compensación e liquidación de valores.

5. O sistema de información nutrirase da información que estarán obrigados a proporcionar, segundo o que se dispoña regulamentariamente, os mercados

secundarios oficiais, as entidades de contrapartida central e os depositarios centrais de valores, así como os seus respectivos membros ou entidades participantes. As referidas entidades serán responsables da integridade e veracidade da información comunicada por cada unha delas a través do dito sistema e conservarán a propiedade sobre esa información.

6. A información almacenada no sistema non poderá ser utilizada nin transmitida para fins distintos dos previstos na lei, salvo que medie autorización da respectiva entidade subministradora, sen prexuízo das obrigacións de información fronte á Comisión Nacional do Mercado de Valores ou ao Banco de España no exercicio das súas respectivas competencias.

7. Os depositarios centrais de valores subscribirán os correspondentes contratos en que establecerán as relacións xurídicas necesarias para o adecuado funcionamento do sistema. Así mesmo, publicarán as regras de funcionamento do sistema de información establecendo os dereitos, obrigacións e responsabilidades das persoas que xestionarán e que farán uso da información almacenada no sistema. A Comisión Nacional do Mercado de Valores aprobará estas regras e as súas modificacións. Tanto as regras como as súas modificacións serán previamente examinadas polo comité de usuarios do depositario central de valores, quen poderá facer chegar á Comisión Nacional do Mercado de Valores as súas observacións ao respecto.

8. Con pleno respecto aos principios de igualdade de trato e non discriminación, as entidades de contrapartida central e depositarios centrais de valores estranxeiros con que os depositarios centrais de valores celebren convenios ou establezan enlaces poderán acceder a este sistema e quedarán obrigados a subministrar a información necesaria para que se cumpran os seus fins, de conformidade co previsto neste artigo. Estas infraestruturas deberán solicitar aos seus membros ou participantes a información necesaria para realizar adecuadamente a súa función.»

Trece. Engádesse o artigo 44 octies, coa seguinte redacción:

«Artigo 44 octies. *Seguimento e control do correcto funcionamento dos sistemas de negociación, compensación, liquidación e rexistro de valores.*

1. Sen prexuízo das facultades de supervisión, inspección e sanción que corresponden á Comisión Nacional do Mercado de Valores de acordo co título VIII, as sociedades reitoras dos mercados secundarios oficiais, as entidades de contrapartida central e os depositarios centrais de valores que presten servizos en España deberán velar, no ámbito das súas respectivas competencias, polo correcto funcionamento e eficiencia dos procesos de negociación, compensación e liquidación de transaccións e de rexistro de valores.

2. Facúltase o Goberno para desenvolver regulamentariamente o contido da función prevista no punto anterior, incluíndo as obrigacións e facultades para o seu adecuado exercicio.»

Catorce. Suprímese o artigo 54.

Quince. Modifícase o artigo 57, que queda redactado como segue:

«1. O rexistro dos valores negociados no mercado de débeda pública en anotacións corresponderá á Sociedade de Xestión dos Sistemas dos Servizos de Rexistro, Compensación e Liquidación de Valores a que se refire a disposición adicional décimo sétima e ás súas entidades participantes autorizadas para iso en virtude da súa condición de entidades xestoras do mercado de débeda pública.

2. Poderán ser titulares de conta a nome propio no mercado de débeda pública en anotacións e manter conta como entidades participantes en nome propio no sistema de rexistro da Sociedade de Sistemas, ademais do Banco de España, os sistemas e organismos compensadores e liquidadores dos mercados secundarios oficiais e os sistemas de compensación interbancaria co obxecto de xestionar o

sistema de garantías, así como quen cumpra os requisitos que para o efecto se establezan no regulamento do mercado.»

Dezaseis. Engádesse un novo punto 7 ao artigo 60 coa seguinte redacción:

«7. O previsto neste artigo non resultará de aplicación en caso de utilización dos instrumentos, competencias e mecanismos de resolución establecidos na Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento.»

Dezasete. Modifícase o parágrafo segundo da letra f) do punto 2 do artigo 70 ter, que queda redactado como segue:

«Iniciado o procedemento concursal dunha entidade depositaria de valores, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, sen prexuízo das competencias do Banco de España e do Fondo de Resolución Ordenada Bancaria, poderá dispor, de forma inmediata e sen custo para o investidor, o traslado a outra entidade habilitada para desenvolver esta actividade dos valores depositados por conta dos seus clientes, incluso se tales activos se encontran depositados en terceiras entidades a nome da entidade que preste o servizo de depósito. Para estes efectos, tanto o xuíz competente como os órganos do procedemento concursal facilitarán o acceso da entidade a que lle vaian traspasar os valores á documentación e rexistros contables e informáticos necesarios para facer efectivo o traspaso. A existencia do procedemento concursal non impedirá que se fagan chegar ao cliente, de acordo coas normas do sistema de compensación, liquidación e rexistro, os valores comprados ou o efectivo procedente do exercicio dos dereitos económicos ou da venda dos valores.»

Dezaoito. Modifícanse as letras a) e b) do punto 1 do artigo 84, que quedan redactadas como segue:

«a) As sociedades reitoras dos mercados secundarios oficiais, as entidades reitoras dos sistemas multilaterais de negociación, as entidades de contrapartida central e os depositarios centrais de valores. Queda excluído o Banco de España.

b) A Sociedade de Bolsas e as sociedades que teñan a titularidade da totalidade das accións ou dunha participación que atribúa o control, directo ou indirecto, das entidades previstas na letra anterior.»

Dezanove. Modifícase o parágrafo final do artigo 95, que queda redactado como segue:

«En particular, consideraranse normas de ordenación e disciplina do mercado de valores:

1. O Regulamento (UE) n.º 648/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de xullo de 2012, relativo aos derivados extrabolsistas, ás entidades de contrapartida central e aos rexistros de operacións.

2. O Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, sobre os requisitos prudenciais das entidades de crédito e das empresas de investimento, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012.

3. O Regulamento (UE) n.º 909/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, sobre a mellora da liquidación de valores na Unión Europea e os depositarios centrais de valores, e polo que se modifican as directivas 98/26/CE e 2014/65/UE e o Regulamento (UE) n.º 236/2012.»

Vinte. Dáse unha nova redacción ao punto 3 bis e engádense os puntos 3 ter e 3 quáter do artigo 98, coa seguinte redacción:

«3 bis. Na publicación das sancións, tanto na páxina web da Comisión Nacional do Mercado de Valores como no “Boletín Oficial del Estado” incluírase información sobre o tipo e a natureza da infracción e a identidade da persoa física ou xurídica sobre a cal recaía a sanción.

3 ter. En relación co previsto no punto anterior, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá acordar, cando ao seu xuízo concorra algún dos supostos contidos no punto 3 quáter:

a) Que as sancións impostas pola aplicación dos tipos aplicables ás empresas de servizos de investimento contidos nas letras d), e), e bis), e ter), e quáter), e quinquies), e sexies), k), l), l bis), m), q), u), w), z), z septies), z octies) e z nonies) do artigo 99, os puntos c), c bis), g), g bis), k), n), ñ), p), t) e z septies) do artigo 100 e os puntos 3 a 7 do artigo 107 quáter, así como as impostas en virtude do disposto na Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, se publiquen mantendo confidencial a identidade dos suxeitos sancionados.

b) Que as sancións impostas pola aplicación dos tipos contidos nas letras m) e p) do artigo 99, letra j) do artigo 100 e no artigo 101.1, relativas a incumprimentos das obrigacións contidas nos artigos 35, 35 bis, 53 e 53 bis, se publiquen mantendo confidencial a identidade dos suxeitos sancionados, ou a súa publicación sexa aprazada.

c) En relación coas sancións impostas pola aplicación dos tipos contidos nos puntos 1 a 4 do artigo 107 quinquies:

1.º Demorar a publicación da sanción imposta até o momento en que cesen os motivos que xustifiquen o atraso da publicación.

2.º Publicar de maneira anónima a sanción imposta se esa publicación anónima garante unha protección efectiva dos datos de carácter persoal en cuestión. Neste caso, a publicación dos datos pertinentes poderá aprazarse por un período razoable de tempo se se prevé que no transcurso dese período deixarán de existir as razóns que xustifiquen unha publicación con protección do anonimato.

3.º Non publicar en ningún modo a sanción imposta se as opcións indicadas nas letras a) e b) anteriores se consideran insuficientes para garantir que non se poña en perigo a estabilidade dos mercados financeiros, así como a proporcionalidade da publicación desas sancións fronte a medidas que se consideran de menor importancia.

3 quáter. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá acordar as medidas previstas no punto 3 ter cando concorra algún dos seguintes supostos:

a) Cando a sanción se impoña a unha persoa física e, no caso das sancións a que se refire a letra c) do punto 3 ter, cando a sanción se impoña a unha persoa xurídica, e tras unha avaliación previa, a publicación dos datos de carácter persoal se considere desproporcionada.

b) Cando a publicación poida pór en perigo a estabilidade dos mercados financeiros ou unha investigación oficial ou penal en curso.

c) Cando a publicación poida causar un dano desproporcionado ás entidades ou persoas físicas implicadas, na medida en que se poida determinar o dano. Este suposto non será de aplicación ás sancións a que se refire a letra c) do punto 3 ter.»

Vinte e un. Engádense as letras c quinquies), c sexies), c septies), c octies), c nonies) e c decies) ao artigo 99, coa seguinte redacción:

«c quinquies) O incumprimento, polos depositarios centrais de valores e polas entidades participantes nos sistemas de rexistro, das normas sobre rexistro de valores do capítulo II do título I e do capítulo I do título IV, cando se produza un dano patrimonial a unha pluralidade de investidores.

c sexies) O incumprimento, por parte dos membros das entidades de contrapartida central, das súas obrigacións en materia de achega de garantías cando o incumprimento poña en perigo a xestión de riscos das entidades de contrapartida central, salvo cando ese incumprimento sexa consecuencia da situación de insolvencia ou concurso daqueles.

c septies) O incumprimento, por parte dos membros dos mercados secundarios oficiais e dos membros dos sistemas multilaterais de negociación, das obrigacións a que se refiren o artigo 31 bis.7 e o artigo 125.3 respectivamente ou a súa inadecuada coordinación coas entidades de contrapartida central e os seus membros, cando tales condutas non teñan un carácter meramente ocasional ou illado.

c octies) O incumprimento, por parte das sociedades reitoras de mercados secundarios oficiais, das entidades reitoras de sistemas multilaterais de negociación, das entidades de contrapartida central, dos depositarios centrais de valores e das entidades que presten servizos de investimento das súas obrigacións en materia de disciplina na liquidación a que se refiren os artigos 6 e 7 do Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014.

c nonies) O incumprimento por parte dos depositarios centrais de valores das obrigacións establecidas no artigo 44 septies, cando tal conduta non teña un carácter meramente ocasional ou illado.

c decies) O incumprimento, por parte dos mercados secundarios oficiais, dos sistemas multilaterais de negociación, das entidades de contrapartida central e dos depositarios centrais de valores, así como dos seus respectivos membros e entidades participantes, das obrigacións establecidas no artigo 44 septies.5, cando non se trate dun incumprimento meramente ocasional ou illado ou cando afecte gravemente o funcionamento do sistema de información a que se refire ese artigo.»

Vinte e dous. Engádense as letras z octies), z nonies), z decies), z undecies) e z duodecies) ao artigo 100, coa seguinte redacción:

«z octies) O incumprimento, polos depositarios centrais de valores e polas entidades participantes nos sistemas de rexistro, das normas sobre rexistro de valores do capítulo II do título I e do capítulo I do título IV, cando non constituía unha infracción moi grave.

z nonies) O incumprimento, por parte dos membros das entidades de contrapartida central, das súas obrigacións en materia de achega de garantías cando non constituía unha infracción moi grave salvo cando tal incumprimento sexa consecuencia da situación de insolvencia ou concurso daqueles.

z decies) O incumprimento, por parte dos membros dos mercados secundarios oficiais e dos membros dos sistemas multilaterais de negociación, das obrigacións a que se refiren os artigos 31 bis.7 e 125.3 respectivamente ou a súa inadecuada coordinación coas entidades de contrapartida central e os seus membros, cando tales condutas teñan un carácter meramente ocasional ou illado.

z undecies) O incumprimento, por parte dos mercados secundarios oficiais, dos sistemas multilaterais de negociación, das entidades de contrapartida central, dos seus respectivos membros e das entidades participantes dos depositarios centrais de valores, das obrigacións establecidas no artigo 44 septies.5, cando non se trate dunha infracción moi grave.

z duodecies) O incumprimento por parte dos depositarios centrais de valores das obrigacións establecidas no artigo 44 septies cando non constituía infracción moi grave.»

Vinte e tres. Engádense dous parágrafos á letra a) do punto 1 do artigo 102, coa seguinte redacción:

«No caso dos depositarios centrais de valores e das entidades de crédito designadas a que se refire o artigo 54.2.b) do Regulamento (UE) n.º 909/2014,

do 23 de xullo de 2014, que cometan as infraccións moi graves a que se refire o artigo 107 quinquies.1 e 3, a multa que se impoña ascenderá, como mínimo, ao dobre do importe do beneficio bruto obtido como consecuencia dos actos ou omisións en que consista a infracción, en caso de que se poida determinar, e como máximo, até a maior das seguintes cantidades: o quíntuplo do beneficio bruto obtido como consecuencia dos actos ou omisións en que consista a infracción; o dez por cento do volume de negocios total anual da entidade infractora, segundo as últimas contas dispoñibles aprobadas polo órgano de dirección; o cinco por cento dos fondos totais, propios ou alleos, utilizados na infracción, ou 20.000.000 de euros. Se a entidade infractora é unha matriz ou filial da empresa matriz que teña que elaborar estados financeiros consolidados, o volume de negocios total anual aplicable será o que figure nos últimos estados financeiros consolidados dispoñibles.

No caso de incumprimentos das obrigacións contidas nos artigos 35, 35 bis, 53 e 53 bis, que constitúan unha infracción moi grave, a multa que se imporá será:

i) No caso de persoas xurídicas, será por importe de até a maior das seguintes cantidades:

– 10.000.000 de euros ou o cinco por cento do seu volume de negocios anual total, segundo as últimas contas anuais aprobadas dispoñibles. Se a persoa xurídica é unha empresa matriz, ou unha filial dunha empresa matriz, que teña que establecer contas financeiras consolidadas de acordo coa normativa mercantil, o volume de negocios total que debe terse en conta será o volume de negocios anual total ou o tipo de ingreso correspondente, conforme a normativa sobre contabilidade aplicable, segundo a conta consolidada anual máis recente dispoñible, aprobada da empresa matriz última.

– O dobre do importe dos beneficios obtidos ou das perdas evitadas grazas ao incumprimento, en caso de que poidan determinarse.

ii) No caso de persoas físicas, será por importe de até a maior das seguintes cantidades: 2.000.000 de euros, ou o dobre do importe dos beneficios obtidos ou das perdas evitadas grazas ao incumprimento, en caso de que poidan determinarse.»

Vinte e catro. Engádese un cuarto parágrafo á letra a) do punto 1 do artigo 103, coa seguinte redacción:

«No caso dos depositarios centrais de valores e das entidades de crédito designadas a que se refire o artigo 54.2.b) do Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014, que cometan as infraccións graves a que se refire o artigo 107 quinquies.2 e 4, a multa que se impoña ascenderá, como mínimo, ao dobre do importe do beneficio bruto obtido como consecuencia dos actos ou omisións en que consista a infracción, en caso de que se poida determinar, e como máximo, até a maior das seguintes cantidades: o dobre do beneficio obtido como consecuencia dos actos ou omisións en que consista a infracción; o cinco por cento do volume de negocios total anual da entidade infractora, segundo as últimas contas dispoñibles aprobadas polo órgano de dirección; o dous por cento dos fondos totais, propios ou alleos, utilizados na infracción, ou 10.000.000 de euros. Se a entidade infractora é unha matriz ou filial da empresa matriz que teña que elaborar estados financeiros consolidados, o volume de negocios total anual aplicable será o que figure nos últimos estados financeiros consolidados dispoñibles.»

Vinte e cinco. Engádese un terceiro parágrafo á letra a) do punto 1 do artigo 105, coa seguinte redacción:

«No caso dos depositarios centrais de valores e das entidades de crédito designadas a que se refire o artigo 54.2.b) do Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014, que cometan as infraccións moi graves a que se refire o artigo 107 quinquies.1 e 3, a multa que se impoña será por importe de até 5.000.000 de euros.»

Vinte e seis. Engádesse un terceiro parágrafo á letra a) do punto 1 do artigo 106, coa seguinte redacción:

«No caso dos depositarios centrais de valores e das entidades de crédito designadas a que se refire o artigo 54.2.b) do Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014, que cometan as infraccións graves a que se refire o artigo 107 quinquies.2 e 4, a multa que se imporá será por importe de até 2.500.000 de euros.»

Vinte e sete. Modifícanse as letras f) e j) do punto 1 do artigo 106 ter, que quedan redactadas como segue:

«f) As ganancias obtidas ou, de ser o caso, as perdas evitadas como consecuencia dos actos ou omisións constitutivos da infracción, na medida en que se poidan determinar.

j) A colaboración coa Comisión Nacional do Mercado de Valores, sempre que a persoa física ou xurídica proporcionase elementos ou datos relevantes para o esclarecemento dos feitos investigados, sen prexuízo da necesidade de garantir a restitución dos beneficios obtidos ou das perdas evitadas por ela.»

Vinte e oito. Engádesse o artigo 107 quinquies, coa seguinte redacción:

«Artigo 107 quinquies. *Infraccións do Regulamento (UE) n.º 909/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014.*

1. Sen prexuízo das infraccións previstas no artigo 99, constitúen infracción moi grave dos depositarios centrais de valores, así como de quen desempeñe cargos de administración ou dirección nesas entidades, os seguintes incumprimentos do Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014:

a) A prestación dos servizos establecidos nas seccións A, B, e C do anexo do regulamento, incumprindo o disposto nos artigos 16, 25 e 54, salvo que teña un carácter meramente ocasional ou illado.

b) A obtención da autorización que establecen os artigos 16 e 54 mediante declaracións falsas ou calquera outro medio ilícito.

c) O incumprimento dos requisitos de capital contidos no artigo 47.1, cando con iso se poña en risco a solvencia ou viabilidade da entidade infractora ou do seu grupo.

d) O incumprimento, con carácter non meramente ocasional ou illado, ou con irregularidades substanciais, dos requisitos de organización contidos nos artigos 26 a 30.

e) O incumprimento, con carácter non meramente ocasional ou illado, ou con irregularidades substanciais, das normas de conduta incluídas nos artigos 32 a 35.

f) O incumprimento dos requisitos que deben reunir os servizos que presta, contidos nos artigos 37 a 41, cando con iso se poña en grave risco a integridade do sistema de liquidación ou rexistro, ou se prexudiquen gravemente os intereses dos participantes ou dos titulares de valores, ou se poñan en grave risco os valores dos participantes ou dos seus clientes.

g) O incumprimento dos requisitos prudenciais contidos nos artigos 43 a 47, cando con iso se poña en risco a solvencia ou viabilidade da entidade infractora ou do seu grupo.

h) O incumprimento dos requisitos que deben reunir os enlaces entre depositarios centrais de valores contidos no artigo 48, cando con iso se poña en grave risco a integridade e o funcionamento do sistema de liquidación ou rexistro.

i) O incumprimento do deber de conceder acceso tras ser requirido pola Comisión Nacional do Mercado de Valores de acordo cos artigos 49 a 53.

2. Sen prexuízo das infraccións previstas no artigo 100, constitúen infracción grave dos depositarios centrais de valores, así como daqueles que desempeñen cargos de administración ou dirección en tales entidades, o incumprimento das obrigacións a que se refire o punto 1.a) a h), excepto a letra b), cando non constitúan infracción moi grave.

3. Constitúen infracción moi grave das entidades de crédito designadas, así como daqueles que desempeñen cargos de administración ou dirección en tales entidades, os seguintes incumprimentos do Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014:

a) O incumprimento dos requisitos prudenciais específicos para o risco de crédito contidos no artigo 59.3, cando con iso se poña en risco a solvencia ou viabilidade da entidade infractora ou do seu grupo.

b) O incumprimento dos requisitos prudenciais específicos para o risco de liquidez contidos no artigo 59.4, cando con iso se poña en risco a solvencia ou viabilidade da entidade infractora ou do seu grupo.

4. Constitúe infracción grave das entidades de crédito designadas, así como daqueles que desempeñen cargos de administración ou dirección en tales entidades, o incumprimento dos requisitos a que se refire o punto 3.a) e b), cando non constituía infracción moi grave.

5. As infraccións previstas neste artigo serán sancionadas de conformidade co réxime previsto nesta lei.»

Vinte e nove. Modifícase o artigo 125, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 125. *Acordos de contrapartida central e de compensación e liquidación.*

1. Con obxecto de atender a liquidación das operacións sobre valores negociables executadas en sistemas multilaterais de negociación, as súas entidades reitoras subscribirán acordos con, polo menos, un depositario central de valores e, de ser o caso, cunha ou con varias entidades de contrapartida central, sen prexuízo do dereito dos emisores a dispor que os seus valores sexan rexistrados en calquera depositario central de valores de conformidade co artigo 49 do Regulamento (UE) n.º 909/2014.

As entidades reitoras dun sistema multilateral de negociación poderán subscribir, logo de comunicación á Comisión Nacional do Mercado de Valores, acordos con entidades de contrapartida central e depositarios centrais de valores doutro Estado membro, para a compensación ou liquidación dalgunhas ou todas as transaccións que conclúsen con membros do mercado dos seus respectivos sistemas. A Comisión Nacional do Mercado de Valores só poderá oporse á celebración dos referidos acordos cando considere que poidan menoscabar o funcionamento ordenado do sistema multilateral de negociación ou, no caso dun sistema de liquidación, as condicións técnicas non aseguren a liquidación eficaz e económica das operacións.

2. Será de aplicación aos sistemas multilaterais de negociación o establecido nos artigos 36 bis, 36 ter, 36 quáter e 44 septies para os mercados secundarios oficiais.

3. Determinaranse regulamentariamente os valores negociables cuxas operacións realizadas nos segmentos de contratación multilateral dos sistemas multilaterais de negociación estarán suxeitas a mecanismos que permitan a súa ordenada liquidación e bo fin mediante a necesaria intervención dunha entidade de contrapartida central.

4. A Comisión Nacional do Mercado de Valores terá en conta o labor de vixilancia do sistema de compensación e liquidación levado a cabo polo Banco de España ou polas demais autoridades con competencia na materia, para efectos de evitar repeticións innecesarias dos controis.»

Trinta. Modifícase a disposición adicional décimo sétima introducida pola Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional décimo sétima. *A Sociedade de Xestión dos Sistemas de Rexistro, Compensación e Liquidación de Valores e as sociedades propietarias de entidades de contrapartida central, depositarios centrais de valores e mercados secundarios oficiais españois.*

1. A «Sociedade de Xestión dos Sistemas de Rexistro, Compensación e Liquidación de Valores», en diante, a Sociedade de Sistemas, actuará como depositario central de valores de acordo co disposto no artigo 44 bis e desempeñará aquelas outras funcións que lle encomende o Goberno, logo de informe da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

2. As referencias contidas nesta lei ou noutras disposicións á «Sociedade de Xestión dos Sistemas de Rexistro, Compensación e Liquidación de Valores», á «Sociedade de Sistemas» e ao «Servizo de Compensación e Liquidación de Valores» entenderanse feitas aos depositarios centrais de valores salvo as previstas nos artigos 57 e 58.

3. Sen prexuízo das competencias que corresponden ás comunidades autónomas respecto dos sistemas de compensación, liquidación e rexistro de valores e dos mercados secundarios, o Goberno poderá autorizar, logo de informe da Comisión Nacional do Mercado de Valores, oídas as comunidades autónomas con competencia na materia e por proposta do ministro de Economía e Competitividade, que unha ou varias entidades adquiran, directa ou indirectamente, a totalidade do capital ou unha participación que atribúa ao ou aos adquirentes o control, directo ou indirecto, de todas ou algunhas das sociedades que administren entidades de contrapartida central, depositarios centrais de valores e mercados secundarios oficiais españois e que, a partir de tal adquisición, corresponda a esa ou esas entidades a titularidade do citado capital.

Terá a consideración de participación de control aquela que, de conformidade co capítulo V do título IV e coas súas normas de desenvolvemento, obrigaría a formular unha oferta pública de adquisición sobre a totalidade do capital da correspondente sociedade.

Corresponderá á Comisión Nacional do Mercado de Valores autorizar os estatutos polos cales se rexan esas entidades adquirentes e as súas modificacións, coas excepcións que se establezan regulamentariamente, así como autorizar o nomeamento dos membros do seu consello de administración e dos seus directores xerais, os cales deberán reunir os requisitos do artigo 67.2.f). Se as entidades adquirentes non teñen o seu domicilio social en España e os seus estatutos e modificacións e os requisitos dos membros do consello de administración e directores xerais fosen verificados pola autoridade competente doutro Estado membro da Unión Europea ou pola autoridade supervisora dun Estado non membro da Unión Europea cuxo réxime de organización e funcionamento sexa similar ao da Comisión Nacional do Mercado de Valores, corresponderá a esta última comprobar tales verificacións.

O Goberno, mediante real decreto, determinará o réxime aplicable ás ofertas de adquisición das accións representativas do capital das referidas entidades, o réxime de publicidade a que se deben someter as súas participacións accionarias, o réxime a que se deben suxeitar as citadas entidades para recoller nos seus estatutos sociais calquera limitación ou especialidade aos dereitos derivados das súas accións e calquera outro aspecto que sexa necesario para a aplicación da presente disposición e para garantir a adecuada supervisión de tales entidades.

Será necesaria autorización do Goberno para que a entidade ou, de ser o caso, entidades que posúan, directa ou indirectamente, a totalidade do capital ou unha participación de control de todas ou, de ser o caso, algunhas das sociedades a que

se refire o parágrafo primeiro deste punto poidan levar a cabo calquera acto dispositivo polo que deixen de ser titulares, directa ou indirectamente, da totalidade do capital social que teñan en cada unha das citadas sociedades ou polo que perdan o control, directo ou indirecto, destas últimas. Esta autorización outorgarase oídas as comunidades autónomas con competencia na materia, logo de informe da Comisión Nacional do Mercado de Valores e por proposta do ministro de Economía e Competitividade.

Non se aplicará o réxime de participacións significativas previsto nos artigos 31.6 e 44 bis.2 ás transmisións suxeitas ás autorizacións administrativas previstas na presente disposición.

A supervisión das citadas entidades corresponderá á Comisión Nacional do Mercado de Valores.»

Trinta e un. Suprímese a disposición adicional décimo sétima duplicada introducida pola Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro.

Trinta e dous. Engádesse unha disposición adicional vixésimo segunda co seguinte teor literal:

«Disposición adicional vixésimo segunda. *Bo funcionamento dos sistemas de compensación, liquidación e rexistro de valores.*

1. De conformidade cos estándares internacionais e co dereito da Unión Europea relativo ás entidades de contrapartida central, depositarios centrais de valores e demais infraestruturas do mercado financeiro, a Comisión Nacional do Mercado de Valores e o Banco de España velarán para que o funcionamento dos sistemas de compensación, liquidación e rexistro de valores nacionais preserve a estabilidade do sistema financeiro no seu conxunto. Con este obxectivo, esas autoridades avaliarán o grao de adaptación dos procedementos das infraestruturas de mercado españolas ás mellores prácticas e recomendacións internacionais, e elaborarán e publicarán un informe bienal.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores e o Banco de España, no prazo de 18 meses a partir da entrada en vigor desta lei, subscribirán un convenio de colaboración co obxecto de desenvolver o labor previsto no punto anterior. Este convenio determinará as súas respectivas funcións e responsabilidades na materia, así como o sistema de intercambio de información entre ambas as autoridades.

3. O previsto nesta disposición non alterará as competencias respectivas outorgadas a cada unha destas autoridades pola súa normativa reguladora.»

B) Para a mellora da transparencia dos emisores de valores:

Un. Dáse unha nova redacción ao primeiro parágrafo do punto 1 do artigo 35, nos seguintes termos:

«1. Cando España sexa Estado membro de orixe, os emisores cuxos valores estean admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea farán público e difundirán o seu informe financeiro anual no prazo máximo de catro meses desde a finalización de cada exercicio, e deberanse asegurar de que se mantén á disposición do público durante ao menos dez anos. Así mesmo, someterán as súas contas anuais a auditoría de contas. O informe de auditoría farase público xunto co informe financeiro anual.»

Dous. Dáse unha nova redacción ao primeiro parágrafo do punto 2 do artigo 35, nos seguintes termos:

«2. Cando España sexa Estado membro de orixe, os emisores cuxas accións ou valores de débeda estean admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea farán público e difundirán un informe financeiro semestral relativo aos seis primeiros meses do

exercicio, no prazo máximo de tres meses desde a finalización do período correspondente. Os emisores deberanse asegurar de que o informe se mantén á disposición do público durante ao menos dez anos.»

Tres. Modifícase a letra a) do punto 5 do artigo 35, que queda redactada como segue:

«a) Os Estados membros da Unión Europea, as comunidades autónomas, as entidades locais e as demais entidades análogas dos Estados membros da Unión Europea, os organismos públicos internacionais de que sexa membro ao menos un Estado membro da Unión Europea, o Banco Central Europeo, a Facilitade Europea de Estabilización Financeira (FEEF) establecida polo Acordo marco da FEEF e calquera outro mecanismo establecido co obxectivo de preservar a estabilidade financeira da unión monetaria europea proporcionando asistencia financeira temporal aos Estados membros cuxa moeda é o euro e os bancos centrais nacionais dos Estados membros da Unión Europea, emitan ou non accións ou outros valores; e»

Catro. Modifícase o primeiro parágrafo do punto 1 do artigo 35 bis, coa seguinte redacción:

«1. Os emisores cuxos valores estean admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea, cando España sexa Estado membro de orixe, farán pública e difundirán toda modificación producida nos dereitos inherentes a tales valores. Os emisores remitirán á Comisión Nacional do Mercado de Valores esa información para a súa incorporación ao rexistro oficial regulado no artigo 92.g).»

Cinco. Suprímese o punto 3 do artigo 35 bis.

Seis. Dáse unha nova redacción ao punto 3 do artigo 53, nos seguintes termos:

«3. Aplicarase igualmente o disposto nos puntos anteriores a quen posúa, adquira ou transmita, directa ou indirectamente, outros valores e instrumentos financeiros que confiran o dereito incondicional ou a facultade discrecional a adquirir accións que atribúan dereitos de voto ou instrumentos financeiros que estean referenciados a accións que atribúan dereitos de voto e teñan un efecto económico similar aos valores e instrumentos financeiros anteriormente mencionados, independentemente de se dan dereito ou non a liquidación mediante entrega física dos valores subxacentes, nos termos e co detalle que se determinen regulamentariamente.»

Sete. Engádese un novo parágrafo ao punto 1 do artigo 91, coa seguinte redacción:

«Ao exercer as súas facultades sancionadoras e de investigación, a Comisión Nacional do Mercado de Valores cooperará con outras autoridades competentes da Unión Europea para garantir que as sancións ou medidas produzan os resultados desexados e coordinará a súa actuación con outras autoridades cando se trate de casos transfronteirizos.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.*

O punto primeiro da disposición adicional décima da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, queda modificado da seguinte maneira:

«1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores, o Consello de Seguridade Nuclear, as universidades non transferidas, a Axencia Española de Protección de Datos, o Consorcio da Zona Especial Canaria, a Comisión Nacional dos Mercados

e da Competencia, o Consello de Transparencia e Bo Goberno, o Museo Nacional do Prado, o Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía e o FROB rexeranse pola súa lexislación específica e, supletoriamente, por esta lei.

O Goberno e a Administración xeral do Estado exercerán respecto de tales organismos as facultades que a normativa de cada un deles lles asigne, de ser o caso, con estrito respecto aos seus correspondentes ámbitos de autonomía.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.*

Modifícase a letra g) do punto 1 do artigo 11 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, coa seguinte redacción:

«g) Dos recursos contra os actos do Banco de España, da Comisión Nacional do Mercado de Valores e do FROB adoptados conforme o previsto na Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 41/1999, do 12 de novembro, sobre sistemas de pagamentos e de liquidación de valores.*

Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 6 da Lei 41/1999, do 12 de novembro, sobre sistemas de pagamentos e de liquidación de valores, nos seguintes termos:

«O Banco de España e a Comisión Nacional do Mercado de Valores notificarán á Autoridade Europea de Valores e Mercados os sistemas recoñecidos en virtude da presente lei que estean xestionados por eles ou por entidades suxeitas á súa supervisión ou vixilancia, e serán os organismos encargados de recibir ou enviar as comunicacións a que se refire o artigo 6.2 e 3 da Directiva 98/26/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de maio de 1998, sobre a firmeza da liquidación nos sistemas de pagamentos e de liquidación de valores. Así mesmo, proporcionarán sen demora á Autoridade Europea de Valores e Mercados, logo de solicitude desta, toda a información necesaria para o desempeño das súas funcións conforme o disposto no artigo 35 do Regulamento (UE) n.º 1095/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de novembro de 2010, polo que se crea unha autoridade europea de supervisión (Autoridade Europea de Valores e Mercados), se modifica a Decisión n.º 716/2009/CE e se derroga a Decisión 2009/77/CE da Comisión.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.*

Modifícase a disposición adicional segunda da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Disposición adicional segunda. *Réxime especial aplicable a entidades de crédito, empresas de servizos de investimento e entidades aseguradoras.*

1. Nos concursos de entidades de crédito ou entidades legalmente asimiladas a elas, empresas de servizos de investimento e entidades aseguradoras, así como entidades membros de mercados oficiais de valores e entidades participantes nos sistemas de compensación e liquidación de valores, aplicaranse as especialidades que para as situacións concursais estean establecidas na súa lexislación específica, salvo as relativas a composición, nomeamento e funcionamento da administración concursal.

2. Considérase lexislación especial, para os efectos da aplicación do punto 1, a regulada nas seguintes normas:

a) Artigos 10, 14 e 15 da Lei 2/1981, do 25 de marzo, de regulación do mercado hipotecario, así como as normas reguladoras doutros valores ou

instrumentos aos cales legalmente se atribúa o mesmo réxime de solvencia que o aplicable ás cédulas hipotecarias.

b) Artigo 16 do Real decreto Lei 3/1993, do 26 de febreiro, sobre medidas urxentes en materias orzamentarias, tributarias, financeiras e de emprego.

c) Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, no que respecta ao réxime aplicable ao sistema de compensación, liquidación e rexistro nela regulados, e ás entidades participantes en tales sistemas e, en particular, os artigos 12 bis, 36 quáter, 44 bis, 44 ter, 58 e 70 ter.2.f).

d) A disposición adicional quinta da Lei 3/1994, do 14 de abril, de adaptación da lexislación española en materia de entidades de crédito á segunda Directiva de coordinación bancaria.

e) Lei 13/1994, do 1 xuño, de autonomía do Banco de España, polo que respecta ao réxime aplicable ás garantías constituídas a favor do Banco de España, do Banco Central Europeo ou doutros bancos centrais nacionais da Unión Europea, no exercicio das súas funcións.

f) A disposición adicional terceira da Lei 1/1999, do 5 de xaneiro, reguladora das entidades de capital risco e das súas sociedades xestoras.

g) Lei 41/1999, do 12 de novembro, sobre sistemas de pagamentos e de liquidación de valores.

h) Os artigos 26 a 37, ambos inclusive, 39 e 59 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto lexislativo 6/2004, do 29 de outubro, e o texto refundido do Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, aprobado polo Real decreto lexislativo 7/2004, do 29 de outubro.

i) O capítulo II do título I do Real decreto Lei 5/2005, do 11 de marzo, de reformas urxentes para o impulso á produtividade e para a mellora da contratación pública.

j) Lei 6/2005, do 22 de abril, sobre saneamento e liquidación das entidades de crédito.

k) A Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento.

l) O artigo 34 da Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización.

3. As normas legais mencionadas no punto anterior aplicaranse co alcance subxectivo e obxectivo previsto nelas ás operacións ou contratos que nelas se prevén e, en particular, as referidas ás operacións relativas aos sistemas de pagamentos e de liquidación e compensación de valores, operacións dobres, operacións con pacto de recompra ou cando se trate de operacións financeiras relativas a instrumentos derivados.»

Disposición derradeira sexta. *Modificación da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.*

Os puntos 1 e 2 do artigo 54 bis quedan redactados da seguinte forma:

«Artigo 54 bis. *Condicións para a xestión transfronteiriza de IIC por sociedades xestoras autorizadas en España de conformidade coa Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, e para a prestación de servizos noutros Estados membros.*

1. As SXIIC autorizadas en España de conformidade coa Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, poderán xestionar IIC establecidas noutro Estado membro, xa sexa directamente ou mediante o establecemento dunha sucursal, sempre que a SXIIC estea autorizada a xestionar ese tipo de IIC. Adicionalmente poderá prestar noutro Estado membro os servizos a que se refire o artigo 40.2 para os cales fose autorizada.

2. Toda xestora que se propoña xestionar IIC establecidas noutro Estado membro por primeira vez comunicará á Comisión Nacional do Mercado de Valores a seguinte información:

- a) O Estado membro en que se propoña xestionar as IIC directamente ou mediante o establecemento dunha sucursal ou se se van prestar servizos a que se refire o artigo 40.2 para os cales fose autorizada, e
- b) un programa de actividades en que se indiquen, en particular, os servizos que se propoña prestar e se identifiquen as IIC que se propoña xestionar.»

Disposición derradeira sétima. *Modificación do Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo, de reformas urxentes para o impulso á produtividade e para a mellora da contratación pública.*

Un. Modifícase o artigo segundo do Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo, de reformas urxentes para o impulso á produtividade e para a mellora da contratación pública, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo segundo. *Obxecto.*

O obxecto deste capítulo é incorporar ao ordenamento xurídico español as disposicións da Directiva 2002/47/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de xuño de 2002, sobre acordos de garantía financeira, así como ordenar e sistematizar a normativa vixente aplicable aos acordos de compensación contractual e ás garantías de carácter financeiro. Establécense, ademais, os efectos derivados da apertura dun procedemento concursal ou dun procedemento de liquidación administrativa sobre tales acordos e garantías.

Os artigos sexto, punto 2; noveno, puntos 2 a 5; décimo primeiro; décimo quinto, punto 4, e décimo sexto, punto 1, non serán de aplicación nos supostos en que se impida ou limite a execución dos acordos sobre garantías financeiras ou se limite a eficacia dos acordos sobre activos peñorados, os acordos de liquidación por compensación ou os acordos de compensación, nos termos previstos nos capítulos VI e VII da Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento e a súa normativa de desenvolvemento, ou nos termos previstos noutra normativa aplicable que persiga fins e conte con salvagardas equivalentes ás contidas nesa lei.

As disposicións do presente capítulo entenderanse sen prexuízo da normativa aplicable sobre crédito ao consumo e da normativa sobre recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento.»

Dous. Modifícase a letra d) do punto 1 do artigo cuarto, que pasa a ter a seguinte redacción:

«d) Os organismos reitores dos mercados secundarios oficiais ou dos sistemas multilaterais de negociación e as sociedades que xestionan sistemas de compensación, liquidación e rexistro de valores e instrumentos financeiros, así como as entidades de contrapartida central, axentes de liquidación ou cámaras de compensación a que se refire a Lei 41/1999, do 12 de novembro, sobre sistemas de pagamentos e de liquidación de valores, e as entidades similares que actúen nos mercados de opcións, futuros e derivados, así como os membros e entidades participantes de todas as anteriores infraestruturas cando actúen na súa condición de tales.»

Tres. Engádese a letra f) no punto 2 do artigo quinto, coa seguinte redacción:

«f) Operacións de contado sobre os valores negociables previstos no artigo 2, parágrafo primeiro, da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, admitidos

a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea ou nun sistema multilateral de negociación.»

Disposición derradeira oitava. *Modificación da Lei 6/2005, do 22 de abril, sobre saneamento e liquidación das entidades de crédito.*

A Lei 6/2005, do 22 de abril, sobre saneamento e liquidación das entidades de crédito, queda modificada como segue:

Un. No artigo 2 engádense os seguintes puntos:

«1.d) As empresas de servizo de investimento, definidas no artigo 4.1, do Real decreto 217/2008, e as súas sucursais establecidas en Estados membros distintos a aqueles en que teñen a súa sede.

2. En caso de aplicación dos instrumentos de resolución e de exercicio das competencias de resolución previstos pola Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, as disposicións desta lei tamén se aplicarán ás entidades financeiras, empresas e empresas matriz incluídas no ámbito de aplicación da Lei 11/2015, do 18 de xuño.

3. Os artigos 6 e 13 desta lei non se aplicarán cando se aplique o artigo 21 da Lei 11/2015, do 18 de xuño.

4. O artigo 4 desta lei non se aplicará cando se aplique o artigo 59 da Lei 11/2015, do 18 de xuño.»

Dous. No artigo 3 engádense os seguintes puntos:

«7. Entre as medidas de saneamento inclúense a aplicación dos instrumentos e o exercicio das competencias de resolución previstas pola Lei 11/2015, do 18 de xuño.

8. Para os efectos previstos nesta lei enténdese por sucursal unha sede de explotación que constituía unha parte, desprovista de personalidade xurídica, dunha entidade, e que efectúe directamente, de modo total ou parcial, as operacións inherentes á actividade dunha entidade.

9. Para os efectos previstos nesta lei enténdese por instrumento financeiro:

a) un contrato que dea lugar tanto a un activo financeiro para unha parte como a un pasivo financeiro ou instrumento de capital para a outra parte,

b) un instrumento especificado no anexo I, sección C, da Directiva 2014/65/UE do Parlamento e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativa aos mercados de instrumentos financeiros e pola que se modifican a Directiva 2002/92/CE e a Directiva 2011/61/UE.

c) un instrumento financeiro derivado,

d) un instrumento financeiro primario ou

e) un instrumento de efectivo.

Os instrumentos recollidos nas letras a), b) e c) consideraranse instrumentos financeiros só cando o seu valor derive do prezo dun instrumento financeiro subxacente, outro elemento subxacente, un tipo ou un índice.»

Tres. As letras d) e e), do punto 1 do artigo 8 quedan redactadas como segue:

«d) O exercicio dos dereitos de propiedade ou doutros dereitos sobre instrumentos financeiros cuxa existencia ou transferencia supoña unha inscrición nun rexistro, nunha conta ou nun sistema de depósito centralizado mantidos ou situados nun Estado membro da Unión Europea, rexerese pola lexislación do Estado membro en que se estableza ou se sitúe o rexistro, a conta ou o sistema de depósito centralizado en que estean inscritos tales dereitos. Para estes efectos, enténdese por instrumentos financeiros todos aqueles indicados na sección C do anexo I da

Directiva 2014/65/UE do Parlamento e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativa aos mercados de instrumentos financeiros e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012.

Sen prexuízo do anterior e do establecido nos artigos 66 e 70 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, as operacións con pacto de recompra e as transaccións realizadas dentro dun mercado regulado ou dun sistema organizado multilateral de negociación rexeranse exclusivamente pola lei aplicable ao contrato que rexa tales pactos ou transaccións.

e) Sen prexuízo do establecido nos artigos 66 e 70 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, os acordos de compensación contractual e de novación rexeranse exclusivamente pola lei aplicable ao contrato que rexa tales acordos.»

Disposición derradeira novena. *Modificación do Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital.*

Engádesse unha disposición adicional décima ao texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décima.

1. Para os efectos da Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, a xunta xeral das sociedades cotizadas suxeitas a esta lei poderá, por unha maioría de dous terzos dos votos validamente emitidos, acordar ou modificar os estatutos sociais indicando que a xunta xeral en que se decida sobre unha ampliación de capital sexa convocada nun prazo inferior ao establecido no artigo 176 desta lei, sempre e cando esa xunta non se celebre nun prazo inferior a dez días a partir da convocatoria, se cumpran as condicións dos artigos 8 a 10 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, e a ampliación de capital sexa necesaria para evitar as condicións de resolución establecidas nos artigos 19 a 21 desta lei.

2. Para efectos do disposto no punto anterior, non se aplicarán os prazos previstos nos artigos 179.3 e 519.2 desta lei.»

Disposición derradeira décima. *Modificación do Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, polo que se crea o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.*

O Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, polo que se crea o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito, queda modificado como segue:

Un. O artigo 5 queda redactado como segue:

«Artigo 5. *Entidades adheridas.*

1. Todas as entidades de crédito españolas pertencerán con carácter obrigatorio ao Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito previsto neste real decreto lei.

A obrigación establecida no parágrafo anterior non será de aplicación ao Instituto de Crédito Oficial.

O Banco de España comunicará á Autoridade Bancaria Europea, coa maior brevidade posible, a adhesión dunha entidade de crédito ao Fondo.

2. As sucursais de entidades de crédito de Estados non membros da Unión Europea que operen en España incorporaranse ao Fondo nos supostos e forma que regulamentariamente se determinen. Non obstante o anterior, cando estas entidades ofrezan un nivel de protección aos depositantes igual ou superior ao establecido neste real decreto lei e na súa normativa de desenvolvemento, poderase dispor a súa non adhesión ao Fondo.

3. O incumprimento das obrigacións dunha entidade de crédito fronte ao Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito será tipificado como infracción grave, de conformidade co establecido na Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación supervisión e solvencia de entidades de crédito, salvo que o incumprimento teña un carácter ocasional ou illado ou sexa emendado nun período de tempo razoable.

Estes incumprimentos serán comunicados polo Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito ao Banco de España quen, logo de consulta ao Fondo, impondrá as medidas necesarias para que a entidade retorne ao cumprimento das súas obrigacións.

As entidades de crédito poderán ser excluídas do Fondo unha vez que fracasasen as medidas adoptadas conforme o parágrafo anterior. Será competente para acordar a exclusión o titular do Ministerio de Economía e Competitividade, por proposta do Banco de España e logo de informe da Comisión Xestora do Fondo.

4. As entidades de crédito que desexen trasladar a súa actividade a outro Estado membro da Unión Europea deberanllo comunicar ao Fondo con, ao menos, seis meses de antelación. Durante o período que transcorra até o traslado, a entidade contribuirá ao compartimento de garantía de depósitos nos termos previstos neste real decreto lei e na súa normativa de desenvolvemento.

As achegas ao compartimento de garantía de depósitos do Fondo por entidades de crédito que transfiran a súa actividade a outros Estados membros da Unión Europea e queden, por tanto, suxeitas a outro sistema de garantía de depósitos serán transferidas ao dito sistema nos termos que regulamentariamente se determinen.

En ningún caso se reembolsarán achegas aboadas antes dos 12 meses previos ao traslado nin as realizadas en virtude do artigo 6.2.b). A entidade en cuestión, antes de transferir a súa actividade, deberá satisfacer os importes que existisen pendentes de desembolsar por achegas aprobadas conforme o dito artigo.»

Dous. Modifícase o artigo 6, que queda redactado como segue:

«Artigo 6. *Patrimonio.*

1. Para o cumprimento das súas funcións o Fondo nutrirase dos seguintes recursos:

- a) As achegas anuais previstas nos puntos seguintes.
- b) As derramas que realice o Fondo entre as entidades adheridas a el, distribuídas segundo a base de cálculo das achegas e cos límites que regulamentariamente se determinen. Estas derramas rexistraranse como patrimonio unha vez que sexan acordadas.
- c) Os recursos captados nos mercados de valores, préstamos ou calquera outra operación de endebedamento.

En todo caso, cando o patrimonio do Fondo resulte insuficiente para o desenvolvemento das súas funcións, o Fondo realizará as actuacións necesarias para restaurar a súa suficiencia.

Adicionalmente, o compartimento de garantía de depósitos poderá nutrirse dos compromisos de pagamento das entidades fronte ao Fondo sempre que tales compromisos:

- a) Estean integramente apoiados por garantías de activos de baixo risco, libres de cargas e de libre disposición para o Fondo.
- b) Non excedan o 30% dos recursos totais dispoñibles do compartimento.

2. Os recursos obtidos conforme o punto anterior asignaranse a un dos seguintes compartimentos contablemente separados en que se dividirá o Fondo:

- a) Compartimento de garantía de depósitos
- b) Compartimento de garantía de valores.

Cada compartimento responderá exclusivamente dos custos, gastos e obrigacións que expresamente lle atribúan este real decreto lei e a súa normativa de desenvolvemento.

En todo caso, o Fondo asignará a cada compartimento as obrigacións derivadas da captación dos recursos obtidos conforme a letra c) do punto anterior atendendo á utilización prevista dos recursos captados.

Adicionalmente, a contribución de cada compartimento aos custos, gastos e obrigacións que non fosen atribuídos expresamente a ningún compartimento calcularase en función do importe dos depósitos ou os valores que garante cada compartimento, nos termos que regulamentariamente se determinen.

3. A Comisión Xestora determinará o importe das achegas anuais das entidades ao compartimento de garantía de depósitos.

As achegas anuais calcularanse en función do importe dos depósitos garantidos de cada entidade e o seu perfil de risco.

O Banco de España desenvolverá os métodos necesarios para que as achegas sexan proporcionais ao perfil de risco das entidades. Para estes efectos, terá en conta, entre outros, os seguintes factores:

a) A diferenza entre o nivel legal previsto para os principais indicadores derivados da normativa de solvencia e o efectivamente mantido pola entidade.

b) A diferenza entre o volume de fondos propios e pasivos computables para o requisito mínimo de fondos propios e pasivos admisibles, exixido á entidade de conformidade coa Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, e o efectivamente mantido pola entidade.

c) As directrices que, de ser o caso, establecece ao respecto a Autoridade Bancaria Europea en virtude do artigo 13.3 da Directiva 2014/49/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, relativa aos sistemas de garantía de depósitos.

d) A fase do ciclo económico e o impacto das achegas procíclicas.

4. Os recursos financeiros dispoñibles do compartimento de garantía de depósitos deberán alcanzar como mínimo o 0,8 por cento do importe dos depósitos garantidos.

Non obstante, o Fondo poderá solicitar á Comisión Europea a redución deste nivel até o 0,5 por cento atendendo a factores como:

a) A escasa probabilidade de que unha parte significativa dos recursos do compartimento de garantía de depósitos se utilice para medidas de protección dos depositantes distintas de procedementos de resolución.

b) A probabilidade de que as entidades de crédito se vexan suxeitas a procedementos de resolución en caso de quebra, debido ao alto grao de concentración do sector bancario e ao gran volume dos activos das principais entidades.

5. As achegas anuais previstas no punto 1.a) ao compartimento de garantía de valores non poderán superar o 0,3 por cento do importe dos valores garantidos.

6. As achegas a un compartimento suspenderanse cando o fondo patrimonial non comprometido en operacións propias do obxecto do dito compartimento iguale ou supere o 1 por cento dos importes totais garantidos polo compartimento.»

Tres. Os puntos 1 e 2 do artigo 8 quedan redactados como segue:

«1. O Fondo, con cargo unicamente ao compartimento de garantía de depósitos, satisfará aos seus titulares o importe dos depósitos garantidos nos termos previstos regulamentariamente cando se produza algún dos seguintes feitos:

a) Que a entidade fose declarada ou se teña xudicialmente por solicitada a declaración en concurso de acredores.

b) Que, téndose producido impagamento de depósitos, o Banco de España determine que a entidade se encontra na imposibilidade de restituílos inmediatamente por razóns directamente relacionadas coa súa situación financeira. O Banco de España tomará esa determinación coa maior brevidade posible e, en calquera caso, deberá resolver dentro do prazo máximo que se determine regulamentariamente, tras comprobar que a entidade non logrou restituír os depósitos vencidos e exixibles.

2. O Fondo, con cargo unicamente ao compartimento de garantía de valores, satisfará aos titulares de valores ou outros instrumentos financeiros confiados a unha entidade de crédito os importes garantidos cando se produza algún dos seguintes feitos:

a) Que a entidade de crédito fose declarada ou se teña xudicialmente por solicitada a declaración de concurso de acredores, e esas situacións supoñan a suspensión da restitución dos valores ou instrumentos financeiros; non obstante, non procederá o pagamento deses importes se, dentro do prazo previsto regulamentariamente para iniciar o seu desembolso, se levanta o concurso mencionado.

b) Que, téndose producido a non restitución dos valores ou instrumentos financeiros, o Banco de España determine que a entidade de crédito se encontra na imposibilidade de restituílos no futuro inmediato por razóns directamente relacionadas coa súa situación financeira. O Banco de España tomará esa determinación coa maior brevidade posible e, en calquera caso, deberá resolver sobre a procedencia da indemnización dentro do prazo máximo que se determine regulamentariamente.»

Catro. Engádesse un novo parágrafo ao final do punto 1 do artigo 10 coa seguinte redacción:

«Adicionalmente, quedarán garantidos os seguintes depósitos con independencia do seu importe durante tres meses contados a partir do momento en que o importe fose aboado ou a partir do momento en que tales depósitos pasasen a ser legalmente transferibles:

a) Os procedentes de transaccións con bens inmoables de natureza residencial e carácter privado.

b) Os que deriven de pagamentos recibidos polo depositante con carácter puntual e estean ligados ao matrimonio, ao divorcio, á xubilación, ao despedimento, á invalidez ou ao falecemento.

c) Os que estean baseados no pagamento de prestacións de seguros ou na indemnización por prexuízos que sexan consecuencia dun delito ou dun erro xudicial.»

Cinco. O artigo 11 queda redactado como segue:

«Artigo 11. *Medidas de apoio á resolución dunha entidade de crédito.*

1. Para o cumprimento da función prevista no artigo 4 e en defensa dos depositantes cuxos fondos están garantidos e do propio Fondo, este poderá adoptar medidas de apoio á resolución dunha entidade de crédito con cargo ao compartimento de garantía de depósitos.

Para estes efectos, cando unha entidade de crédito se encontre nun proceso de resolución conforme o disposto na Lei 11/2015, do 18 de xuño, o Fondo, dentro do marco do plan de resolución aprobado, participará no financiamento da resolución de entidades de crédito consonte o artigo 53.7 da citada lei.

2. O Fondo poderá solicitar á Comisión Reitora do FROB a información relativa ao proceso de resolución necesaria para facilitar a súa participación conforme o previsto neste artigo. Co traslado desta información, o Fondo quedará sometido ao réxime de deber de segredo previsto no artigo 59 da Lei 11/2015, do 18 de xuño.

3. O FROB determinará, logo de consulta co Fondo, o importe de que este sexa responsable. En calquera caso, o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito non poderá asumir un custo financeiro superior á menor das seguintes contías:

a) Á contía do desembolso que tería que realizar de optar, no momento de apertura do proceso de resolución, por realizar o pagamento dos importes garantidos en caso de liquidación da entidade. En caso de que, de acordo coa valoración posterior prevista no artigo 5.3 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, se conclúa que a contribución do Fondo á resolución foi maior que as perdas netas en que incorrería en caso de liquidación consonte a lexislación concursal, o Fondo de Resolución Nacional pagará ao Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito a diferenza entre ambas as contías.

b) Ao 50 por cento do nivel obxectivo fixado para o compartimento de garantía de depósitos en virtude do artigo 6.4.

4. Cando o Fondo realice pagamentos no contexto dun procedemento de resolución bancaria, terá dereito a reclamar á entidade de crédito de que se trate un importe igual aos seus desembolsos.

5. Excepcionalmente, sempre e cando non se iniciase un proceso de resolución, o Fondo poderá utilizar os seus recursos para impedir a liquidación dunha entidade de crédito cando:

a) O custo desta intervención sexa inferior ao pagamento dos importes garantidos en caso de materializarse a liquidación.

b) Se impoñan á entidade de crédito medidas específicas de retorno ao cumprimento da normativa de solvencia, ordenación e disciplina.

c) Se condicione a intervención ao compromiso da entidade de garantir o acceso aos depósitos garantidos.

d) O Fondo considere asumible o custo con cargo ás contribucións ordinarias ou extraordinarias das entidades adheridas.

Regulamentariamente poderanse especificar as condicións anteriores.»

Seis. Engádesse un novo artigo 12 coa seguinte redacción:

«Artigo 12. *Probas de resistencia.*

1. O Banco de España someterá ao Fondo, ao menos cada 3 anos, a probas de resistencia da súa capacidade para facer fronte ás súas obrigacións de pagamento en situacións de tensión.

2. O Fondo deberá facilitar ao Banco de España a información necesaria para realizar as probas de resistencia. O Banco de España unicamente poderá utilizar esta información para a realización desas probas e non a conservará máis tempo do necesario para tales fins.»

Sete. Engádesse unha disposición adicional coa seguinte redacción:

«Disposición adicional primeira. *División en compartimentos do patrimonio do Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.*

Os dereitos adquiridos e as obrigacións contraídas polo Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito antes da data de entrada en vigor da Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, atribuiranse exclusivamente ao compartimento de garantía de depósitos.»

Oito. Engádesse unha disposición adicional coa seguinte redacción:

«Disposición adicional segunda. *Prazo para dotación do Fondo de Garantía de Depósitos en Entidades de crédito.*

1. O nivel de recursos financeiros do Fondo de Garantía de Depósitos en Entidades de crédito exixido no artigo 6.4 deberase alcanzar non máis tarde do 3 de xullo de 2024.

Sen prexuízo do previsto no parágrafo anterior, a obrigación das entidades de contribuír unicamente nacerá cando o Fondo exixa, especificando para cada entidade a contía correspondente, as contribucións ordinarias ou extraordinarias, sen que poidan derivar obrigacións xerais de contribución previas a ese momento.

2. En caso de que no período comprendido desde a entrada en vigor da Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, e o 3 de xullo de 2024, os recursos financeiros dispoñibles alcancen o nivel previsto no punto anterior, pero posteriormente se reduzan por debaixo de dous terzos do dito nivel, as achegas anuais ao compartimento de garantía de depósitos fixaranse nunha contía tal que permitan recuperar o nivel obxectivo nun prazo máximo de seis anos.

3. Así mesmo, o prazo previsto no punto 1 poderá ser prorrogado até o 3 de xullo de 2028 se entre a entrada en vigor da Lei 11/2015, do 18 de xuño, e o 3 de xullo de 2024, os pagamentos realizados polo compartimento de garantía de depósitos superan o 0,8 por cento dos depósitos garantidos en 3 de xullo de 2024.»

Disposición derradeira décimo primeira. *Modificación da Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.*

A disposición adicional sétima da Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, queda redactada do seguinte modo:

«Disposición adicional sétima. *Normas aplicables nas entidades de crédito.*

Un. Indemnizacións por terminación do contrato.

1. As entidades participadas maioritariamente ou apoiadas financeiramente polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria (en diante, FROB), ou aquelas que, sendo obxecto de medidas de resolución, requiran financiamento do Fondo de Resolución Nacional ou do Fondo Único de Resolución Europea, non poderán satisfacer en ningún caso indemnizacións por terminación de contrato que excedan a menor das seguintes contías: a) dúas veces as bases máximas resultantes, respectivamente, das regras 3.^a e 4.^a do artigo 5.3 a) do Real decreto lei 2/2012, do 3 de febreiro, de saneamento do sector financeiro, ou b) dous anos da remuneración fixa estipulada.

2. Exceptúase da regra anterior o caso daqueles administradores e directivos que se incorporasen á entidade ou ao seu grupo con posterioridade ou de forma simultánea á toma de participación ou apoio financeiro do FROB ou ao financiamento do Fondo de Resolución Nacional ou do Fondo Único de Resolución Europea. Neste caso, o Banco de España, á vista das condicións contractualmente estipuladas e dos resultados do plan de saneamento, poderá autorizar cantidades superiores ás resultantes de aplicar as bases resultantes das regras 3.^a e 4.^a do artigo 5.3 a) do

Real decreto lei 2/2012, do 3 de febreiro, pero sempre co límite de dous anos da remuneración fixa orixinariamente estipulada.

Dous. Extinción do contrato de persoas que exerzan cargos de administración ou dirección nunha entidade de crédito por razón de imposición de sancións.

1. A imposición das sancións a que se refire os artigos 100 e 101 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, e os artigos 86 e 87 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, ás persoas que exerzan cargos de administración ou dirección nunha entidade de crédito en virtude dun contrato de traballo, incluídas as relacións laborais de carácter especial do persoal de alta dirección, considerarase, para efectos da lexislación laboral, como incumprimento contractual grave e culpable e, por tanto, causa de despedimento disciplinario, e poderá dar lugar á extinción do contrato polo empresario.

2. Así mesmo, a imposición de tales sancións considerarase como causa xusta de extinción ou resolución daqueles contratos que teñan unha natureza distinta da laboral.

3. Nos supostos de extinción do contrato de conformidade co previsto nos puntos anteriores, as persoas que exerzan cargos de administración ou dirección nunha entidade de crédito non terán dereito a ningunha indemnización pola dita extinción, calquera que sexa a súa contía ou a súa forma, e con independencia da norma xurídica, contrato, acordo ou pacto laboral individual ou de orixe colectiva e contrato, acordo ou pacto de natureza civil ou mercantil onde estea previsto o pagamento da indemnización.

Tres. Suspensión do contrato de persoas que exerzan cargos de administración ou dirección nunha entidade de crédito.

1. O contrato de traballo ou de calquera outra natureza das persoas que exerzan cargos de administración ou dirección nunha entidade de crédito poderase suspender polas seguintes causas:

a) Cando, de conformidade co artigo 112 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, se dispoña a suspensión provisional das persoas que, desempeñando cargos de administración ou dirección na entidade de crédito, aparezan como presuntos responsables de infraccións moi graves.

b) Cando, nos supostos previstos na Lei 10/2014, do 26 de xuño, ou na Lei 11/2015, do 18 de xuño, o supervisor ou as autoridades de resolución competentes acorden a substitución provisional dos órganos de administración ou dirección da entidade de crédito.

2. A suspensión do contrato a que se refire o punto anterior terá a mesma duración que a suspensión provisional ou a substitución provisional acordadas e suporá a exoneración recíproca das obrigacións de traballar ou prestar servizos e de remunerar polo traballo ou pola prestación daqueles.»

Disposición derradeira décimo segunda. *Modificación da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito.*

A Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, queda modificada como segue:

Un. O artigo 70 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 70. *Causas de intervención e substitución de administradores.*

1. Procederá a intervención dunha entidade de crédito ou a substitución provisional do seu órgano de administración ou dun ou de varios dos seus membros nos seguintes supostos:

a) De acordo co previsto na Lei 11/2015, do 18 de xuño, de resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento.

b) Cando existan indicios fundados de que a entidade de crédito se encontre nunha situación distinta das previstas no ámbito de aplicación da Lei 11/2015, do 18 de xuño, pero de excepcional gravidade e que poida pór en perigo a súa estabilidade, liquidez ou solvencia.

c) Cando se adquira unha participación significativa nunha entidade de crédito sen respectar o réxime previsto nesta lei ou cando existan razóns fundadas e acreditadas para considerar que a influencia exercida polas persoas que a posúan pode resultar en detrimento da súa xestión sa e prudente, que dane gravemente a súa situación financeira.

2. As medidas de intervención ou substitución a que se refire este artigo poderanse adoptar durante a tramitación dun expediente sancionador ou con independencia do exercicio da potestade sancionadora.»

Dous. O artigo 73 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 73. *Contido do acordo de intervención e substitución.*

1. O acordo designará a persoa ou persoas que deban exercer as funcións de intervención ou deban actuar como administradores provisionais, e indicará se tales persoas deben actuar conxunta, mancomunada ou solidariamente. As persoas designadas deberán contar coa capacidade, cualificación profesional e coñecementos adecuados para o desempeño destas funcións, así como non estar incurso en conflito de interese.

Así mesmo, o acordo determinará se esa intervención suporá a substitución do seu órgano de administración ou dun ou de varios dos seus membros e se o administrador provisional poderá exercer as súas funcións en colaboración co órgano de administración.

2. Este acordo, de carácter executivo desde o momento que se dite, será obxecto de inmediata publicación no «Boletín Oficial del Estado» e de inscrición nos rexistros públicos correspondentes. A publicación no «Boletín Oficial del Estado» determinará a eficacia do acordo fronte a terceiros.

3. Cando iso resulte necesario para a execución do acordo de intervención ou de substitución dos administradores poderase chegar á compulsión directa para a toma de posesión das oficinas, libros e documentos correspondentes ou para o exame destes últimos, sen prexuízo do previsto no artigo 96.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

4. O Banco de España poderá modificar, motivadamente e polo procedemento previsto neste capítulo, a medida de intervención ou substitución cando así o exixan as circunstancias.»

Disposición derradeira décimo terceira. *Modificación da Lei 22/2014, do 12 de novembro, pola que se regulan as entidades de capital risco, outras entidades de investimento colectivo de tipo cerrado e as sociedades xestoras de entidades de investimento colectivo de tipo cerrado, e pola que se modifica a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.*

Modifícanse os puntos 1 e 2 do artigo 81, que quedan redactados da seguinte forma:

«Artigo 81. *Condicións para a xestión transfronteiriza de ECR e EICC por sociedades xestoras autorizadas en España de conformidade coa Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, e para a prestación de servizos noutros Estados membros.*

1. As SXEIC autorizadas en España de conformidade coa Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, poderán xestionar ECR e EICC establecidas noutro Estado membro, xa sexa directamente ou mediante

o establecemento dunha sucursal, sempre que a SXEIC estea autorizada a xestionar ese tipo de entidades de investimento. Adicionalmente poderá prestar noutro Estado membro os servizos a que se refire o artigo 42.4 para os cales fose autorizada.

2. Toda xestora que se propoña xestionar unha ECR ou EICC establecida noutro Estado membro por primeira vez comunicará á Comisión Nacional do Mercado de Valores a seguinte información:

- a) O Estado membro en que se propoña xestionar a ECR ou EICC,
- b) se a xestión se vai realizar directamente ou mediante o establecemento dunha sucursal, ou se se van prestar os servizos a que se refire o artigo 42.4 para os cales fose autorizada, e
- c) un programa de actividade en que se indiquen, en particular, os servizos que se propoña prestar e se identifiquen as ECR ou EICC que se propoña xestionar.»

Disposición derradeira décimo cuarta. *Títulos competenciais.*

Esta lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.6.^a, 11.^a e 13.^a da Constitución española, que atribúen ao Estado a competencia sobre lexislación mercantil e procesual, bases da ordenación de crédito, banca e seguros, e bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente.

As disposicións derradeiras primeira a décimo terceira dítanse ao abeiro do título competencial expresado nas normas que son obxecto de modificación mediante estas disposicións.

Disposición derradeira décimo quinta. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta lei incorpóranse parcialmente ao dereito español a Directiva 2014/49/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, a Directiva 2014/59/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, e a Directiva 2013/50/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2013.

Disposición derradeira décimo sexta. *Facultade de desenvolvemento.*

O Goberno poderá ditar as normas regulamentarias necesarias para o desenvolvemento do disposto nesta lei.

Disposición derradeira décimo sétima. *Entrada en vigor.*

1. Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

2. Sen prexuízo do previsto no punto anterior:

a) As normas sobre recapitalización interna contidas no capítulo VI entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2016.

b) O previsto no novo artigo 12.1 introducido pola disposición derradeira décima no Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, non entrará en vigor até o 3 de xullo de 2017.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 18 de xuño de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY